



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 148

Sesión plenaria
20 de novembro de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único. Textos legislativos

1.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 (doc. núm. 61392, 11/PL-000027)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 583, do 20.10.2023

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 594, do 14.11.2023

1.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 61393, 11/PL-000028)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 583, do 20.10.2023

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 594, do 14.11.2023



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

A señora presidenta (Candia López) comunica a ausencia do presidente do Parlamento, don Miguel Ángel Santalices Vieira. (Páx. 6.)

Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado). (Páx. 6.)

Debate e votación das emendas á totalidade do grupo I, que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou centro xestor de gastos

Defensa das emendas: Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 21.) e Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 28.)

Intervención da Xunta: Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado). (Páx. 35.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 43.)

Rolda de réplica: Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 47.) e Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 50.)

Intervención da Xunta: Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado). (Páx. 53.)

Votación das emendas á totalidade do grupo I, que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou centro xestor de gastos

A señora presidenta (Candia López) anuncia a votación das emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos, formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 57.)

Votación conxunta das emendas á totalidade do grupo I, que postulan a devolución global dos orzamentos ou a devolución dos orzamentos das seccións ou centros xestores do gasto, do G. P. dos Socialistas de Galicia: rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención. (Páx. 57.)

Votación conxunta das emendas á totalidade do grupo I, que postulan a devolución global dos orzamentos ou a devolución dos orzamentos das seccións ou centros xestores do gasto, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención. (Páx. 57.)

Suspéndese a sesión á unha e vinte e tres minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto.



Debate e votación das emendas á totalidade do grupo II, que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións

Defensa das emendas: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 58.) e *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 62.)

Intervención da Xunta de Galicia: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 67.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 79.)

Rolda de réplica dos grupos emendantes: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 82.) e *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 85.)

Intervención da Xunta de Galicia: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 87.)

Votación das emendas á totalidade do grupo II, que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións

Votación conxunta das emendas do grupo II, que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións, do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 90.)

Votación conxunta das emendas do grupo II, que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 90.)

A señora presidenta (Candía López) anuncia que, ao seren rexeitadas as emendas á totalidade e ao estar fixada a contía global dos estados de gastos e ingresos, este proxecto de lei se trasladará á Comisión 3ª e seguirá a súa tramitación correspondente, consonte o disposto no artigo 114.4 do Regulamento da Cámara. (Páx. 91.)

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 91.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade, de devolución: *Sr. Caballero Miguez (S)* (Páx. 95.) e *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 100.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 104.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Caballero Miguez (S)* (Páx. 108.) e *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 110.)



Votación das emendas á totalidade, de devolución, presentadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

Votación conxunta das emendas á totalidade, de devolución, do G. P. dos Socialistas de Galicia, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 112.)

Votación conxunta das emendas á totalidade, de devolución, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *rexeitadas por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 113.)

Declaración institucional

A señora presidenta (Candia López) le unha declaración institucional, por proposta dos grupos parlamentarios, con motivo do Día Mundial da Infancia, que é aprobada por asentimento. (Páx. 113.)

Remata a sesión ás sete e vinte minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 596 —prego silencio aos señores e ás señoras deputadas—, do 16 de novembro de 2023, polo que non se procede á súa lectura.

No apartado de xustificación de inasistencias e delegacións de voto, xustifica a súa inasistencia o presidente, Miguel Ángel Santalices Vieira.

Entramos na orde do día, cun punto único.

Debate de totalidade do proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024

A señora PRESIDENTA (Candía López): Presentaron emendas o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

E, para presentar o proxecto de lei, ten a palabra o señor conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.

Como sabe, ten a palabra sen límite de tempo.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, bos días.

Comparezo hoxe ante o Pleno do Parlamento para presentar, como se acaba de indicar, o Proxecto de lei de orzamentos da Xunta de Galicia para o vindeiro ano 2024. Celebramos o debate económico máis importante do ano nun complexo e incerto contexto xeopolítico, complicado —como dicía— tanto no eido xeopolítico como económico e financeiro, ao que Galicia non pode ser allea. Tentarei expoñerlles o modelo orzamentario do Goberno galego para afrontar esta conxuntura.

Sen dúbida, os últimos meses están enmarcados polo endurecemento das políticas monetarias por parte dos bancos centrais das principais economías mundiais para tentar dar resposta ás persistentes presións inflacionistas que estamos a vivir, así como polos sinais de desaceleración da economía global —en gran medida derivada deste endurecemento das políticas monetarias—. É unha situación que afrontamos logo de que a crise sanitaria da covid chegase á súa fin de xeito oficial e de que os trastornos nas cadeas de subministración estean a retomar os niveis prepandemia.



Malia a conxuntura complicada, a actividade económica na primeira parte deste ano foi resistente e estivo caracterizada pola solidez dos mercados laborais, nuns meses nos que o aumento dos prezos foi moito menor en relación cos máximos acadados a mediados do ano pasado. De feito, o IPC está agora no contorno do 3,5 por cento —menos da metade que hai un ano—. Aínda así, existen complicacións no horizonte que non debemos desbotar, como a citada ralentización económica, a repunta dos prezos tras o verán, cunha inflación subxacente que, malia contar cunha tendencia á baixa, está por enriba dos niveis fixados como meta polos bancos centrais, e os conflitos abertos en Ucraína e Oriente Próximo. A isto súmase en España a inestabilidade política, que levou a estar sen formar goberno durante máis de tres meses, a estar sen a acción de goberno durante máis de medio ano —dende antes das municipais— e que, dende hai uns días, conta co executivo máis débil da historia da nosa democracia, pois, para tomar calquera decisión, dependerá de socios aos que o último que lles preocupa é a estabilidade do noso país.

Pola contra, desde o Goberno galego apostamos por achegar certezas a familias e empresas, e presentamos uns orzamentos que invisten en estabilidade, que invisten nas persoas e que invisten no futuro dos galegos, que pensan no hoxe pero tamén no mañá, e que afrontan os grandes retos que temos como sociedade en liña co deseñado no Plan estratéxico de Galicia 2020-2030.

Señorías, estes son os cuartos orzamentos da lexislatura e é bo momento para facer un balance desta en materia orzamentaria. Foi un período que comezou logo dos meses máis duros da pandemia e que, ano a ano, orzamento a orzamento, en Galicia conseguimos, en primeiro lugar, afrontar esta pandemia con menos efectos e logo superala ata situar no día de hoxe practicamente todos os indicadores en ratios pre-pandemia. E isto foi posible porque, máis aló da presentación cada ano dun novo orzamento, o Goberno galego ten un proxecto de país, un proxecto realista, previsible e ambicioso que consolida en cada exercicio e que vai adaptando á situación que require cada momento. Vexamos cales son as principais fortalezas.

Galicia consolida o seu crecemento, Galicia segue a súa propia traxectoria. A travesía dende a pandemia para a nosa economía —como dicía— foi diferente á da media de España. Logo de ter un menor impacto da pandemia, cunha caída dun 8,8 por cento, o noso PIB medrou con forza no ano 2021, un 5,2 por cento no ano 2022 e un 3,8 por cento no ano 2023, para superar xa a finais do ano pasado a riqueza pre-pandemia. Coa previsión de revisión á alza deste ano xa nos atopariamos, no peche do terceiro trimestre deste ano, con máis de dous puntos por riba da situación previa á pandemia. Ademais, o crecemento deste ano será máis vigoroso do previsto, pois agardamos pechar o exercicio cunha décima por riba da previsión do cadro macro dos orzamentos 2020-2023, no 1,8 por cento, grazas a unha demanda externa superior á prevista e a un primeiro semestre cun mellor comportamento do esperado. Para o ano 2024 a ralentización dos nosos socios e os efectos da política monetaria deixaranse notar, pero aínda así creceremos —a ritmo de PIB potencial— máis que no ano 2023, no contorno do 2 por cento —exactamente o 1,9 por cento—. Isto contrasta coa economía española, que se verá ralentizada respecto a este ano 2023.

Galicia consolida o seu emprego. Se analizamos os datos do mercado laboral, mesmo indo a finais do ano 2019 para evitar a distorsión do efecto da pandemia ao inicio da lexislatura, as



cifras son moi positivas. O número de ocupados aumentou en 48.400 ocupados e o número de desempregados baixou en 28.600. Con isto, a taxa de paro caeu dende un 11,7 por cento ata un 9,3 por cento no terceiro trimestre deste ano. E, se collésemos as cifras da lexislatura, o incremento aínda sería maior, o número de ocupados elevaríase a 61.800 ocupados mentres que o descenso de parados acadaría os 27.600. Isto non quere dicir que esteamos satisfeitos pero si que nos anima a seguir por este camiño, por este mesmo camiño, para continuar creando emprego e baixando o número de desempregados.

Galicia consolida a súa converxencia. Este é o corolario das dúas anteriores características. Esta boa tendencia vese confirmada ao longo do tempo en termos de PIB per cápita. A riqueza por habitante de Galicia, o crecemento de Galicia no período 2008-2022, é máis do dobre que o da media de España. En concreto, o avance de Galicia é do 12 por cento mentres que o do conxunto de España queda no 5,7 por cento. Polo tanto, o avance de converxencia de Galicia en termos de PIB per cápita é moi importante neste período, 5,3 puntos ata situarnos practicamente no 93 por cento da media española, o mellor dato histórico.

E Galicia consolida a súa competitividade e a súa apertura ao exterior. Outro aspecto relevante desta lexislatura, e unha das claves desta boa evolución do crecemento e da creación de emprego, sen dúbida é a boa marcha do noso sector exterior, que favorece a competitividade da nosa economía. Con datos do último ano pechado, o ano 2022, Galicia está a consolidar o seu mellor ciclo exportador. Xa antes da pandemia, no ano 2019, acadáramos cifras moi importantes —22.300 millóns de euros—, pero a evolución posterior aínda foi mellor. Xa superamos esa cifra no ano 2021, e o pasado ano chegamos ao récord de 29.900 millóns de euros como consecuencia deste esforzo. Hoxe en día as vendas ao exterior representan máis do 40 por cento do PIB.

En resumo, crecemento, emprego, converxencia e competitividade permítennos a quinta gran característica deste modelo orzamentario: Galicia consolida o reforzo dos servizos públicos, porque conta con recursos abondos para facelo. En cada orzamento a nosa primeira decisión de gasto, como Goberno galego, é reforzar o gasto social, a sanidade e a educación, así como as políticas sociais ou de emprego, como dicía. Levámolo facendo exercicio tras exercicio. Cando tiñamos orzamentos minguantes, o gasto social reforzaba o seu peso no conxunto dos orzamentos consolidados; e, con orzamentos á alza, aumenta o seu volume ata cifras nunca acadadas. Esta estratexia ten unha cifra para o ano 2024: case 1.800 millóns de euros de gasto social —nunha lexislatura na que cada ano dedicamos o orzamento máis elevado da historia a reforzar os servizos públicos—. Por iso no vindeiro exercicio, un ano máis, adicaremos á sanidade pública máis recursos ca nunca, 5.165 millóns de euros —supoñen 1.059 millóns de euros máis nesta lexislatura—. Adicaremos ao ensino público máis recursos ca nunca, 2.858 millóns de euros —un total de 393 millóns de euros máis esta lexislatura—. Adicaremos a políticas sociais máis recursos ca nunca, 1.303 millóns de euros —473 millóns de euros máis esta lexislatura—. E adicaremos ao emprego máis recursos ca nunca, 448 millóns de euros —un total de 166 millóns de euros máis esta lexislatura—. E para o vindeiro ano o montante de gasto social ten dúas características importantes: reforzamos a sanidade, a educación e as políticas sociais fundamentalmente con achegas ordinarias, e reforzamos estes servizos públicos sen recorrer ao endebedamento. ¿Que quere dicir isto? Que estamos a consolidar o gasto social no orzamento.



Señorías, esta aposta polo gasto social está sustentada —como xa avancei— en datos. E proba diso é que, se analizamos a distribución por recursos das consellerías para o vindeiro exercicio, se ve con claridade que a que máis incrementa o seu orzamento é a Consellería de Sanidade, con 218,6 millóns de euros máis que este ano; a continuación sitúase a Consellería de Política Social, con 128 millóns de euros máis —ademais de ser a única que sobe en porcentaxe de dous díxitos, un 12 por cento practicamente, proba do apoio da Xunta de Galicia ás familias dende a infancia ata as etapas de maiores—; e inmediatamente despois aparece a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, con 81,7 millóns de euros máis. Polo tanto, as tres consellerías que acaparan a maioría do gasto social concentran máis do 78 por cento do incremento do orzamento. *(Aplausos.)*

Como poden apreciar, a nosa aposta concrétese en datos. Galicia consolida un modelo fiscal competitivo. Se Galicia está entre as comunidades autónomas cun mellor tratamento fiscal para as rendas medias e baixas, é porque este goberno leva máis dunha década fortalecendo este modelo. E o ano 2024 non vai ser unha excepción. Para iso, o primeiro que decidimos foi consolidar todas as rebaixas fiscais xa en vigor. Entre estas, cómpre lembrar a última aprobada nos orzamentos do pasado ano, que entrará en vigor cando se presente nesta primavera a declaración da renda deste ano, a declaración do IRPF do ano 2023, que corresponde ás familias con dous fillos, para que poidan deducir 250 euros na cota do imposto; vantaxe que ata agora só tiñan as familias numerosas de categoría xeral. E, ademais, de xeito paralelo duplicamos esta contía para as familias numerosas, que pasarán a deducir 500 euros, e incrementamos esta dedución en 250 euros por cada fillo adicional.

Pero o vindeiro exercicio tamén incluírá novas rebaixas tributarias, neste caso no imposto de transmisións patrimoniais. Así rebaxamos un punto o tipo xeral na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas de bens inmoables, de tal forma que para a compra de vivendas usadas baixará este tipo do 9 por cento ao 8 por cento, diminución que se suma a outro punto que xa baixamos no ano 2022. A concreción desta medida será que unha persoa que merque unha vivenda usada a partir do vindeiro 1 de xaneiro de 2024 aforrará en torno a 1.000 euros por cada 100.000 euros que invista na súa compra. É unha rebaixa para o tipo xeral, pero hai que ter en conta que determinados colectivos xa contan con tipos moito máis reducidos, como os mozos de ata 36 anos, as familias numerosas, as persoas con discapacidade e as vítimas de violencia de xénero, que xa tributan por tipos reducidos e que mesmo chegan a non ter que pagar nada se fixan a súa residencia en zonas pouco poboadas. Para o ano 2024 tamén rebaxamos máis da metade o imposto de transmisións patrimoniais para a compra de vehículos usados, do 8 por cento ao 3 por cento, e eliminamos este imposto para as compras de vehículos cualificados como de baixas emisións e vehículos de mobilidade persoal. Son dúas decisións que axudarán, sen dúbida, a dinamizar as operacións nos sectores inmobiliario e automobilístico, e a solucionar parte dos problemas de mobilidade que sofren algunhas familias galegas.

Señorías, se hoxe Galicia está entre as comunidades autónomas cun mellor tratamento fiscal para as rendas medias e baixas é porque, ademais destas novidades para o ano 2024, seguimos cunha política fiscal que permite que Galicia siga a ser unha das comunidades autónomas co mellor tratamento fiscal para as herdanzas directas, con tipos reducidos para a compra de vivenda para mozos, familias numerosas, persoas con discapacidade e vítimas



de violencia de xénero —que mesmo non pagan, como lles acabo de dicir, nin un euro se mercan as súas vivendas en zonas pouco poboadas—, ou co programa —pioneiro en España— «Impostos cero no rural», que favorece, no que atinxe aos tributos totalmente cedidos á Comunidade Autónoma, que os galegos poidan vivir no rural e ademais vivir do rural sen pagar un céntimo nesta tributación. E este modelo fiscal e orzamentario tamén ten un número, un dato, unha cifra que o respalda: só nesta lexislatura as rebaixas fiscais da Xunta aforrarán 1.300 millóns de euros aos galegos e ás galegas en impostos. *(Aplausos.)*

Señorías, sempre me escoitarán referirme ao noso modelo de endebedamento como «responsable», que confirma os recursos con que conta o orzamento consolidado cada ano. Porque, como xa teño dito, é un recurso que non vemos como un fin, senón como un medio para blindar o financiamento dos servizos públicos —cando se producen caídas de ingresos, especialmente—. Iso si, é un recurso que empregamos de maneira controlada e limitada. Este modelo de endebedamento responsable é o que nos permitiu, pese a ter que afrontar dúas crises moi importantes —a financeira e a pandémica—, manter na actualidade unhas finanzas sólidas e solventes. Cada ano temos que escoitar que o endebedamento medrou. ¡Como non ía crecer este endebedamento coas dúas maiores crises deste século e do anterior! Fíxoo en todas as administracións, pero o que diferencia o noso modelo de endebedamento responsable é que o aumento foi controlado, salvagardando en todo momento a nosa solvencia financeira. Por iso Galicia non pode aceptar agora que se premie aqueles territorios que aumentaron o endebedamento sen control e ata límites non asumibles.

Señorías, o factor diferencial da nosa comunidade autónoma é que fomos a comunidade que menos aumentou o seu endebedamento dende o ano 2008, como xa tiveron ocasión de ilustrar sobradamente no Pleno desta Cámara. De feito, logo da crise financeira, Galicia xa iniciara unha senda de redución da súa ratio de endebedamento, que loxicamente se viu interrompida de maneira temporal pola covid e a necesidade de financiar as medidas extraordinarias para facer fronte á pandemia. Unha vez superada a emerxencia sanitaria, en Galicia levamos xa tres anos consecutivos de redución, polo que a ratio de débeda actual non só está por debaixo do nivel precovid, senón que está a niveis do ano 2013. Para que se entenda ben, Galicia ten a ratio débeda/PIB máis baixa dende hai unha década.

E outro aspecto moi positivo e relevante é que este menor endebedamento incide de xeito directo nun menor pago de xuros e, polo tanto, en máis recursos que se poden dedicar ás diferentes políticas de gasto, en máis recursos que se poden dedicar á educación, máis recursos que se poden dedicar á sanidade, máis recursos que se poden dedicar á política social e menos pago de xuros, como dicía.

Dareilles outro dato que non deixa lugar a dúbidas das vantaxes que este endebedamento responsable ten. Nos últimos catro anos a Xunta de Galicia obtivo uns aforros de case 500 millóns de euros no pago de xuros da débeda en comparación cos xuros pagados pola media das comunidades autónomas. E detrás dese resultado existe unha estratexia da Xunta de Galicia que nos últimos anos permitiu aproveitar as boas condicións de financiamento que ofrecían os mercados —con abundante liquidez, elevada demanda dos investidores e tipos de xuro historicamente baixos— para beneficiarnos destas condicións. Levamos a cabo unha reestruturación e un refinanciamento da carteira de débeda para acadar aforros nos gastos



financeiros e alongar a vida media desas operacións. Isto implicou, neses anos de políticas monetarias expansivas, o refinanciamento de operacións de débeda por importe de máis de 5.000 millóns de euros, o que mellorou as súas condicións financeiras e, como dicía, permitiu obter importantes aforros.

Ademais, e a través dunha estratexia de tipos de xuro fixos e a prazos medios e longos, fomos modulando unha estrutura de carteira de débeda a curto e medio prazo protexida do impacto derivado do endurecemento de tipos de xuro a curto prazo. Hoxe máis do 90 por cento da débeda da Xunta de Galicia está formalizada a tipos de xuro fixo, o que reduce o risco derivado da suba dos tipos de xuro. Por outra banda, o alongamento da vida media da carteira reduce a porcentaxe de débeda que ten que refinanciarse nos próximos anos. E por iso no ano 2024 tan só debe refinanciarse o 11 por cento da carteira de débeda. Con esta estratexia conseguimos rebaixar nos últimos exercicios os gastos financeiros ao nivel historicamente máis baixo en dúas décadas. E tamén se conseguiu acadar o ano pasado o tipo de xuro medio historicamente máis baixo da débeda da Comunidade Autónoma, un 0,62 por cento, logo de formalizar nos anos 2020 e 2021 varias operacións cun tipo de xuro negativo.

Señorías, Galicia conta coa confianza dos mercados, pois ofrece un marco institucional, económico e xurídico estable que achega certeza, seguridade e credibilidade aos investidores. Este marco de estabilidade permitiunos un bo acceso aos mercados de capitais para cubrir as nosas necesidades de financiamento en mellores condicións que outras administracións. Así queda reflectido nos indicadores de carga financeira, pois a nosa comunidade autónoma é a terceira que menos porcentaxe do seu orzamento adica ao pago da débeda, tan só o 0,87 por cento. Estoume referindo evidentemente aos xuros, porque, como ben saben, a amortización da débeda finánciase con novas emisións por importe análogo.

Agardo, señorías, ter explicado con detalle este modelo que permitiu que Galicia pasase de estar, co anterior goberno bipartito, entre as comunidades autónomas máis endebedadas a situarse —co Goberno central— entre as que menos. Na actualidade estamos 6,5 puntos por debaixo da media da ratio débeda/PIB das comunidades autónomas, mentres que co anterior goberno estabamos por enriba desa media. (*Aplausos.*)

Señorías, calquera comunidade quereda presentar o balance de Galicia en termos de endebedamento, porque ten efectos moi positivos para os galegos de hoxe e tamén para as xeracións vindeiras. E a situación do endebedamento seguirá mellorando, porque para o ano 2024, por primeira vez en dezaseis anos, como xa avancei, non incrementaremos o endebedamento neto. Pasaremos de 181 millóns de euros de incremento da débeda a un incremento cero da débeda no vindeiro exercicio. Esta estratexia de endebedamento responsable mantivo a nosa autonomía financeira ao servizo dos galegos, algo que nos diferencia doutras comunidades autónomas que agora reclaman quitas a unha Administración central da que renegan, como logo explicarei.

Galicia —para rematar—, e para isto serve en parte o endebedamento, tamén consolida o seu esforzo investidor. Señorías, outra das nosas fortalezas orzamentarias é que o esforzo investidor medra sen parar ano tras ano. Se analizamos o último ano pechado, o ano 2022, adicamos o 13 por cento do total do gasto non financeiro a investimentos —o que está entre



as comunidades autónomas cun maior esforzo investidor—. E para o ano 2024 volvemos reforzar os gastos de capital, que volven subir neste caso un 2,4 por cento ata os 2.838 millóns de euros, e cun aspecto moi relevante, pois, como xa dixen, o ano que vén a formación de capital da Comunidade Autónoma financiarase exclusivamente con recursos propios, co aforro bruto e con ingresos de capital sen xerar nova débeda. Ademais, gustaríame poñer en valor o esforzo investidor acumulado nesta lexislatura, pois nos últimos catro anos, entre o 2021 e o 2024, a cifra supera os 10.500 millóns de euros.

E todo isto tamén ten un corolario, todas estas finanzas solventes tamén teñen un corolario —que é moi útil para os cidadáns a maiores de financiar as políticas de gasto prioritarias—, e é que, mes a mes, Galicia confírmase entre as autonomías que pagan de xeito máis áxil aos nosos provedores, algo clave para facilitar liquidez a todos eles e a todo o mercado galego. Por referirnos ao último ano pechado, no ano 2022 pagamos aos nosos provedores nunha media de 14,9 días —a segunda comunidade autónoma que paga máis axiña e 10 días por debaixo da media estatal—. E así queremos seguir.

Consolidamos a planificación. Señorías, outra das nosas marcas de identidade é a planificación, pois somos o primeiro goberno autonómico que sometemos a nosa xestión á planificación estratéxica global. Logo de aprobar e executar dous plans estratéxicos nesta lexislatura, aprobamos un terceiro plan estratéxico que estamos a executar —e con resultados positivos no seu primeiro ano analizado, o ano 2022—. Entendemos a planificación estratéxica como a base dunha xestión encamiñada a resultados, a un autogoberno efectivo que rende contas con transparencia aos cidadáns aos que serve, que avalía os resultados e que identifica as oportunidades de mellora. A traxectoria que iniciamos hai xa máis dunha década, no ano 2010, demostrou que a planificación é un instrumento moi útil para o Goberno. E xa temos planificada a nosa folla de ruta para a presente década.

Señorías, ata aquí vai a explicación do noso modelo orzamentario e de como contribuíu ao benestar dos galegos e galegas. Vexamos agora como pensamos consolidar este modelo orzamentario coas contas para o vindeiro ano 2024.

Os orzamentos para o vindeiro ano tentan ser un estímulo que guíe o crecemento e o emprego perante a actual situación de incerteza —como dixen ao comezo da miña intervención—. Queremos poñer ao servizo dos galegos a estabilidade institucional que temos e aproveitar esta fortaleza co orzamento máis alto da historia —13.257 millóns de euros de gasto non financeiro—. A constancia, a previsibilidade e a estabilidade son valores económicos en si mesmos que cobran máis importancia na actualidade. Por iso para o vindeiro ano presentamos unhas contas que invisten en estabilidade, que invisten nas persoas e que invisten no futuro dos galegos.

Como xa expliquei, investir en estabilidade é manter unhas finanzas solventes que non xeren débeda e que consoliden os beneficios fiscais para que Galicia siga sendo unha das comunidades autónomas cun mellor tratamento para as rendas medias e baixas, un modelo que permite contar con maior renda ao dispor da cidadanía aproveitando o rigor orzamentario.



Investir nas persoas supón que nos orzamentos para o 2024 reforzamos os servizos públicos autonómicos e o apoio aos que máis o precisan apostando pola modernización dos servizos de saúde —coa inclusión de novas prestacións—, dos servizos sociais —en especial para aos maiores—; e reforzando o apoio ás familias, ás políticas de vivenda e mantendo o apoio aos que máis o precisan impulsando as medidas de integración no mercado laboral e a loita contra a exclusión.

E investir no futuro é sentar as bases do crecemento e do emprego futuros, fomentando as condicións financeiras para que o desenvolvemento dos proxectos transformadores que Galicia está a impulsar teñan éxito, en liña cos procesos europeos de muda do paradigma dixital, ecolóxico e enerxético, e aproveitando os fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea. Ademais, o escenario macroeconómico que presentamos, que conta co aval da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, prevé un crecemento moderado e sostido da economía galega, como xa indiquei. En concreto, estimamos que este ano medre o PIB un 1,8 por cento e o vindeiro ano un 1,9 por cento. Prevemos pechar este ano cun crecemento equilibrado, cunha achega da demanda interna de 0,8 puntos porcentuais e da demanda externa de 1 punto porcentual. O consumo privado incrementouse un 1,3 por cento no ano 2022, baseado, sobre todo, no crecemento da primeira parte do ano unha vez recuperada a normalidade tras a pandemia. Na segunda houbo unha contracción do consumo como consecuencia da suba de prezos. E neste ano 2023 estase a moderar pouco a pouco esta suba de prezos, principalmente da enerxía, o que, xunto á recuperación —tamén pouco a pouco— dos salarios reais, favorece o inicio da recuperación do consumo. Para o ano 2024 prevese manter unha recuperación do consumo unha vez que se estabilicen os prezos e que continúe esta senda de recuperación dos salarios reais. Ademais, prevese un aumento do consumo público en termos reais: no ano 2023 foi do 2,1 por cento e prevese o incremento do 1,5 por cento para o ano 2024.

Pola súa banda, a formación bruta de capital viuse moi afectada polas crises económica e sanitaria e polo actual clima de incerteza. A recuperación está a ser máis difícil do previsto perante a chegada dos fondos Next Generation-EU, en xeral, e dos PERTE, en particular; o que non axuda ás decisións de investimento das empresas. A escasa información sobre o importe que recibirá Galicia sobre estes fondos, así como a súa distribución temporal, dificulta medir o impacto na economía galega. Sen ter en conta os efectos inducidos, e supoñendo que Galicia reciba o 5 por cento do total dos fondos asignados a España e que se destinan principalmente a investimento, o impacto podería acadar os 0,9 puntos porcentuais nos anos 2023 e 2024.

A achega da demanda externa tamén será positiva no 2023 cun incremento das exportacións do 2,9 por cento e das importacións do 1 por cento. Para o ano 2024 prevese unha menor achega pola febleza dos nosos socios exteriores, como agora relatarei, cun aumento das exportacións dun 4,8 por cento e das importacións dun 4,7 por cento. A evolución da demanda dos nosos socios comerciais, como dicía, determinará o comportamento do comercio de Galicia. As previsións para as principais economías da nosa contorna son dun débil crecemento para o ano 2023 e unha recuperación no ano 2024 na medida en que se estabilicen os prezos. As exportacións ao resto de España estarán condicionadas pola evolución da economía española. Sobre o gasto dos non-residentes, a afluencia de viaxeiros a Galicia está crecendo



nos últimos anos —en especial nos últimos dous anos— e aínda ten marxe para crecer máis —principalmente polo turismo estranxeiro—. En relación co emprego, prevese un incremento do emprego nos dous anos, no ano 2023 e no ano 2024 —máis intenso neste ano 2023—. A taxa media de paro situouse en Galicia no 11 por cento xa no 2022, e a previsión é que se reduza ata o 9,4 por cento no ano 2024.

Señorías, os orzamentos para o vindeiro ano atenden as necesidades da sociedade galega, apostan polo reforzo e a modernización dos servizos públicos e apoian as familias, empresas e sectores máis vulnerables. Vexamos algúns exemplos de como se materializan esas prioridades en partidas orzamentarias.

Para o ano 2024, os gastos de persoal, os recursos que adicamos aos empregados públicos que prestan os servizos públicos, medran un 6 por cento e superan os 4.800 millóns de euros —tamén a maior cifra da historia—. E como os servizos públicos se prestan por persoas, acabamos de aprobar unha oferta de emprego público para o ano 2023, para a Administración xeral e para as entidades instrumentais, que ascende a 1.102 prazas, das que máis de 600 son de acceso libre. A estas prazas poden acceder aqueles mozos e mozas que cumpran cos requisitos exixidos nas correspondentes convocatorias e que queiran acceder a un posto da Administración galega. Ademais, a Xunta de Galicia creará máis de 1.700 prazas novas e estruturais no Sergas para o vindeiro ano, para reforzar os servizos existentes e poñer en marcha novas unidades. Esta medida suporá un investimento de máis de 60 millóns de euros. E, desas máis de 1.700 prazas, máis de 200 son para persoal médico; máis de 700, para enfermaría; máis de 450, para auxiliares de enfermaría; máis de 120, para persoal técnico superior sanitario; e preto de 100, para celadores.

No eido educativo, Galicia está a ser a primeira comunidade autónoma en retomar no 2024 os procesos ordinarios de oferta de emprego público, mantendo así a taxa de interinidade máis baixa do país, un 2 por cento estrutural fronte ao 25 por cento da media española. E isto é posible porque, dende o ano 2016, a Xunta incorporou 14.072 novos docentes ao sistema, coa renovación dun 46,2 por cento.

Para as políticas sociais crearemos un centenar de novos efectivos, outros 145 pasarán á xornada ordinaria, e haberá outros 42 postos de nova creación derivados de novas prazas de inspectores e para reforzar os equipos de valoración da dependencia e discapacidade.

E, finalmente, na xustiza crearanse prazas derivadas da creación de tres unidades xudiciais vencelladas á loita contra a violencia de xénero nos seguintes xulgados: no Xulgado de Primeira Instancia número 16 da Coruña, no Xulgado de Primeira Instancia número 7 de Lugo e na Audiencia Provincial de Pontevedra.

Por outra banda, se temos en conta os gastos de funcionamento dos servizos públicos e como axudamos as familias, podemos salientar varias actuacións que conforman este investimento nas persoas, do que falaba ao comezo da miña intervención. De feito, o marcado carácter social das contas da Xunta verase reflectido, por exemplo, nunha medida nova e pioneira: a gratuidade do transporte público da Xunta para os maiores de 65 anos. Dende o vindeiro 1 de xaneiro, os 52.720 maiores de 65 que xa dispoñen da Tarxeta da Mobilidade



de Galicia poderán desprazarse gratis no autobús interurbano da Xunta, no barco da ría de Vigo e no Feve da área de Ferrol. Esta medida, á que se poderán acoller simplemente solicitando a Tarxeta da Mobilidade de Galicia, permitiralles realizar ata 60 viaxes ao mes de balde nalgunha das máis de 3.500 liñas de transporte público da Xunta. Os maiores de 65 anos súmanse deste xeito á gratuidade da que xa desfrutan preto de 160.000 mozos galegos menores de 21 anos coa tarxeta Xente Nova, que lles está a permitir aforros nos seus desprazamentos de ata 1.000 euros por ano. Son parte das solucións que a Consellería de Infraestruturas habilita para favorecer a mobilidade dos galegos, (*Aplausos.*) solucións que se engaden á conxelación das peaxes das autoestradas en concesión de competencia da Comunidade Autónoma, cando non pagamos integramente o seu custo, como na autovía Alto de Santo Domingo-Ourense.

Ademais, no ano 2024 daranse os primeiros pasos cara á universalización dos coidados ás persoas en situación de dependencia, con axudas accesibles para todas elas sen importar o seu grao de dependencia ou renda. Con este obxectivo asígnase unha partida económica de case 100 millóns de euros para poñer en marcha o Bono Coidado no Fogar, unha axuda pública universal de 5.000 euros ao ano que beneficiará a máis de 20.000 galegos que son coidados nas súas casas por un familiar, un veciño ou outra persoa da súa confianza. Así mesmo, para aquelas que precisen atención as vinte e catro horas do día créase un complemento —tamén universal— ao Bono Residencia. As persoas con esta prestación recibirán un apoio económico extra de 1.200 euros ao ano para o pago dun centro da súa preferencia. Resérvanse 55 millóns de euros para este complemento, que chegará a 10.000 persoas en situación de dependencia.

Ademais, mantemos por segundo ano consecutivo a gratuidade das escolas infantís de 0 a 3 anos, unha medida pioneira en España e, sen dúbida, unha das mellores medidas de conciliación habilitadas no noso país. (*Aplausos.*) Conxelamos o prezo dos comedores escolares, financiamos o incremento do seu custo e tamén mantemos conxeladas un ano máis as taxas universitarias e as taxas administrativas xerais.

Noutra gran prioridade, a vivenda, contaremos con case 215 millóns de euros para desenvolver políticas e actuacións tanto neste eido como en solo empresarial, unha contía histórica que supón incrementar un 21 por cento os fondos adicados a esta materia no ano.

Por outra banda, incluímos medidas para favorecer o dinamismo do sector empresarial e a dinamización económica. Así, para facilitarlles a vida ás empresas, centralizaremos e simplificaremos trámites coa creación da Oficina Económica de Galicia, un órgano de asesoramento técnico e administrativo adscrito ao Instituto Galego de Promoción Económica —o Igape—, que funcionará como única canle de interlocución coa empresa e estará dotado con 5,7 millóns de euros. Queremos axilizar a tramitación administrativa e avanzar na dixitalización e automatización de procedementos.

Ademais, activaremos 95,7 millóns de euros en instrumentos financeiros en catro novas liñas de apoio ás empresas: a atracción e implementación de iniciativas, fomento da sustentabilidade e da competitividade, unha liña específica de apoio ás *startups* e unha liña de impulso á internacionalización.



Igualmente, acometemos un plan de aceleración de proxectos industriais, de tal xeito que se rebaixan as condicións para seren declarados estratéxicos —a partir de 2 millóns de investimento e 25 empregos—. Garánteselles un prazo de tramitación dun ano e, por outra banda, prestaráselles tamén atención especializada aos de menor tamaño, aos que superen 800.000 euros. Todo isto faise no marco do que vai ser unha nova estratexia de política industrial, coa que a Xunta fará, ademais, unha prospección dos diferentes sectores de Galicia, os tradicionais e os emerxentes, para coñecer perspectivas e necesidades que se plasmarán nos respectivos plans directores. Tamén no eido industrial cómpre salientar que acabamos de crear a sociedade mixta Recursos de Galicia como a primeira pedra para garantir que a xestión da riqueza dos recursos naturais galegos se traduza sempre en riqueza social para a comunidade.

E, co obxectivo de apoiar o emprendemento, incluiremos a cota cero para as novas altas de autónomos rexistradas neste réxime desde o 30 de setembro do ano 2023 ata o 30 de setembro do ano 2024 —durante doce meses—. Esta medida, sumada ao reforzo do Programa de promoción do emprego autónomo —xa existente—, elevará ata case os 29 millóns de euros os apoios para os traballadores por conta propia que inicien a súa actividade.

Así mesmo, en materia de I+D+i, un dos eixos fundamentais do Plan estratéxico de Galicia, o esforzo realizado non só para o ano 2024 senón nesta lexislatura é especialmente salientable, pois pasaremos dos 182 millóns de euros no ano 2020 a 325 millóns de euros previstos para o vindeiro exercicio, un 78 por cento máis. Esta partida xa supón o 2,5 por cento dos gastos non financeiros da comunidade autónoma, cun investimento de 120 euros per cápita.

En turismo aumentamos un 7 por cento os seus recursos, ata 144 millóns de euros, e con moi bos resultados: 4,9 millóns de viaxeiros aloxados en Galicia nos oito primeiros meses do ano e 9,5 millóns de pernoctacións, o maior dato histórico. E tentaremos estender o éxito do Xacobeo a todos os rincóns de Galicia aportando e achegando calidade no servizo e apostando polo incremento de valor engadido e pola sostibilidade.

Pola súa banda, seguiremos a reforzar as actuacións de prevención e loita contra a violencia de xénero, que contarán cun 15 por cento máis de orzamento, ata acadar os 23,5 millóns de euros. E case 6 millóns de euros destinaranse a axudas económicas para as vítimas desta lacra coa finalidade de que poidan gañar independencia respecto dos seus agresores. (*Aplausos.*)

En materia de deporte, os recursos aumentarán un 28 por cento, ata os 56 millóns de euros. A actuación máis innovadora corresponde ao Bono Deporte —máis de 16 millóns de euros—, bonos de 120 euros para material deportivo e para sufragar o custo das actividades deportivas de familias con fillos e fillas de 6 a 16 anos con licenza federada nalgunha disciplina ou que formen parte do Programa Xogade.

Para a cultura dispoñemos de máis de 100 millóns de euros, co Plan Xeración Cultura como eixo vertebrador das iniciativas que impulsen e consoliden os sectores vinculados ás industrias creativas e vencelladas aos valores do patrimonio cultural.



No eido da normalización lingüística o orzamento medra e supera a barreira dos 11 millóns de euros, o que permitirá afrontar novos retos en eidos como a intelixencia artificial e a tecnoloxía.

No sector primario a Xunta adica no ano 2024 máis de 83,1 millóns de euros a axudas para potenciar a competitividade deste sector e favorecer a remuda xeracional no agro galego.

As partidas para o conxunto das políticas adicadas ao complexo mar-industria e ás infraestruturas portuarias da comunidade superarán este ano os 243 millóns de euros. Esta contía global ten como obxectivo reforzar o compromiso da Xunta de protexer a xente do mar e o seu medio de vida.

Pola súa banda, reafirmamos o noso compromiso cos concellos, pois un ano máis facemos un gran esforzo orzamentario. En total, para o financiamento dos concellos a partida para o vindeiro ano 2024 chegará aos 602,2 millóns de euros. Isto supón un importante crecemento —do 6,7 por cento— en relación con este ano —por riba da suba media das consellarías—, cun total de 38 millóns de euros máis, e case 200 millóns de euros máis en relación coa de hai tres anos.

En definitiva, son uns orzamentos que atenden ás necesidades de todos os sectores e colectivos, e cunha visión estratéxica de país, pois non pensan nun orzamento senón en que forman parte dun proxecto planificado de futuro. E, neste senso, vencellamos a estrutura orzamentaria co Plan estratéxico de Galicia para os efectos de priorizar os investimentos. Ademais, temos en conta a programación dos fondos europeos do período 2021-2027 e a consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2020-2030. A través desta asociación, os orzamentos son coherentes cos retos establecidos no PEG en materia de crecemento e de converxencia económica, emprego, I+D, educación, inclusión, medio ambiente e dinamización demográfica. Vexamos, pois, esta relación.

O importe asinado aos orzamentos, como dicía, son 13.256,8 millóns de euros. A distribución por eixes do Plan estratéxico manifesta que son os gastos dedicados ao reto demográfico, o eixe 1, e á cohesión social e territorial, eixe 4, os que absorben unha maior parte do orzamento, como garantía e mantemento dos gastos sociais e coa finalidade de lograr uns servizos públicos de calidade e dirixidos á cidadanía —principalmente nos eidos da sanidade, da educación e da promoción do emprego, pero tamén en materias como a inclusión social e o acceso á vivenda—. A suma destes eixes supón case as tres cuartas partes do orzamento total.

Así, o eixe 1 —reto demográfico— ascende a 6.129,9 millóns de euros e representa o 46 por cento do total dos orzamentos. Neste eixe recóllese o relativo ao benestar das familias e á conciliación, ao acceso á vivenda, á sanidade e á promoción do emprego. Precisamente en promoción do emprego dedicamos 448 millóns de euros, máis do dobre que a comezos de lexislatura.

Por outra banda, o eixe 4, cohesión social e territorial, recolle a educación e a promoción da igualdade de oportunidades como base do seu desenvolvemento. Tamén recolle a inclusión



social dos máis desfavorecidos, con case 153 millóns de euros, a promoción da cultura e da lingua galega e a cohesión territorial. Este eixe ascende a 4.017 millóns de euros e representa o 30,3 por cento do total do Plan estratéxico de Galicia.

En terceiro lugar está, por contía orzamentaria, a aposta pola competitividade e o crecemento, o eixe 3, cun orzamento total de 1.805 millóns de euros, case o 14 por cento do total. Neste eixe atópanse as políticas de gasto vencelladas á investigación e ao desenvolvemento, así como as vinculadas ás tecnoloxías da información —con especial atención este ano á ciberseguridade—. E, ademais, destaca o fomento da actividade empresarial e comercial, co impulso da competitividade, da internacionalización das empresas e cunha nova liña de apoio —como xa comentei— aos autónomos. Neste eixe tamén se recolle o fomento do sector primario e o turismo, ademais da garantía dunhas adecuadas infraestruturas produtivas e de rede.

E, para rematar, temos o eixe 2, a Galicia verde e sostible, adicado a impulsar un crecemento sustentable, resiliente e baseado nunha economía baixa en carbono, que presenta un orzamento de 517 millóns de euros, case o 4 por cento do total. Neste eixe recóllense medidas orientadas á eficiencia enerxética, con case 80 millóns de euros —bastante máis do dobre que a comezos da lexislatura—, ao fomento das enerxías renovables, así como a unha mobilidade sostible que permita reducir as emisións contaminantes á atmosfera. Tamén se establece o reto de impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dándolle prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga —con 137 millóns de euros, un 36 por cento máis que a comezos da lexislatura—, á economía circular e á protección do patrimonio natural.

Ademais, inclúense medidas encamiñadas a garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias —incluídos os efectos do cambio climático— e a aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e cos desastres naturais.

E, por último, queda o eixe 5, o eixe da gobernanza, que non é menos importante por ser o último e o menos cuantioso, con 787,8 millóns de euros de orzamento. E nel recóllese o obxectivo de acadar unha Administración que mellore a prestación de servizos e a xeración de valor engadido para a cidadanía, baseada na planificación e nos resultados das políticas públicas.

Señorías, o vindeiro ano tamén será moi importante poder levar a cabo os proxectos transformadores que necesita Galicia, aproveitando para iso os fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, unha oportunidade histórica que temos no noso país e na nosa comunidade autónoma. E o primeiro que teño que lamentar é que o Goberno central estea a incumprir o que prometeu: que as comunidades autónomas xestionarían ata o 54 por cento de investimentos no eido das súas competencias. Pola contra, ata o de agora, e segundo os datos da propia Administración central, as comunidades autónomas só recibiron o 30 % das transferencias a fondo perdido. E este é un dos poucos datos que podemos ter, dos que podemos falar, provenientes da Administración central sobre a xestión destes fondos.

En Galicia estamos a traballar arreo para executar o antes posible os fondos que nos chegan. Son asignados a través de conferencias sectoriais, que é onde se concretan os criterios de



distribución, as anualidades, os fitos e obxectivos e as actuacións que hai que realizar. Necesitamos que o financiamento dos principais proxectos tractores respondan a unha estratexia galega que garanta a súa viabilidade. Debemos axustar os proxectos aos territorios, pois a estrutura produtiva non é uniforme para todas as comunidades autónomas e as iniciativas estratéxicas de cada comunidade autónoma atenden a distintas necesidades. Por poñer un exemplo, as medidas de inclusión dixital ou de conectividade implementadas a través do Ministerio deben ser diferentes en Galicia que noutros territorios, como, por exemplo, en Madrid. Ademais, falta un escenario plurianual que nos permita coñecer con antelación os recursos e facilitar deste xeito a súa execución, algo que afonda nun proceso no que non houbo unha planificación consensuada e no que non se está a cumprir co principio de subsidiariedade. E, por se fose pouco, existe —como acabo de sinalar— un excesivo carácter finalista das transferencias recibidas, sen ter en conta as peculiaridades e os distintos estados de madurez dos distintos territorios nas diferentes políticas de gasto.

Señorías, os datos máis recentes indican que a asignación de fondos á Xunta de Galicia para ser xestionados por ela ascende a 1.421 millóns de euros, o 5,8 por cento do total asignado ás comunidades autónomas, dos que xa temos ingresados 1.339 millóns de euros, correspondentes —como xa expliquei— a transferencias derivadas das conferencias sectoriais e dos acordos de repartición da Administración do Estado.

E ¿como os estamos xestionando? Pois, como saben, a execución dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia chega ata finais do ano 2026. E, por tanto, para falar da súa execución voume referir aos fondos xa repartidos, xa adxudicados —para entendernos, en fase D—. E destes fondos en fase D —que, por outra parte, é como tamén se compara na Administración Xeral do Estado—, destes fondos, é dicir, proxectos e subvencións xa asignados, logo de comezar a recibir os fondos no segundo semestre do ano 2021 e ata o ano 2022, xa tiñamos adxudicados 338 millóns de euros. E neste ano 2023 o Goberno galego leva xa adxudicados ata o pasado mes de outubro o 88 por cento dos 527 millóns de euros dos fondos do mecanismo previstos no orzamento —é dicir, 464 millóns de euros—. A estes fondos totais haberá que engadir outros 140 millóns de euros de adxudicacións de gasto plurianuais —é dicir, que abranguen exercicios futuros—. E, polo tanto, o importe acumulado do adxudicado elévase a 790 millóns de euros, o 76 por cento dos gastos orzados dun programa que dura, como saben, ata o ano 2026.

Antes de rematar, gustaríame referirme tamén ao eido da débeda, logo dos particulares acordos aos que se chegaron na semana pasada referidos a isto e que afectan a todas as comunidades autónomas. Dende Galicia quero dicir que defendemos e defenderemos a igualdade de trato a todas as persoas con independencia de onde residan. E facer quitas á carta e logo trasladar algo análogo ao resto das comunidades autónomas non é igualdade de trato, senón privilexios para unha parte, que fixa as regras de xogo, acorda a fórmula que máis lle convén e que logo se traslada ao resto —xa veremos como— sen ningún tipo de diálogo nin negociación, e logo tratar os demais como suxeito pasivo.

A Xunta de Galicia non ten ningunha información do acordo do Goberno con Esquerra Republicana de Catalunya e da réplica que se produciu unha semana despois co Bloque Nacionalista Galego. Tan só sabemos o recollido nos medios de comunicación. E o que vemos é un



traxe á medida para un, que non é o que precisa a nosa comunidade autónoma. Galicia, como acabo de expoñer, ten un endebedamento controlado e sostible. Exerceu o autogoberno con responsabilidade, solvencia e mantendo a nosa autonomía financeira en todos estes anos, ata nos máis difíciles. Nada ten que ver cos niveis excesivos e insostibles doutras comunidades autónomas. Galicia ten que reclamar o que lle interesa, e só reclamará o que sexa positivo para a nosa comunidade autónoma e non unha solución análoga á de Cataluña. Por iso, dende Galicia solicitamos con urxencia a convocatoria dun Consello de Política Fiscal e Financeira —que, por certo, non se reúne dende xullo do ano 2022, incumprindo o seu regulamento— para abordar entre todos as medidas que hai que tomar, tanto en materia de débeda como en relación co financiamento autonómico, co financiamento das medidas extraordinarias pola suba dos prezos e co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia ao que me acabo de referir.

Son asuntos esenciais que afectan á igualdade de todos, polo que deben ser abordados por todos. Galicia exixirá que o Goberno central permita falar disto no Consello de Política Fiscal e Financeira, que —insisto— leva bloqueado ano e medio. E para iso pido o apoio de todos os grupos parlamentarios desta Cámara, porque Galicia non quere facer seguidismo de ningún senón que quere e debe ter voz propia. Agardo a que así sexa. *(Aplausos.)*

Remato xa, señorías, solicitando aos grupos da oposición o apoio para o Goberno galego na defensa da igualdade de trato perante o Goberno central e facendo un chamamento a que pensen de novo se os orzamentos que acabamos de expoñer son merecedores dunha emenda á totalidade. Entendo que poidan ter diferenzas lóxicas, pero o que xa é menos comprensible é que pidan que sexan devoltos os maiores orzamentos da historia de Galicia, que adican máis recursos ca nunca ao reforzo dos servizos públicos e sen necesidade de endebedamento por primeira vez en dezaseis anos. Son uns orzamentos para Galicia, que pretenden ser útiles para os galegos e que buscan mellorar a vida dos galegos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Debate e votación das emendas á totalidade do grupo I, que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou centro xestor de gastos

A señora PRESIDENTA (Candía López): Continuamos a sesión co debate e votación das emendas á totalidade presentadas polos grupos parlamentarios.

E comezamos, en primeiro lugar, polo grupo I, isto é, co debate e votación posterior das emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou axente xestor de gastos, debate que se vai facer acumulado ao abeiro do artigo 130.1, co alcance previsto no punto 3 do artigo 112 e para os efectos do punto 4 do artigo 114.

Presentaron emendas o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



Para a rolda de defensa das emendas e por tempo de trinta minutos, ten a palabra, en primeiro lugar, don Luis Manuel Álvarez Martínez, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Ben, estes son os orzamentos, agora imos contarlles a verdade. *(Risos.) (Aplausos.)*

Mire, señor conselleiro, a falla de acerto á hora de planificar, deseñar e elaborar os orzamentos públicos ten, con absoluta seguridade, consecuencias negativas para a sociedade, para a nosa comunidade autónoma. E iso é así porque acaban revelándose como un instrumento ineficaz. Lamentablemente, este proxecto de orzamento é o que é: unha colección de estímulos ao votante. Xa o di o refraneiro popular: o que regala ben vende se o que recibe o entende. E iso é o que queren, a súa versión moderna de pan e circo. Só así cabe entender unha colección de medidas sen precedente, incoherentes coas necesidades da xente, ocorrencias de gabinete e que producen pasmo. Falaremos delas.

Miren, este proxecto de orzamentos ten unha planificación deficiente —como explicarei máis adiante— e, polo tanto, asigna recursos de forma incoherente, posto que non reflicte as prioridades e necesidades de Galicia. Carece —por moito que digan o contrario— dunha planificación estratéxica acertada e, en consecuencia, presenta investimentos ineficientes. Non se abordan con acerto as prioridades sociais e, polo tanto, non se fai unha asignación de recursos de maneira efectiva para abordar as necesidades básicas da sociedade, como os servizos públicos esenciais: a sanidade, a educación ou os servizos sociais.

E ao anterior temos que engadir os problemas históricos na xestión do Partido Popular na Xunta de Galicia. A baixa execución orzamentaria en programas clave —xustificada sempre pola Xunta de Galicia— responde a unha falta de capacidade institucional, unha burocracia excesiva e problemas de coordinación. Hai unha falta de transparencia absoluta que dificulta a rendición de contas que pode levar a unha xestión ineficaz dos fondos. Son xa un clásico os informes do Consello de Contas que alertan desta situación á que me acabo de referir. Só un par de exemplos: o último informe do Consello de Contas evidencia que só executaron 524 dos 1.098 millóns de euros de fondos europeos dispoñibles para esta Comunidade Autónoma, ou que Galicia só executa catro millóns e medio dos 52 millóns de euros que ten dispoñibles para financiar o acceso á vivenda.

A isto engadimos unha falla de avaliación de resultados. Non existen —e non será porque o noso grupo parlamentario non os teña pedido en múltiples ocasións— procedementos nin mecanismos para avaliar os resultados das execucións orzamentarias nin o impacto dos orzamentos sobre os problemas sobre os que eses mesmos orzamentos pretenden incidir.

Sabemos todos que a ausencia dunha protección social adecuada e suficiente nos orzamentos compromete de forma irreversible o benestar dos cidadáns. Miren, francamente, medidas como os bonos de 200 euros para material deportivo, a extensión do bono de 200 euros a toda España para facer o Camiño de Santiago ou asinar un convenio para ter descontos en cruceiros creo que están fóra de lugar cando temos unha porcentaxe insuportable de pobo-



ción en risco de pobreza ou exclusión social. (*Aplausos.*) Hai que chamarlles ás cousas polo seu nome, e o que están vostedes a facer neste proxecto de orzamentos son regalías electorais. Dicar isto non creo que sexa populismo, porque o podería dicir de forma moito máis crúa, pero iso déixollelo a vostedes, que levan unhas semanas dedicados á nada nobre arte de inflamar a sociedade.

Non hai neste proxecto medidas que contribúan á redución das desigualdades sociais, nin se intúen medidas para reducir as brechas socioeconómicas. Porque aqueles colectivos máis vulnerables, como as persoas con baixos ingresos ou as persoas maiores, ou mesmo as persoas con discapacidade, non terán as respostas que precisan. E si se lles poderían dar. A cuestión é: ¿como chegamos ata aquí? E o reto debería ser: ¿como saímos de aquí? Porque o certo é que, cando aínda non nos recuperamos totalmente da crise financeira de 2008, o 11 de marzo de 2020 a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola covid-19 a pandemia internacional. E a rapidez na evolución tanto a escala nacional como internacional requiriu a adopción de medidas inmediatas e eficaces para facer fronte a esa conxuntura e evitar a propagación do virus e as súas nefastas consecuencias —que provocou, á vez que unha crise sanitaria, unha crise económica e unha crise social sen precedentes—.

E esa crise económica abrupta e inesperada impactou no conxunto da economía mundial, pero, á diferenza da anterior, os gobernos reaccionaron adoptando políticas expansivas, tanto no ámbito fiscal como monetario, convertendo os Estados nun instrumento fundamental para impulsar a economía, asistindo ao tecido produtivo, mantendo o emprego e actuando como soporte para as persoas máis vulnerables. E si, resulta evidente que o papel dos Estados foi clave nos momentos máis duros da pandemia e que ese papel seguiu sendo fundamental coa invasión de Ucraína por parte de Rusia en 2022, sendo o Goberno de España un dos cales despregou o maior paquete de medidas dirixidas ás familias e aos sectores produtivos.

Nese sentido, o Anuario 2023, elaborado polo Foro Económico de Galicia, que —estou seguro— todos coñecemos, e que foi presentado en setembro deste ano, puxo de manifesto que a pandemia tivo un impacto máis intenso que a gran recesión de 2008, pero que os seus efectos foron menos duradeiros grazas ao seu carácter exógeno e ás políticas gobernamentais eficaces. A invasión de Ucraína afectou sensiblemente aos prezos —certo—, pero non o fixo no caso do emprego ou do PIB. Entre as medidas máis valoradas polas empresas están os créditos ICO e os ERTE, considerados como ferramentas imprescindibles e eficaces; pola contra, e en comparación, os créditos e as axudas do Igape, relacionados co lucro cesante, e o incremento de custos tiveron un menor impacto e foron menos destacados no ámbito empresarial. E aínda que España recuperou, xa no ano 2022, o nivel do PIB previo á pandemia e aínda que todos os organismos internacionais, por moito que lles doa, a sitúan como unha das economías que máis está crescendo este ano, e que seguirá esta previsión no ano 2024, é innegable que o incremento dos prezos afecta a economía en xeral, pero no noso país está sendo máis moderado, fundamentalmente grazas ao paquete de quince mil millóns de euros despregado polo Goberno do Estado para paliar os efectos desta nova situación socioeconómica. Son medidas como o incremento, nun quince por cento, do ingreso mínimo vital e das pensións non contributivas; a creación dun bono social de douscentos euros; unha nova re-



baixa dos impostos aos combustibles; un límite do dous por cento no incremento dos alugueiros; o incremento do Bono eléctrico para as familias e o Bono alugueiro para a xente moza, entre outras medidas. Medidas que vostedes votaron en contra.

Neste contexto, a Xunta de Galicia presenta para o ano 2024 uns orzamentos históricos — como sempre— que medran, polo lado dos ingresos non financeiros, nun 6,6 por cento, acadando os 13.325 millóns de euros, é dicir, 826 millóns de euros máis, sen que neles se perciba a resposta que Galicia precisa para afrontar os retos inmediatos e os retos de futuro para acadar unha Galicia máis verde, máis dixital, máis cohesionada territorial e socialmente, máis igualitaria e sen que ninguén quede atrás; uns orzamentos, nos cales o financiamento autonómico medra un 8,6 por cento, é dicir, 804 millóns de euros máis ata acadar os 2.206 millóns de euros, e nos cales o orzamento finalista do Estado se incrementa ata os 496 millóns de euros máis. O que non explican vostedes —porque non lles interesa— é que este incremento se produce, entre outros factores, porque é o incremento do 36 por cento das achegas por persoa beneficiaria do sistema de autonomía e atención á dependencia. Hai un incremento no ámbito educativo, na repartición de fondos de emprego, no Pacto pola violencia de xénero, no Plan estatal de vivenda, que se incrementa nun 27 por cento, chegando aos 167 millóns de euros para o 2024.

E a pesar destes incrementos, deberían ser uns orzamentos que avansasen en xustiza social, en garantir a igualdade de oportunidades e en protexer as familias; pero volven ser uns orzamentos en que non se establecen as medidas de protección que precisa a cidadanía no actual escenario de crecemento dos prezos —o que implica unha perda de poder adquisitivo—; cidadanía que tamén se ve afectada pola suba dos tipos de interese que afectan ás cotas que cómpre pagar polas hipotecas variables. É unha realidade, segundo o Instituto Galego de Estatística, o feito de que case o cincuenta e catro por cento dos fogares galegos chega con dificultade ou moita dificultade a fin de mes. É por iso que, á vez que debemos atender á evolución do cadro macroeconómico —por suposto que si— e aos riscos existentes para a economía galega nos trimestres vindeiros, cómpre poñer tamén o foco na situación microeconómica dos fogares, nas rendas dispoñibles e na capacidade adquisitiva das familias, abordando de forma eficaz e contundente o risco de desigualdade e de exclusión que afecta boa parte da cidadanía galega, con salarios e con pensións medias por debaixo dos niveis medios do conxunto do Estado.

Neste contexto, mención especial merece o bandazo impositivo do imposto do patrimonio; un sláom impositivo de medalla, logo do predicible batacazo dos seus colegas madrileños no Tribunal Constitucional. ¿De quen son vostedes os verdadeiros defensores?, ¿deses máis de doce mil contribuíntes en todo o Estado, con patrimonios superiores aos tres millóns de euros e que aboaron unha cota media de cincuenta e dous mil euros? Porque —tal e como estaba previsto e era de sentido común; é de abecé— a práctica totalidade dos contribuíntes desa figura fiscal reside en comunidades que renunciaron a recadar o imposto do patrimonio —con maior intensidade en Madrid, que é o seu faro—. Vostedes nunca explicaron a que teríamos que renunciar para que os que máis poden pagasen menos, porque hai que explicar esas cousas; hai que explicar a que se renuncia cando se deixan de recadar impostos de forma arbitraria. Non explicaron vostedes a que houbo que renunciar. Claro que poderíamos dicir: «Non houbo que renunciar a nada porque recibimos máis fondos do Estado, e compensa-



mos». Miren, renunciar a recadar corenta e catro millóns de euros do imposto do patrimonio require unha explicación que vostedes nunca deron. Nas previsións de ingresos fiscais do ano 2021, polo imposto de patrimonio, figuraban oitenta e catro millóns de euros. Nas súas previsións anteriores para o ano 2024 figuran corenta millóns de euros; polo tanto, o oitenta e catro menos corenta é corenta e catro. Resulta pouco discutible, ¿verdade, señor conselleiro?

Simultaneamente a isto, a negativa do Goberno autonómico a subir o complemento autonómico e das pensións contributivas, a volver ao modelo de libros de texto gratuítos ou a establecer as primeiras matrículas universitarias sen custos para o alumnado reflicte como, nestes orzamentos, non se abordaron decisións que son asumibles polas contas públicas; e, ¿sabe por que? Porque calquera destas medidas, a que acabo de facer referencia, ten un custo inferior a eses corenta e catro millóns de euros, aos cales vostedes tiñan previsto renunciar.

O mesmo ocorre co sistema do tecido produtivo galego, que tamén sofre o incremento de custos e a fragilidade de certos mercados sen niveis de consumo, o que se reflicte non só nas dificultades de moitos pequenos negocios, empresas e persoas autónomas, senón tamén na situación de crise que viven actualmente as empresas que foron referencia en importantes sectores da economía galega, como, por exemplo o vinculado á pesca e ao conxelado.

Mentres nestes orzamentos se evidencia que o Goberno da Xunta de Galicia segue carecendo dunha política industrial e que a perda de peso de emprego que se deu neste sector, durante os seus gobernos, non tivo resposta no enfoque destes orzamentos, tamén vemos como tampouco existe o necesario impulso para o tecido produtivo empresarial en dificultades nin para afrontar un maior dinamismo innovador que permita acurtar a fenda existente coas rexións españolas e europeas con maiores niveis de I+D+i. De feito, sabemos que a economía galega ocupa posicións atrasadas e de tendencia á baixa, con indicadores de competitividade entre as distintas rexións europeas, e, á vez, somos conscientes de que o futuro se gaña pola innovación e pola modernización constante do tecido produtivo ante retos como o avance da intelixencia artificial ou a relevancia dos chips en diversos procesos industriais. ¿Cal é a súa solución? A Consellería de Economía, Industria e Innovación sinala, como prioridade orzamentaria, a creación dunha nova Oficina Económica no Igape, pero esa xanela única non vai resolver por si mesma os principais problemas da cidadanía e das empresas galegas.

O Goberno da Xunta de Galicia carece dun modelo económico sólido sobre o que edificar a súa política económica e elaborar os propios orzamentos, polo que, este proxecto de orzamentos constitúe de novo unha oportunidade perdida. Galicia non debe nin pode desaproveitar os recursos manexados nestes orzamentos. A maiores, e dada a relevancia e a transversalidade da política económica en calquera orzamento, a falla de política económica da Xunta reflíctese nas debilidades en distintos ámbitos da actuacións das políticas públicas, como o sector industrial, o medio rural ou a I+D+i.

Facendo de novo referencia a ese Anuario 2023 do Foro Económico de Galicia, tamén pon de manifesto que esta comunidade autónoma ten a oportunidade de destacar no escenario europeo polo seu potencial enerxético, pola expansión da dixitalización ou pola produción



agroalimentaria de calidade, ao abeiro da aposta pola sustentabilidade; pero tamén fai mención a unha lista de tarefas pendentes: hai unha insuficiente integración da universidade coas administracións públicas, coa sociedade e coa empresa; hai un insuficiente apoio ás persoas emprendedoras; hai un exceso de burocracia administrativa; hai un insuficiente impulso para promover o crecemento do tamaño medio das nosas pequenas e medianas empresas; e hai unha escasa planificación do sector turístico.

Todos sabemos que os orzamentos son o elemento crucial en que se orientan todas as actuacións dun Goberno, e a ausencia —como dicíamos— de actuacións ben orientadas nos últimos anos nos levou a ter unha comunidade autónoma menos dinámica economicamente e máis empobrecida. Estes orzamentos non van contribuír desgraciadamente para garantir un sistema de benestar e de protección social, para fortalecer a clase media e traballadora, para actuar como locomotora da economía e para manter o compromiso de responsabilidade fiscal. Despois de catorce anos de Goberno do Partido Popular nesta comunidade autónoma, os servizos públicos sufriron unha evidente precarización.

En políticas sociais, seguimos tendo —e nada indica que vaia diminuír— un déficit de máis de catorce mil prazas públicas en residencias, considerando o rateo do cinco por cento recomendado respecto á poboación maior de sesenta e cinco anos; a supresión da Tarxeta Básica —unha axuda de produtos básicos de supermercado, hixiene e farmacia— para setenta e cinco mil galegos, que supuña un custo de trinta e un millóns de euros —apenas un 0,02 por cento do orzamento da Xunta— para axudar persoas en situación de vulnerabilidade; ou o servizo de axuda no fogar que, pese ao incremento que experimentou logo do acordo impulsado polo Partido Socialista de Galicia na Comisión de Reconstrución, tampouco ten previsto unha aportación suficiente que faga que os concellos vexan comprometidos os seus orzamentos. Tendo en conta, ademais, este contexto de inflación, que afecta máis as familias en risco de pobreza, é urxente modificar a Lei de inclusión para permitir a complementariedade da Risga e do ingreso mínimo vital, así como elaborar un plan contra a pobreza infantil que blinde os menores e que inclúa un paquete de medidas cun orzamento específico para as familias monoparentais. Nada disto aparece neste proxecto de orzamentos.

O mesmo acontece en educación; un programa que subiu menos da metade que o conxunto do orzamento, isto é, un 3,71 por cento fronte a unha subida media do 8 por cento, e cunhas contas que non van reverter os recortes en profesorado, e que, polo tanto, causarán a conseguinte quebra de igualdade de oportunidades existente entre o rural e o urbano; un programa que perpetúa un sistema de axudas para libros de texto de «gratuidade solidaria», isto é, ese eufemismo que vostedes inventaron, e que é menos eficiente que a gratuidade universal, e que resulta máis caro e con menos cobertura; un programa cun transporte escolar que cada día é máis ineficiente, con atrasos inxustificables para o seu cometido principal; e un programa con diferenzas importantes nos servizos de comedor escolar.

No ámbito da sanidade, son uns orzamentos ineficientes para afrontar os problemas reais do sistema sanitario público de Galicia, por non ter capacidade de realizar as transformacións que os profesionais reclaman desde dentro do sistema —non é que o reclame o Partido Socialista de Galicia, senón que son os propios profesionais—. Os orzamentos non van paliar as listas de espera no sistema sanitario, en especial a existencia de esperas en atención pri-



maria que antes non había, nin van paliar a saturación que sofren os profesionais por seguir inmersos nun modelo que non é tan eficaz como noutros tempos. Os orzamentos en sanidade crecen menos que o conxunto do orzamento global por segundo ano consecutivo, o que evidencia que perde peso dentro das prioridades do Goberno. Particularmente, crecen menos en atención primaria que no conxunto do orzamento sanitario, o que amosa especialmente que este ámbito ten tamén menos importancia para este Goberno, cando é o ámbito que máis problemas está a evidenciar en Galicia. Galicia segue a ser a segunda comunidade autónoma de España con menor porcentaxe no gasto sanitario en atención primaria. Isto é unha declaración de intencións e de prioridades.

En materia de vivenda, o fracaso constatado das políticas da Xunta de Galicia —no que xa se considera o quinto pilar do Estado do benestar— fai imposible facer realidade un dereito constitucional, tendo máis de dezaioito mil persoas inscritas no Rexistro público da Xunta de Galicia como demandantes de vivenda de promoción pública. A exigua —por empregar un termo suave— execución orzamentaria das partidas destinadas á vivenda, a falla de fomento de políticas para a rehabilitación e para a habitabilidade de vivendas para seren saudables e para se adaptaren aos novos cambios demográficos acordes coa transición ecolóxica e dixital, así como a inexistencia dun plan para erradicar a infravivenda e o chabolismo, son a evidencia da inexistencia dun compromiso do Goberno galego con este dereito, tendo en conta os incrementos orzamentarios, nos últimos anos, debido aos fondos finalistas que veñen do Goberno do Estado e que para 2024 supoñen — como dicía antes — un incremento do 27,92 por cento.

En materia de política industrial, é inaprazable que a Xunta de Galicia asuma as súas competencias en materia de industria e active políticas activas e plans de apoio a emprendedores e ao tecido produtivo; que aproveite a oportunidade única que nos brindan os fondos europeos para colocarnos na vangarda da transición ecolóxica e no desenvolvemento de enerxías renovables e de hidróxeno verde, aproveitando as nosas potencialidades, tanto no medio como no coñecemento. O índice de produción industrial en Galicia, segundo datos do Instituto Galego de Estatística de agosto, experimentou unha caída do 5,8 por cento interanual, mentres que para o conxunto do Estado esa baixada foi do 3,65 por cento, nun contexto en que a pasividade e a inacción da Xunta de Galicia fixo que Galicia estea cada vez máis lonxe de acadar o obxectivo marcado por Bruxelas, isto é, de que o sector industrial xere o 20 por cento do produto interior bruto.

Canto á política agraria, acontece o mesmo abandono por parte do Goberno galego, nun escenario volátil, en que os agricultores e os gandeiros están vendo como os custos de produción se disparan, cunha situación do mercado das materias agravada polas consecuencias que está a provocar a guerra en Ucraína, coa seca nas principais zonas de abastecemento de cereais, unida á alza dos prezos dos combustibles, dos fertilizantes e dos pensos. No ámbito agrario, vemos como, por primeira vez desde a pandemia e a crise de prezos, o Goberno galego implementou fondos para o sector da carne, en concreto para os produtores de tenreira galega suprema; pero aqueles deberían ser tamén para o resto dos produtores de carne de tenreira e para outros sectores cárnicos. Ademais, cómpre que o Goberno galego actúe axudando os produtores de castaña, que este ano están a sufrir os efectos da seca, e teñen fortes perdas na produción.



O Goberno galego implementou unha liña de axudas aos sectores agrarios pola seca, de máis de dez millóns de euros, que debería ser complementada con fondos da Administración autonómica; é dicir, dez millóns de euros da Administración xeral, da Administración do Estado, e cero euros da Xunta de Galicia. Como consecuencia, é necesario desenvolver plans de continxencia para manter as explotacións, así como plans de emerxencia que garantan a produción de alimentos e eviten o peche de explotacións.

Canto á política pesqueira, volvemos ver como estes orzamentos da Consellería do Mar repiten as mesmas políticas para os mesmos problemas, o cal é a mellor receita para o fracaso. Ademais, se analizamos as execucións orzamentarias dos últimos anos —con datos catastróficos—, estas deixaron tantos e tantos millóns sen executar —ano tras ano—, que nos dá a entender que nin sequera as previsións contidas neses orzamentos se van executar. Como mostra, no ano 2022 só se executaron o 36,8 por cento dos fondos que conforman os programas dedicados ao mar, o que amosa un claro problema estrutural nese departamento da Xunta de Galicia. O sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola seguen tendo que facer fronte a numerosos retos: aos ataques inxustificadas, á falla de remuda xeracional, aos incrementos de prezos de combustibles e materias, a seguir avanzando na comercialización e na transformación, así como a afrontar a descarbonización e a mellora da eficiencia enerxética. O marisqueo atravesará tamén unha fase crítica, constatada polo descenso demoledor na produción marisqueira, como, por exemplo na ría de Arousa —a mellor do mundo neste aspecto—, na cal, durante este ano 2023, varios colectivos dependentes da actividade marisqueira alertaron dunha baixada xeral en todas as especies, podendo chegar ata o 70 por cento nalgunha delas, como a ameixa ou o berberecho; son situacións que levaron a decretar paros no libre marisqueo, cuns atrasos moi considerables no pagamento das axudas, por parte da Consellería do Mar, que acompañou a estes paros. E os bateiros tamén teñen que seguir afrontando a problemática campaña do mexillón. Mellor non falo deste asunto.

No que atinxe ao medio ambiente, houbo unha caída orzamentaria que chama enormemente a atención, tendo en conta que xa partiamos dun nivel moi baixo. O capítulo —por moito que dixese vostede— de prioridades de actuacións medioambientais caeu un 13 por cento máis con respecto ao ano pasado, o que supón que catorce anos despois esteamos moi lonxe dos 295 millóns de euros en materia medioambiental, que foi o último orzamento do Goberno do señor Pérez Touriño.

Señor conselleiro, requírese dunha política fiscal máis progresiva que faga unha redistribución real da riqueza, obrigando os que máis teñen a que colaboren un pouco máis para axudar as clases medias e traballadoras e, sobre todo, os fogares máis vulnerables para saír todos e todas xuntas, sen deixar ninguén atrás, para o cal, hai que facer unha reformulación dos beneficios fiscais, aplicados durante os últimos anos, que permitiron regalos fiscais aos 8.500 —digamos— ricos e ricas —por utilizar un termo coloquial— do noso país, mentres temos 636.000 persoas en risco de pobreza e de exclusión social.

Quero facer unha mención especial á reivindicación da igualdade en todos os ámbitos. Preocupa tamén que o Goberno galego non acompañe a loita feminista; algo que quedou perfectamente reflectido nos orzamentos, que incrementan e diminúen partidas en función da



previsión dos fondos achegados polo Estado ou pola Unión Europea. Deste xeito, non se consolidan fondos para accións imprescindibles, como a conciliación e a corresponsabilidade ou como a loita contra a violencia machista.

Creo que sobran motivos para rexeitar este proxecto de orzamentos. Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista pide a devolución deste proxecto porque nada fai prever que con estes orzamentos expansivos se poñan as bases para o cambio produtivo que precisa o noso país; que nos coloque na Axenda da transición ecolóxica e dixital; que poña as bases para combater o reto demográfico; que fortaleza os servizos públicos; que aposte polo investimento en I+D+i, polo fortalecemento dos sectores produtivos e a industria e polo emprego de calidade; que reverta a precariedade dos nosos profesionais; e que permita recuperar todo o talento exportado durante todos estes anos.

Señor conselleiro, remato. Lamentablemente, un ano máis, e pese a ter uns orzamentos efectivamente históricos —no sentido de que son os maiores da historia da comunidade autónoma—, como consecuencia fundamentalmente do incremento das aportacións do Estado —merecido, por suposto que si, porque é o que nos corresponde; ninguén o cuestiona. Non nos dan nada que non nos corresponda—, vostedes desaproveitan este orzamento, e non van dar resposta a todos os problemas que ten Galicia, por moito que vostede fale aquí dun plan estratéxico moi pintón —e, cando digo «pintón», refírome ao adxectivo que se emprega en América do Sur para falar dos documentos moi ben maquetados, moi ben elaborados e con moitos coloríns—; pero ese plan estratéxico, desgraciadamente —sábeo vostede—, ao igual que os outros, non se avaliou nin se vai avaliar. E, ¿por que? Porque vostedes saben perfectamente que os anteriores non cumpriron —nin este vai cumprir— os obxectivos que poñen nese documento.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos prolongados.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Álvarez.

Para a defensa das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra, tamén por tempo de trinta minutos, dona Ana Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señorías.

Eu quero empezar a miña intervención de hoxe denunciando o xenocidio que se está producindo en Palestina. Preguntámonos cantos palestinos e palestinas máis teñen que ser asesinados, cantos nenos e nenas máis teñen que morrer na Franxa de Gaza, cantos hospitais, cantas ambulancias, cantas escolas máis teñen que ser bombardeadas, para que a comunidade internacional paralice o que é un auténtico massacre. *(Aplausos.)*

Permítanme tamén que dea hoxe a benvinda ao portavoz socialista, xa que para nós é moi gratificante poder velo de novo no Parlamento, e tamén quero desexar unha pronta recuperación ao presidente do Parlamento.



E señorías, señor conselleiro de Facenda, señor presidente ausente, os orzamentos son unha folla de ruta clara dun goberno, e debe ser o documento que fixe as súas prioridades políticas. E, ¿sabe que nos din as contas de 2024? Dinnos que estamos ante un Goberno do PP que non defende a sanidade pública e que desvía fondos para a sanidade privada; que non promove un modelo público de residencias, senón que entende que deben ser xestionadas por entidades benéficas, como se o coidado das persoas maiores fose un asunto de caridade ou, o que é peor, que deben ser xestionadas por fondos voitre, que o que queren é facer negocio coa vellez. *(Aplausos.)*

Estes orzamentos cóntannos que estamos ante un Goberno do Partido Popular que non practica unha fiscalidade xusta, senón que o que fai é perdoar impostos aos ricos; que non se ocupa do cambio climático, senón que —iso si— dá barra libre ao espolio da riqueza natural do país. Dinnos que estamos ante un Goberno que non constrúe vivenda protexida, senón que dinamita a política social de vivenda, ou que mantén Galiza á cola en ciencia e innovación, e que en lugar de dar futuro a xente moza, ábrelle de par en par as portas da emigración. Pero é que hai máis. Os orzamentos de 2024 móstrannos un goberno do Partido Popular que se desentende dos sectores produtivos —do agro, da pesca, da industria...—; que non presenta ningún tipo de proxecto estratéxico en ningún ámbito económico —en ningún—, señor conselleiro; e, o que é máis grave, que non están preparando Galiza para poder afrontar os retos deste tempo.

Teño que dicirle que isto é unha irresponsabilidade maiúscula porque durante estes anos vostedes tiveron recursos extraordinarios para deseñar unha Galiza máis resiliente, e o que vemos é de novo o Goberno do Partido Popular facendo perder unha grande oportunidade a Galiza. *(Aplausos.)*

Estes orzamentos mostran un Goberno que non se sente orgulloso do que máis une todos os galegos e as galegas: a nosa cultura e a nosa lingua; ao contrario, seguen coa súa cruzada contra o galego, e isto é imperdoable. *(Aplausos.)*

Desvelan que non lles interesa unha Galiza máis social, máis xusta, máis igual e máis feminista, pero, sobre todo, o que nos din estes orzamentos, ben alto e claro, é que estamos ante un Goberno do Partido Popular esgotado, incapaz de mellorar a vida das persoas, incapaz de resolver os problemas do país e sen nada que ofrecer a Galiza; por iso teño o profundo convencemento de que estes son os últimos orzamentos do Goberno do PP, isto é, os últimos orzamentos do señor Rueda, antes de dar paso ao cambio galego que desde o BNG imos liderar. *(Aplausos.)*

Estamos —iso si— ante uns orzamentos trufados de electoralismo dun Partido Popular desesperado por manterse no poder; tan desesperado que o señor Rueda —o presidente ausente— leva dous meses repartindo cheques. Cada día inventan un novo cheque, como se pensasen que poden comprar o voto dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)* Xa lles digo que a xente deste país non se compra con cheques, non se vende por un cheque. *(Aplausos.)* Mire, as familias, a xente moza, a clase traballadora o que quere non é que o señor Rueda gaste os impostos que pagan relixiosamente en repartir cheques para comprar unhas deportivas ou para facer un cruceiro. Señor conselleiro, ¿vostede de verdade pensa que un mozo ou unha



moza que non pode pagar un alugueiro —que xa non soña nin con comprar unha vivenda—, o que quere neste momento do Goberno galego é que lle regale un cheque para facer un cruceiro polo Mediterráneo?; (*Aplausos.*) é que isto é unha falta de respecto á mocidade deste país. (*Aplausos.*)

O que lles pasa a miles de familias en Galiza é que non poden chegar a fin de mes. Teñen que facer números imposibles para poder pagar as facturas, para pagar a hipoteca, para poder encher o depósito de gasolina e, desde logo, cando van ao supermercado teñen que mirar moito que é o que poden comprar e que alimentos poden adquirir no seu día a día; esta, señor conselleiro e señor Rueda, é a realidade dun país que non van poder tapar con cheques nin con propaganda. (*Aplausos.*) Dígolle, ao señor Rueda, que a xente deste país non pide cheques: pide sanidade pública de calidade, pide que a mocidade non teña que emigrar, pide unha vellez tranquila, pide ter un salario estable e cun traballo decente, e pide poder acceder á política de vivenda; nada disto se resolve cos seus cheques electoralistas. (*Aplausos.*)

Por iso estou convencida de que estes son os últimos orzamentos do Goberno do PP; e vostedes son perfectamente conscientes. Por iso, ademais destes orzamentos, presentáronnos unha Lei de acompañamento, que é a máis abusiva e a máis fraudulenta da historia deste Parlamento, porque saben que están no tempo de desconto, (*Aplausos.*) e queren deixar todo atado e ben atado pola porta de atrás —¿non?—, nesa tradición democrática da dereita. (*Aplausos.*) Vostedes tamén saben que neste país sopran aires de cambio, e por iso están pisando o acelerador do espolio a favor do *lobby* eléctrico, da privatización, dos recortes, e pisan o acelerador das políticas que benefician unha minoría fronte á maioría social; isto é o que vostedes queren facer.

Permítanme que diga para que valen estes orzamentos do PP: valen para seguir regando con cartos públicos a sanidade privada, a educación privada, as residencias privadas da terceira idade. Estes orzamentos perpetúan as políticas da crise demográfica, do abandono do rural e da perda de peso industrial. Van seguir valendo para depredar o noso territorio a favor das multinacionais; afondan no espolio eólico e consolidan unha política fiscal inxusta. Para isto é para o que valen os orzamentos do PP.

Pero, ¿saben para que non valen estes orzamentos, señorías do Partido Popular? Non valen para reforzar o coidado das persoas maiores porque, máis alá deses titulares electoralistas, este Goberno mantén un modelo privatizado que fai caixa coa vellez. En catorce anos non houbo nin unha soa residencia pública; este é o mellor retrato de como gobernan vostedes. (*Aplausos.*) Estes orzamentos non valen para axudar quen máis o precisa, cando estamos metidos nunha crise de prezos que afoga miles de familias. Temos a inflación disparada, en particular nos alimentos. ¿Saben canto custa un litro de aceite de oliva? Estamos falando dunha media de dez euros —¡dez euros!—, e é que para moitísimas persoas facer unha simple tortilla de patacas se está convertendo nun luxo. É unha inflación, señor conselleiro, que mes tras mes subiu máis en Galiza, ao longo deste último ano, que na media do Estado a pesar de que aquí temos salarios e pensións máis baixas. E é sorprendente que en todo ese orzamento —nas miles de páxinas que chegan a este Parlamento— non haxa nin unha soa medida do Goberno galego para frear a inflación; este é o maior retrato da súa incompetencia. (*Aplausos.*)



Esa incapacidade, esa inacción e esa falta de utilizar o autogoberno galego para mellorar a vida das persoas ten consecuencias: a primeira consecuencia é que temos máis desigualdade porque aquí a inflación nos está afectando máis, e, polo tanto, a perda de poder adquisitivo é maior. Temos, ademais, unha segunda consecuencia derivada, e é que hai unha baixada do consumo que repercute negativamente no peso que ten na nosa economía, e, polo tanto, estamos vendo como a demanda interna non tira; e isto é un problema moi grave de futuro. E, se isto fose pouco, temos un contexto en que, ademais, as rendas do traballo cada vez están perdendo máis peso na repartición da riqueza do país. No ano 2009, as rendas do traballo eran superiores ás rendas do capital. ¿Queren que diga que pasou nestes catorce anos de Goberno do PP? Pois ben, pasou que as rendas do traballo pasaron de representar o 48 por cento do PIB a representar o 44 por cento. As rendas do capital, pola contra, que representaban o 43,9 por cento, hoxe están no 48 por cento; é así como goberna o PP, incrementando as desigualdades. *(Aplausos.)*

O lóxico é que un Goberno solidario e que pensase na igualdade estaría utilizando a política fiscal para corrixir estes desequilibrios, pero o que vimos é que o Goberno do PP o que está facendo é unha política fiscal insolidaria porque as maiores baixadas de impostos son sempre para as rendas máis ricas. E mentres vostedes recortan servizos públicos e recortan os impostos aos ricos, ¿saben que fan? —isto dinos moi ben como é a súa política solidaria— Son incapaces de mellorar o complemento autonómico das pensións non contributivas *(Aplausos.)* dos trinta e oito mil galegos e galegas que teñen que vivir con menos de catrocentos euros ao mes. *(Aplausos.)* Nestes orzamentos volven conxelar o complemento das pensións non contributivas. ¡Claro!, o ano pasado venderon a bombo e prato a súa solidariedade cun incremento que era dun euro ao mes; é que non lles daba nin para un café. Foron tan xenerosos que nestes orzamentos, a pesar da crise de prezos, vostedes non fixeron absolutamente nada, e estamos falando de pensións que son de catrocentos euros; esta é a maneira de gobernar do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Estes orzamentos tampouco van servir para reverter os recortes en atención primaria, e iso que teñen o récord de poñer Galiza á cola en gasto por habitante. Desde 2009 vostedes quitaron á sanidade en atención primaria 2.193 millóns de euros. Hoxe a atención primaria ten menos recursos reais dos que tiña no ano 2009 porque, para que fose igual, estes orzamentos deberían contar con 473 millóns de euros, xa que, conselleiro, existe un IPC que fai que o valor dos cartos en 2009 non sexa o mesmo que en 2024. Polo tanto o que vemos é como o seu Goberno segue claramente sen dar solucións á atención primaria, e non o fai porque nin destina os recursos suficientes nin coida ben o persoal sanitario; porque hoxe temos un persoal sanitario que segue estando en precario e sufrindo o abuso laboral do Goberno do PP —¡si, si!—. Nós queremos denunciar que isto non se soluciona con propaganda, porque volven anunciar novas prazas que, en realidade, son prazas de estabilización do persoal que xa existe; *(Aplausos.)* non están incrementando as prazas, senón, en todo caso, poñendo parches á hora de acabar coa precariedade. *(Aplausos.)* ¡Iso si!, o que manteñen nestes orzamentos é a vergoña de que agora o plus de exclusividade se vai pagar tamén aos médicos e ás médicas que non teñan esa exclusividade; é dicir, os galegos e as galegas van seguir pagando este abuso mentres teñen que soportar listas de espera para ser atendidos nun hospital público ou listas de espera para a atención primaria. Nin que dicir ten que tampouco abordan en serio o drama da saúde mental. Hoxe o suicidio é a segunda causa de



morte entre a xente moza, pero estes orzamentos non permiten reducir as longas listas de espera para ter atención psicolóxica.

E falemos tamén do que pasa con outro dos grandes piares do sistema de benestar como é a educación. O que vemos é como en Galiza non se reverteron os recortes en educación pública, pero —¡iso si!— incrementan a partida para a educación privada, á cal destinan trescentos vinte e cinco millóns de euros. A súa solidariedade tampouco chega para que se incrementen as bolsas universitarias porque as conxelan en plena crise de prezos e néganse a recuperar a gratuidade dos libros de texto a pesar de que tivemos o inicio de curso máis caro da historia; é, desde logo, unha medida inxusta e insolidaria. (*Aplausos.*)

Estes orzamentos, señorías e señor conselleiro, tampouco van servir —e láméntoo— para poder enfrontar os retos que teñen os nosos sectores produtivos. Se algo é Galiza é unha nación pesqueira, pero o máis significativo da Consellería do Mar é que cada ano deixa millóns de euros sen executar. Fíxese que en 2022 —últimas contas liquidadas— o presuposto inicial era de cento noventa e catro millóns de euros e recortaron corenta e nove millóns a través dunha modificación de crédito e despois deixaron sen executar corenta e sete millóns; é dicir os cento noventa e catro millóns, que teoricamente figuraban no orzamento, quedaron case na metade nun sector estratéxico para Galiza. Temos unha perda de produtividade escandalosa das rías galegas e estes días asistimos á mortalidade masiva de marisco nas principais rías do país, pero, ¿que fai o PP? Pois recorta nun sesenta e dous por cento os fondos para a competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e marisqueira; un exemplo, señorías, do seu desleixo.

Temos un rural que esmorece, con seiscentas mil hectáreas con potencial agropecuario abandonadas. Temos unha superficie agraria útil do vinte e un por cento, fronte ao corenta e sete por cento da media estatal. Perdéronse, desde 2009, unha media de trescentas cincuenta explotacións leiteiras cada ano —trescentos cincuenta cada ano— e temos vinte e sete mil explotacións menos entre leite e vacún; e a nada disto dan resposta os seus orzamentos.

É exactamente o mesmo desleixo que vemos coa industria do noso país. O seu legado, o legado do Partido Popular, é vinte e un mil empregos menos durante o seu Goberno, e vemos como estas contas non teñen ningunha dotación económica para proxectos en ámbitos estratéxicos, como a automoción, o naval, o enerxético ou a industria alimentaria. Non existe ningún proxecto relevante, nin concreto nin futuro, a respecto do sector industrial no noso país. E isto, señorías, é tremendamente preocupante porque un dos problemas máis graves que imos ter que enfrontar no futuro é que en Galiza estamos tendo unha taxa de investimento que sitúa o noso país con moitísimas dificultades porque —como vostede sabe— a reactivación económica no curto e no medio prazo vai depender de canto se invista na economía galega. Eu quero ensinarlle esta gráfica, señor conselleiro; (*A señora Pontón Mondelo ergue un documento que inclúe unha gráfica, e móstrao ao resto da Cámara.*) —ao mellor, desde hai, non sei se é capaz de vela; en todo caso, facilitareilla— aquí temos, en azul, a taxa de investimento na economía galega. Se se fixa, entre os anos 2008 e 2009, en Galiza investíase máis que na media do Estado; pero agora o que temos é unha caída en picado que nos sitúa 6,5 puntos por debaixo da media estatal e case 10 puntos por debaixo da media europea.



¿Sabe que quere dicir isto, señor conselleiro? Que o empresariado non confía no Goberno galego e non confía en Galiza para investir; e este é un fracaso da política industrial do Partido Popular. (*Aplausos.*) Esta caída do investimento —estou segura de que vostede o sabe mellor ca min— débese fundamentalmente á caída do investimento privado, mentres no Estado sobe e na Unión Europea tamén sobe; algo estará facendo mal o Goberno galego. Pero é que, ademais, este é un problema que se fai máis grave cando vemos outra tendencia, que é realmente moi preocupante, da última década. Vostede non fixo —nunca fai— mención a isto a pesar de que é un problema gravísimo, e é que estamos vendo como o aforro galego se está investindo fóra de Galiza de maneira masiva en vez de utilizarse para apoiar os nosos sectores produtivos (*Aplausos.*) e as necesidades de futuro do país; é unha consecuencia da liquidación das caixas, pero vostedes teñen que reaxir. (*Aplausos.*) É certo que (*A señora Pontón Mondelo ergue un documento que contén un gráfico, e móstrao ao resto da Cámara.*) —téñolle aquí outra gráfica— esta é unha tendencia que non é nova, pero hai un feito que é novo e que se empeza a producir neste mandato, e que coincide, efectivamente, coa liquidación do sistema financeiro galego. Vemos como, cada vez, o volume e a diferenza entre os depósitos e os investimentos é maior en Galiza. A cifra de 2022 do investimento galego —do aforro galego— que se investiu fóra foi de 27.000 millóns de euros; é case a metade do noso produto interior bruto. E este é un socavón que nos deixa o Partido Popular, e o que é grave é que non vemos nestes orzamentos ningunha medida para corrixir ese espolio que se está producindo do aforro galego; (*Aplausos.*) non hai preocupación, cando isto sería clave para ter investimento no país. (*Aplausos.*)

Non dan solucións aos problemas económicos nin dos sectores produtivos nin tampouco estes orzamentos van servir para mudar un mercado laboral que claramente está lastrado pola temporalidade, pola parcialidade e polos baixos salarios. Fíxense, perdemos poboación activa, temos menos poboación ocupada, pero cada ano deixan miles de millóns de euros sen executar en políticas activas de emprego. Foron 497 millóns sen executar só entre os anos 2019 e 2020; e aínda vemos que vostedes veñen aquí dicirnos —e, ademais, póneno nas súas notas de prensa— que reforzan, unha vez máis, as políticas de fomento do emprego. (*Aplausos.*) Con estes datos, señor conselleiro, hai que ter moita cara dura para dicir iso. (*Aplausos.*)

E permítame tamén que diga que estes non son os orzamentos da débeda cero; (*A señora Pontón Mondelo suspira.*) débeda cero, ¿débeda cero? —é que cren a súa propaganda—. ¿Débeda cero cando triplicaron a débeda pública deste país e nunca tanta débeda tivemos? (*Aplausos.*) E fíxese, o pagamento da débeda aumenta —¿eh?— un setenta e un por cento; case nada. Estes orzamentos, para os cales o PP di que a débeda non é un problema, resulta que a terceira consellería en número de gasto da Xunta de Galiza non é a innovación, non é a I+D+i, non é apoiar os nosos sectores produtivos —¡non, non!—; é que a terceira consellería é o pagamento da débeda, (*Aplausos.*) señor conselleiro —¡o pagamento da débeda!—, isto é mil cincocentos millóns de euros. (*Aplausos.*) Iso si, xustifican todo isto como fai sempre o PP: sempre hai alguén que está peor. Entón no PP, como haxa alguén que estea peor, eles xa están contentos. (*Aplausos.*) E nós cremos que hai que mirar os mellores —si—, porque nunca Galiza tivo tanta débeda: 14.156 millóns de euros; 5.243 euros por habitante. E —eu xa digo— o problema para o BNG non é que un se endebede, senón para que se endebedan. E nós preguntámonos para que endebedaron Galiza, cando o único que fixeron foi recortar e recortar



nos servizos públicos deste país; (*Aplausos.*) por iso preocúpanos a débeda, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

E o que xa é de traca —isto é de traca; isto si que a min me parece que hai que valer para facelo— (*Murmurios.*) é vir aquí criticar un acordo que consegue o BNG e que o que garante é que haxa igualdade de trato na débeda co noso país. (*Murmurios.*) ¿Podo seguir, señorías do PP? (*Murmurios.*) ¡Grazas! ¡Si!, ademais, isto denota unha forma de entender a política que é moi preocupante. Vostedes teñen unha estratexia electoral e como algo rompa a súa estratexia electoral, de repente, a realidade non vale, e o único que lles interesa é seguir con esa campaña populista da dereita que están facendo aquí; un populismo puro e duro en relación coa débeda, e moi perigoso para o futuro. Pero hai algo máis grave, e é que, ademais, vostedes non respectan nin os acordos desta Cámara. (*A señora Pontón Mondelo mostra un documento ao resto da Cámara.*) Nesta Cámara, nós tiñamos un acordo que asinamos hai moi pouco tempo porque foi no debate de política xeral: unha transacción entre o grupo do PP e o grupo do BNG, na cal incluíamos que, no caso de condonación ás comunidades que se adherisen ao FLA, que se compensase tamén equitativamente ás comunidades que non o fixeron. (*Aplausos.*) Facemos o seu traballo e parécelles mal; señor conselleiro, por favor, pónase a traballar e non desaproveite esta oportunidade. (*Aplausos.*)

Tamén me chamaron a atención as súas declaracións acerca de que nos venda conxelar as peaxes como un grande éxito; véndennos isto como un grande éxito, e logo critican todos os días que o BNG conseguise novas rebaixas nas peaxes estatais (*Aplausos.*) de ata o setenta e cinco por cento. Apliquen os mesmos descontos, como mínimo, nas súas autoestradas. (*Aplausos.*) E tamén tivo o valor de falar de sobrecostos nas infraestruturas. Mire, para sobrecostos, ese que acaba de denunciar o Consello de Contas de corenta e catro millóns de euros (*Aplausos.*) que imos pagarlles de máis ás construtoras por responsabilidade do Goberno do Partido Popular. (*Aplausos.*)

Son, desde logo, uns orzamentos que non ofrecen nada á xente moza e tamén son uns orzamentos inútiles nun aspecto que é central para o futuro e para o futuro da xente moza, como é preservar o territorio e loitar contra o cambio climático. Estamos ante un problema global, pero a resposta do Partido Popular foi recortar as actuacións ambientais e, por riba, non executalas. Fíxense, en relación co Programa de control ambiental e xestión de residuos, o ano pasado —no ano 2022— deixaron sen investir o trinta e cinco por cento. Vostedes non loitan contra o cambio climático; o que fixeron foi converter o Goberno galego nunha xestoría ao servizo das grandes multinacionais (*Aplausos.*) para facilitar a depredación do territorio e a depredación da nosa riqueza. (*Aplausos.*)

Falounos tamén vostede, conselleiro, dunha contía histórica en vivenda. A súa conselleira, que o está asesorando tan ben, pode comentarlle algo porque podería contarlle que estamos ante un abandono histórico en materia de vivenda. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —¡si, si!— Hoxe acceder á vivenda é misión imposible para a inmensa maioría dos mozos e das mozas, pero non só, senón tamén para moitísimas familias para as cales pagar o alugueiro se converte nunha auténtica odisea. Xa non digo, conselleiro, comprar vivenda porque o grave é que a inmensa maioría dos mozos e mozas non pensa en comprar vivenda porque nin dá alugado sequera un piso. Nesta materia vostedes teñen un legado que sería para que



se metesen debaixo da mesa e non saísen. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Entre o 2015 e o 2022 construíron vinte e dúas vivendas protexidas. Agora si, do que nos están intentando convencer é de que, a partir de agora, en dous anos van facer mil novecentas, (*Aplausos.*) é dicir, é unha auténtica tomadura de pelo; (*Aplausos.*) e fano, ademais, cun investimento que é, en cifras absolutas, menor que o que había no ano 2009 —que é cando empezou o mundo—. Ben, fíxense, só con manter o investimento que había no ano 2009, en Galiza teríanse destinado 1.687 millóns de euros á vivenda. ¿Saben cantas vivendas poderíamos ter construído? Once mil, para garantirlle á xente deste país o dereito a unha vivenda digna; (*Aplausos.*) algo que non fai o Goberno do Partido Popular. (*Aplausos.*)

En definitiva —porque vai rematando o tempo—, un ano máis, o Partido Popular tráenos a este Parlamento uns orzamentos insolidarios que non dan solucións aos problemas da xente, que non dan resposta aos grandes retos que temos como país, que nada aportan aos sectores produtivos, que non reverten os recortes nos servizos públicos e que, unha vez máis, deixan de lado quen máis o precisa mentres vostedes poñen unha alfombra vermella aos grandes *lobbys* económicos para os cales gobernan. (*Aplausos.*) Efectivamente, estes non son os orzamentos do BNG.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Remato, señora presidenta.

Imos defender unha alternativa a estes orzamentos porque tamén é certo que estes son os últimos orzamentos do Partido Popular. Moi pronto os galegos e as galegas van ter a oportunidade de falar nas urnas, e nós o que queremos dicirlles é que hai alternativa porque hai outra Galiza posible; unha Galiza en grande fronte a unha en pequeno que nos deixa o Partido Popular.

Moitas grazas.

(*Aplausos prolongados.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra, por parte da Xunta de Galicia, o conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, presidenta.

(*O señor Corgos López-Prado vírase e diríxese cara á señora presidenta.*)

¿Podo falar o que queira? (*O señor Corgos López-Prado ri.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Sen límite de tempo. (*A señora presidenta ri.*)

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Bueno, moitas grazas.



Moitas grazas, señorías, polas súas achegas, pola súa valoración dos orzamentos nun ton crítico, pero quizais máis construtivo, do señor Álvarez, e no ton habitual do Bloque Nacionalista.

As apreciacións que indican ambos os voceiros xa son de sobra coñecidas porque se repiten ano tras ano. Unha cousa que non me resisto a indicarlle á voceira do Bloque é que a min non me cadran os seus números do que custa unha botella de aceite porque o venres merquei unha botella de aceite a sete euros no Gadis e non a dez euros, (*Murmurios.*) que é case unha terceira parte máis; se cadra é que vostede compra aceite de oliva virxe extra ou dunha marca prémium e eu compro unha máis normalíña, (*Murmurios.*) pero, entón, non é esa a súa referencia.

En canto ás indicacións, as súas propostas son diferentes, e tentarei engadir as que son coincidentes para falar das mesmas. Ambos falan dunha planificación deficiente. A nosa planificación é ben coñecida, está publicada, está colgada na páxina web da consellería e séguese ano tras ano o Plan estratéxico de Galicia; polo tanto, si que temos unha planificación eficiente e si que temos unha fixación de prioridades en todos os eidos, non só no eido social, senón tamén no eido económico.

A crítica aos bonos tamén é común; quizais é sinal de que están ben deseñados, pero, bueno, tomamos boa nota para que saiban todas as familias galegas que, se fose por vostedes, o bono para axudar aos custos deportivos dos cativos entre seis e dezaseis anos non existiría ou que o bono de acompañamento de política social tampouco existiría.

Falan tamén de diferentes puntos de vista. Facemos historia de España e de Galicia da saída da crise, comparando dous vieiros diferentes de saída da crise, pero é que —xa o explicamos moitas veces— non é o mesmo falar dunha crise, como a pandémica, que necesitaba reactivar unha economía europea e mundial con novas achegas, e, por iso, todo o sistema financeiro mundial se puxo a iso, que dunha crise de débeda pública —unha crise de débeda soberana—. En todas as partes do mundo, ¿como se solucionan as crises de débeda pública? Reestruturando a débeda, ampliando os prazos de pago e estabilizando o déficit primario; é dicir, aumentando os ingresos e rebaixando os gastos. Isto faise en todas as partes do mundo e se volta a ver unha crise de débeda voltaranse aplicar as mesmas receitas, porque son as únicas que hai na Unión Europea e fóra da Unión Europea. E, por tanto, o que temos que facer é ter o maior colchón posible para non ter que entrar nesa situación de non retorno que implica unha crise financeira.

Obviamente o tema da débeda é o que é. Non vou engadir máis informacións. Xa é de todos sabido. Evidentemente, no peor das crise tivemos que endebedarnos e endebedámonos. Era preciso para manter o gasto público, os servizos públicos fundamentais. Nos peores anos da crise baixaban un vinte por cento os recursos do sistema de financiamento. Xa non se acordan —ou algúns teñen mala memoria—, pero é que no ano 2011, respecto ao ano 2009, os recursos do sistema de financiamento en Galicia baixaron máis de mil cincocentos millóns de euros, un vinte por cento dos recursos. E os recursos do sistema de financiamento autonómico globais baixaron un dezanove por cento tamén; en termos de caixa, máis de dezanove mil oitocentos oitenta millóns de euros. Esta foi a contribución do señor Zapatero á saída da crise, porque estamos a falar do ano 2011.



E, polo tanto, nós tivemos que reaccionar. E ¿como reaccionamos? Como un goberno responsable: encarando a crise, realizando as políticas de ingreso que eran precisas para apuntalar ese gasto e aumentando o endebedamento. O que fixemos é logo endebedarnos de xeito responsable no resto do período, cando se ía superando esta fase crítica á que acabo de referirme. Por iso non entendo este intento de tratar de reescribir a historia de Galicia. Pero mentres eu estea aquí, que teño boa memoria e estaba alí, podo contalo.

Outra cousa que nos botan en cara é o tema dos orzamentos históricos. Precisamente derivado deste recorte no financiamento autonómico de dezanove mil oitocentos oitenta millóns de euros, houbo moitos orzamentos ata o ano 2014 que non foron históricos, que baixaban. E quero lembrar que aquel sistema de financiamento autonómico aprobado no ano 2009 engadía dez mil millóns de euros para financiar daquela o que era a Lei de dependencia. Dous anos despois, no ano 2011, —como acabo de dicir— os recursos das comunidades autónomas baixaban dezanove mil oitocentos oitenta millóns de euros. Polo tanto, todos os fondos adicionais recollidos para financiar a dependencia desaparecieron en dous anos. E o dobre, case dez mil euros máis. Polo tanto, tivemos que financiar o maior crecemento do gasto social que experimentou a comunidade autónoma en toda a súa asistencia á custa das restantes políticas de gasto. De aí que, se analizamos unha evolución da suma de todas as políticas de gasto, claro que atoparán algunhas políticas de gasto que non crecen tanto como as restantes. Pero, miren, nas fundamentais, como dicimos, si que crecemos máis e si que teñen máis peso esas políticas de gasto que o lle daban vostedes cun orzamento récord no ano 2008 sen ningún tipo de ataduras nin de problemas.

Por exemplo, en sanidade. Vostedes dedicaban á sanidade un trinta e seis por cento do gasto non financeiro, 3.638 millóns de euros, e un 6,2 por cento do PIB daquela, cun gasto per cápita de 1.318 euros. Porque a sanidade e os servizos sanitarios préstanse ás persoas ¿verdade? Pois nós dedicamos 5.165 millóns de euros, un 39 por cento fronte ao seu 36 por cento; un 6,7 por cento do PIB e 1.913,9 —1.914— euros por persoa. Máis de seiscientos euros máis por persoa. Polo tanto, non sei de que me falan cando están a falar de recortes e de comparanza co investimento doutras épocas. Todo iso aforrándose máis de mil millóns en receita sanitaria.

A educación, máis do mesmo. Vostedes dedicaban un 22,9 por cento do orzamento. Nós andamos nos mesmos parámetros, pero o que si que é certo é que en gasto por poboación de dous a vinte e catro anos —que son os destinatarios da educación ¿verdade?— gastaban vostedes 4.220 euros por alumno no 2008. ¿Sabe canto gastamos nós? 5.612 euros por alumno; máis de mil euros por riba do que gastaban vostedes. *(Aplausos.)*

E por non falar de atención social e promoción social, na que —como digo— fixemos un esforzo investidor nas persoas, sobre todo nos maiores, que duplica o que facían vostedes. E sen financiamento, porque eliminaron o financiamento da dependencia xa no ano 2011 cos axustes do señor Zapatero. Pasamos de 543 millóns de euros a 1.303 millóns de euros; é dicir, dun 5,4 no seu goberno súper social do ano 2008 a un 9,8 nos orzamentos que se presentan para o ano 2024; ou, o que é o mesmo, dun 0,9 por cento do PIB a 1,7 por cento do PIB; ou, o que é o mesmo, dun gasto per cápita de 196 euros a un gasto per cápita de 483 euros. Polo tanto, non sei que comparanza queren facer vostedes no que atinxe ao gasto social. Pero, desde logo, a min os números non me dan.



Se fago esta mesma comparación no que se refire ao gasto educativo, quitando a educación superior, obtemos os mesmos datos. E se fago esta mesma comparación no que atinxe ao gasto educativo co resto de España, pois tamén atopamos que no financiamento, no investimento en educación entre poboación de idades de seis a dezaseis anos ou de dous a dezaseis anos está a nosa comunidade ben por enriba da media de España: 6.805,9 euros fronte a 5.7015,3 euros. ¿Que pasa? Que temos menos cativos, pero a educación préstaselles aos cativos; non se lle presta á xente da miña idade nin á dos meus pais. E o resto sería un investimento marxinal.

Pois isto foi o que aconteceu e os axustes que tivemos que facer. E o corolario de todo isto é a débeda. Efectivamente, como dicía antes, endebedámonos; e, como dicía antes tamén, atopámonos nunha situación de débeda ben por riba do que era a media das comunidades autónomas e agora estamos nunha situación en ratio de débeda PIB —que é como se debe medir a débeda— ben por debaixo.

E tamén me gustaría dicir que, se non queremos ser populistas, non deberíamos falar de custo da débeda incluíndo as cantidades que se dedican á amortización da débeda —os 1.300 millóns de euros que aparecen no capítulo nove— porque, como ben saben, eses fondos re-fináncianse de xeito permanente con ingresos pola mesma contía. Polo tanto, non drenan recursos para as restantes políticas de gasto. O único que drena recursos para as políticas de gasto é o Capítulo III, que si, efectivamente, crece, porque soben os tipos de interese. Os xuros da débeda pública soben, pero soben en moita menor contía que a media das comunidades autónomas e despois, como dixeran antes, de ter un custo real da débeda no ano 2022 —o menor de España— dun 0,6 por cento respecto ao principal da mesma.

Polo tanto, non sei cal é a súa crítica para a débeda. Nós actuamos de xeito responsable e nós non fixemos da débeda un problema para a Comunidade Autónoma. Por iso, para nós non é unha prioridade solventar o tema da débeda; a prioridade é solventar o tema do financiamento. Porque, como lle digo aos meus compañeiros das restantes comunidades autónomas, Galicia está infrafinanciada tamén en temas de financiamento, porque o sistema de financiamento autonómico non recolle de xeito axeitado a variable poboación axustada, porque non valora axeitadamente o custo da dispersión e o avellentamento da comunidade autónoma. E ese si que é o problema que ten a nosa comunidade autónoma e non o problema da débeda. A débeda non é un problema para nós. Será para outros, pero non para a Comunidade Autónoma de Galicia. Porque precisamente a actuación responsable deste goberno fixo que non o fose e tamén fai agora que os custos do endebedamento non o sexan.

Xa que falamos da débeda e dos legados en materia de vivenda a min gustárame saber por que o legado de vivenda que nós temos do BNG, do Bipartito, son os 112 millóns de euros que tiñan as Xestur cando nos encontramos co cambio de goberno na comunidade autónoma. Con catro compañías privadas que tivemos que fusionar e realizar un *proyect finance* para financiar estes 112 millóns de euros de débeda. Esa si que é a súa política de vivenda. Pero o fácil é falar sen números e sen ser obxectivo e o difícil é tentar asentar un proxecto de goberno serio e concreto.

No único que estou de acordo co señor Álvarez é no tema do exceso de burocracia da administración. Temos que seguir tentando loitar para eliminar este exceso de burocracia na ad-



ministración autonómica. Para iso, realizamos varias liñas de simplificación de proxectos e de procedementos administrativos. Pero, claro, evidentemente isto non aparece nos orzamentos.

Querería tamén falar un pouco do modelo económico, porque eu penso que si que se recolle un modelo económico na nosa comunidade autónoma. É o modelo económico que está prefixado no Plan estratéxico de Galicia, que aposta por incrementar a exportación e que aposta por incrementar o tamaño das pemes galegas, que son certamente moi pequenas para competir e innovar fóra. E tamén que se basea na investigación e no coñecemento.

E aquí tamén quero poñer en valor o esforzo continuado que se fai, orzamento tras orzamento, en investigación e coñecemento. Tamén, se comparamos os datos de investimento en investigación e o coñecemento vemos que case triplicamos o esforzo investidor nesta materia no ano 2024 respecto do ano 2008. A porcentaxe de gastos non financeiros era o 1,3 por cento e agora é o 2,5 por cento; pasamos de 325 millóns a 130 millóns e dun gasto per cápita de 120 euros a 47 euros. Polo tanto, reforzamos este esforzo investidor nos orzamentos, que é o primeiro paso para aumentar o investimento. Debemos ser quen de, mediante liñas que sexan útiles e competitivas, arrastrar o sector privado. Porque, como saben tamén, a maior parte do esforzo investidor realízase a través da empresa privada. Pero o esforzo en gasto público coido que é salientable e coido que debería poñerse en valor como piar do que é o modelo de crecemento e desenvolvemento da comunidade autónoma.

Cómpre falar tamén agora do desenvolvemento e da execución do Mecanismo de recuperación e resiliencia. A Comunidade Autónoma foi unha das primeiras comunidades que presentou un plan estratéxico con proxectos transformadores. Porque foi o que daquela nos dixeran e nós cremos que isto ía diso, de proxectos transformadores que mudasen a estrutura económica de Galicia cara a unha economía máis resistente a futuras crises e que avanza na transición ecolóxica e dixital. Puxémonos mans á obra a incentivar a creación de proxectos transformadores e presentarllos ao Goberno de España. Pero o que nos atopamos é que eses proxectos non terminan de atopar financiamento a través do Mecanismo de recuperación e resiliencia.

Como xa dixeran, no que se refire aos fondos que adxudicamos a través da comunidade autónoma, no día de hoxe e no que atinxe a este exercicio, xa adxudicamos preto do oitenta e oito por cento, preto do noventa por cento, dos 527 millóns de euros dos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia orzados para o ano 2023. Catrocentos sesenta e catro millóns de euros, aos que temos que engadir, como dicía, noventa e oito millóns de euros para exercicios futuros. A execución acumulada do mecanismo acada en adxudicacións 1.048 millóns de euros en convocatorias e licitacións xa publicadas, das que adxudicamos esa porcentaxe.

Na actualidade, os recursos do Mecanismo de recuperación e resiliencia, adxudicados polo Goberno central, acadan eses 1.421 millóns de euros. Gustaríanos tamén saber que ocorre cos restantes 1.600 que di o señor delegado do goberno que se están a investir na comunidade autónoma, porque non sabemos que foi deles. E gustaríanos tamén que nos explicasen que se vai facer coa addenda ao Mecanismo de recuperación e resiliencia, que recolle un impor-



tante continxente de fondos para garantías e préstamos adicionais e dos que nada sabemos tampouco ata o día de hoxe, logo de presentarse xa hai case un ano a devandita addenda.

E todo isto, como dicía antes, finánciase con política fiscal e, como tamén dicía antes, a política fiscal acumulada implica un aforro de máis de mil trescentos millóns de euros para todos os galegos, dos que, iso que tanto lles preocupa a vostedes, que é o imposto sobre o patrimonio, só supón unha pequena parte. Supoñía antes do axuste que se acaba de presentar polo Grupo Popular uns trinta e catro millóns e agora supoñerá bastante menos. Pero é que esta figura tributaria só contribúe a distorsionar o sistema tributario autonómico e nacional. E non o digo eu; dicíano vostedes mesmos cando retiraron no ano 2007 o imposto sobre o patrimonio.

Na análise que realizaba o Instituto de Estudos Fiscais, dependente do señor Solbes daquela, dicíase na avaliación do imposto sobre o patrimonio que non cumpre ningunha das funcións que lle foron encomendadas polo lexislador; que non cumpre un fiable papel censual coa súa actual escala de tipos; que xera un efecto confiscatorio que produce asimetrías evidentes —e non o dicía eu; dicíano o señor Zapatero e o señor Solves— no campo da equidade; que induce á deslocalización de activos financeiros; que o seu papel na redistribución e na reasignación de recursos parece inapreciable; que a súa contribución á xestión e á administración doutros tributos é irrelevante; e, por último, que a súa capacidade recadatoria resulta notablemente escasa. En definitiva, concluía o estudo: «nunca un tributo tan marxinal, que recadou tan pouco, complicou tan innecesariamente o noso sistema fiscal».

Isto era o que dicía o Informe do Instituto de Estudos Fiscais cando avaliaba —xa que lles gustan tanto as avaliacións das figuras tributarias— o imposto sobre o patrimonio. Isto é o que nos leva a nós a replantexarnos esta figura tributaria. E ademais gustaríame lembrar que, se van á memoria de beneficios fiscais, que se recolle de forma separada por primeira vez neste ano, pode apreciarse como o maior beneficio fiscal que recolle o imposto sobre o patrimonio son as deducións por establecementos empresariais, que é unha dedución estatal: máis de trescentos millóns, fronte aos sesenta e catro millóns de euros que supón a bonificación autonómica. Por tanto, non sei que me recriminan a min, se teñen na súa man aumentar exponencialmente a recadación do tributo.

O que non é de recibo é que se fagan e que logo aínda por riba se fale de sláalom ou de lerias dese tipo; que se faga chanza de invadir as competencias autonómicas en materia tributaria. Porque nós xa somos bastante maiorciños e queremos exercer o noso autogoberno sen necesidade de que invadan as nosas competencias desde a Administración xeral do Estado. (Aplausos.) Iso si que semella que non lles preocupa aos señores do Bloque Nacionalista Galego, que invadan as nosas competencias fiscais, cando é para tocar o imposto de patrimonio.

Para ir rematando xa, gustaríame pechar o que é o noso modelo social con tamén dúas críticas que se fan de xeito habitual. En primeiro lugar, falar da atención primaria e da educación. O gasto en educación e en atención primaria non medra máis que a media das consellerías; as consellerías medran un 4,4 por cento e ambos os dous gastos —a atención e o gasto sanitario— están na media, exactamente. Si que é certo que existen varios pro-



gramas de gasto e que o programa de primaria medra un 3,7 por cento, ben por enriba do programa de atención especializada, que medra un 3,4 por cento. Isto é o que acontece con estes programas.

Pero, alén do que son as cifras globais, tamén me gustaría dicir a que dedicamos estes recursos, que son especialmente importantes: en especial, a mellorar o funcionamento do servizo sanitario galego, da sanidade pública galega. O capítulo I, que non serve a ningún interese privado espurio senón aos traballadores do Sergas, ten unha suba do 5,3 por cento; 31 millóns máis, ata os 607. Refírome ao capítulo I de atención primaria, cunha suba menor á do capítulo I de atención hospitalaria, porque as melloras acordadas no ano pasado coas organizacións sindicais —relativas a melloras retributivas, a aumento de gardas e a quendas nocturnas ou en festivos ou novas prazas creadas para compensar o acordo de redución de xornada— fan medrar os recursos de atención primaria para o persoal do Sergas nesta contía e aféctanlle moito máis. Hai que lembrar que o persoal de atención primaria ordinaria xa experimentou melloras laborais a partir destes acordos unánimes do verán do 2022. De feito, nos orzamentos para o 2023 o capítulo I de primaria medrou un 6,3 por cento, fronte ao 5,1 por cento da hospitalaria. Tamén, desde a aprobación do Plan galego de atención primaria a creación de novas prazas nos orzamentos foi fundamentalmente para este nivel asistencial. E no capítulo VI tamén hai un forte esforzo, cunha suba dun 8,6 por cento, 4,8 millóns máis, que sitúan o capítulo de investimentos neste nivel asistencial por primeira vez vén por riba dos 60 millóns de euros, o que supón ter triplicado os 19,5 millóns de euros que consignou o seu goberno nos últimos orzamentos do ano 2009.

Por tanto, non entendemos moi ben que se nos critica. Ademais, resulta curioso que fixen como obxectivo un montante de gasto primario sen ter en conta o gasto en receitas, pero cando avalían o peso que ten en comparación co ano 2009 si que recollen o peso do gasto en receitas. Pois ben, a realidade é que xa o gasto total neste programa e nestes orzamentos é un dez por cento superior ao que tiñamos en 2009, pero se usamos o seu criterio de descontar a farmacia estaríamos a falar dun incremento dun trinta e cinco por cento.

E, no que se refire ás axudas de texto, pois tamén. É un proxecto do que estamos bastante contentos co seu resultado. Aumentamos o apoio investindo vinte e seis millóns de euros en axudas para libros de texto e material escolar, o dobre que antes da pandemia (eran doce millóns de euros no curso 2019-2020), logrando así que sete de cada dez alumnos sexan beneficiarios.

No que atinxe ao banco de libros, os libros gratuítos nos colexios desde terceiro de primaria a cuarto da ESO amósanse como un instrumento útil e que facilita e economiza a volta ao colexio. Un sistema moi valorado polas familias e centros. Levamos adquiridos trescentos cincuenta mil libros novos adaptados á nova lei estatal que aprobou Moncloa, dándolles de balde ás familias. Cada familia de media recibe unha media de seis libros. Por non falar das axudas para a compra de libros, que non se poden reutilizar para primeiro e segundo de primaria e nenos con necesidades educativas, que soben un doce por cento.

E, finalmente, tamén cómpre falar do libro dixital, porque os nenos que están en quinto e sexto de primaria reciben este libro dixital, reciben o acceso á Edixgal e reciben unha tableta



totalmente de balde para 64.200 alumnos. E, finalmente, falar do bono para material que reforza a convocatoria das axudas á compra de material escolar, consolidando un incremento de vinte e cinco euros para as familias con menos recursos. E ampliando esta medida para todas as familias con renda per cápita igual ou inferior aos dez mil euros, que antes eran seis mil euros. En total, 130.000 alumnos recibirán vales para material de 60 ou de 75 euros, un 37 por cento máis cando que no curso 2022-2023. Polo tanto, pensamos que estamos a facilitar a volta ao cole neste ano.

Pola miña banda, podería seguir falando aquí toda a mañá, pero vou ir tratando... Desde o Goberno defendemos a utilidade das nosas políticas... (*Murmurios.*) É unha brincadeira, non se poñan nerviosos. (*Murmurios.*) (*Risos.*) Bueno, discurso bolivariano. Señorías, desde o Goberno galego defendemos a utilidade destas contas para o vindeiro ano, xa que temos diante de nós os orzamentos máis altos da historia de Galicia. Uns orzamentos que reforzan o gasto social en case nove mil oitocentos millóns de euros para sanidade, educación, políticas sociais e políticas de emprego. Reforzan os investimentos produtivos — máis de dous mil oitocentos millóns de euros —, para seguir favorecendo o reequilibrio territorial e que Galicia sexa un territorio máis cohesionado e con máis oportunidades. Consolidan as rebaixas fiscais e inclúen novas rebaixas para impostos que non recorren a novo endebedamento por primeira vez en dezaseis anos. Todo isto co obxectivo de seguir a mellorar os servizos públicos e, por riba de todo, de mellorar a vida dos galegos e das galegas o vindeiro ano.

Por tanto, estes orzamentos pensan na estabilidade, cunhas finanzas solventes e consolidación de beneficios fiscais. Pensan nas persoas, co reforzo dos servizos públicos autonómicos, e nas persoas que máis o precisan. Pensan no futuro, para sentar as bases do crecemento de emprego no futuro.

Vexamos agora algunha das principais actuacións que recollen as contas do primeiro ano. Máis de 300 millóns de euros para infraestruturas e equipamentos en que a atención primaria e atención hospitalaria; 108 millóns de euros para novas medidas de apoio á competitividade empresarial; 97 millóns de euros para o bono coidado universal —ese que non lles gusta nada— e o complemento para as persoas que reciban unha axuda para as residencias privadas; 27 millóns de euros para a construción de vivenda en alugueiro social; 25 millóns de euros para o programa de atención ao alumnado con necesidades de apoio; 18,4 millóns de euros para o centro de protonterapia; 14,5 millóns de euros para a inclusión sociolaboral de colectivos vulnerables; 14 millóns de euros para emprendemento e competitividade; 12 millóns de euros para a dixitalización do sistema educativo; 9,6 millóns de euros para teleasistencia e vivenda conectada para os maiores; 9,1 millóns de euros para descarbonización das pemes e incentivos a enerxías renovables. Estes son algúns dos exemplos, pero —como dicía— podería continuar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Corgos.

Rolda para o grupo parlamentario non emendante, que é o Grupo Parlamentario Popular de Galicia.



Ten a palabra don Alberto Pazos. Ten vostede quince minutos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidenta.

Permítanme que comece mandando un cariñoso saúdo ao señor Santalices. Avogamos polo seu pronto e completo restablecemento.

Señorías, como sinalaba o conselleiro de Facenda na súa intervención, abordamos o debate do último orzamento da presente lexislatura. E debe saber, conselleiro, que botando a ollada atrás, analizando o comportamento que tivo Galicia e o desempeño amosado polo seu Goberno ao longo destes convulsos e complexos catro anos, os membros deste grupo parlamentario dificilmente poderíamos sentirnos máis orgullosos do traballo realizado por este goberno. *(Aplausos.)* Galicia foi quen de situarse entre as comunidades autónomas capaces de minimizar o impacto da terrible pandemia que padecemos. Galicia foi quen de situarse entre as comunidades autónomas que antes recuperaron o nivel de riqueza previo a esa pandemia. Galicia foi quen de superar as expectativas de crecemento cada un deses catro anos; de conseguir reducir as taxas de paro; de crear emprego; e de mellorar ano a ano a súa capacidade exportadora. Galicia foi quen de facer todo iso.

Pero, para comprender a importancia real do impacto da viaxe que comezamos naquel xa lonxano 2009, cómpre facer fincapé no dato que, ao meu entender, cobra maior importancia. Hoxe podemos dicir que o esforzo colectivo das galegas e dos galegos, o compromiso do conxunto deste gran país chamado Galicia permitiunos alcanzar un fito histórico: nestes quince anos Galicia creceu o dobre que o conxunto de España. Aquela Galicia gris e deprimida que recibimos do Goberno bipartito xa non é máis que un triste recordo do pasado. Foi quen de converterse no alumno avantaxado da clase e acadar o maior nivel de converxencia coa riqueza nacional de toda a nosa historia, o 92,9 por cento. Ese, señorías, é un legado que xa ninguén poderá arrebatarlle nin a este país, nin a este goberno nin a este partido. Ben orgullosos estamos. *(Aplausos.)*

Pero, sendo moi importantes os obxectivos logrados, aínda me parece máis importante o modo en que se alcanzaron eses obxectivos, porque Galicia acadou ese resultado sen asaltar salvaxemente o peto dos galegos. Tampouco tivemos que endebedarnos por enriba das nosas posibilidades, como si fixeron outros territorios máis preocupados por financiar ensoñacións separatistas que por procurar servizos públicos de calidade aos seus cidadáns. Non, señorías, este goberno pediu á sociedade galega un esforzo para mellorar o importante: a sanidade pública, a xustiza social, a educación dos nosos fillos e o emprego; 9.774 millóns de euros dedicados a eses catro piares neste orzamento. Un orzamento realizado sen ningunha colaboración do Goberno de España. Un orzamento presentado, tramitado e aprobado en tempo e forma. Un orzamento avalado pola autoridade fiscal independente. Un orzamento orientado a manter Galicia como illa de estabilidade no medio da tempestade institucional, política e incluso ética que asola España. Ese é o orzamento que vostedes pretenden devolver.

Vimos de escoitar as razóns da señora Pontón e do señor Álvarez para presentar senllas emendas de totalidade a estas contas. Dúas emendas que, en teoría, pretenden amosar o proxecto alternativo de nacionalistas e socialistas para este país. E a conclusión, señorías,



parece máis que evidente: non existe alternativa. Dado que hoxe debatemos as súas propostas, supoño que non se molestarán se me pronuncio sobre algúns aspectos singulares das mesmas.

A primeira das escusas —que non razóns— que tentan xustificar as súas emendas ten que ver co seu tradicional escepticismo sobre as previsións económicas realizadas polo Goberno galego. O certo é que cuestionar as previsións do Goberno xa é un clásico desta sesión. Eu penso que cando un conselleiro de Facenda se achega a este debate debe ter a mesma sensación que cando un espectador chamaba a *la bruja Lola*. Dá igual o que digas, dá igual o que contes; fagas o que fagas o resultado final vai ser o mesmo: dúas velas negras. E cada ano, por certo, máis negras as velas. Afortunadamente, señor conselleiro, o nivel de acerto da oposición tamén é bastante similar ao da señora Montero. E, para evitar malos entendidos, aclaro que por señora Montero me refiro a dona Lola e non a dona María Jesús, aínda que a nivel de prognósticos a ministra e a bruxa anden aí, aí. Non sei se se lembran vostedes, señorías: «O presidente Rueda inventa noticias sobre a condonación da débeda a Cataluña» ¡Que clarividencia, señorías!

E, falando de clarividencia, hai escasamente un ano a señora Pontón, exercendo de Nostradamus, anunciábanos solemne: «Dinnos que o PIB aumentará o 1,7 por cento e é falso. Galicia está moi cerca da recesión, cun crecemento que será cero, o peor de todas as comunidades autónomas.» Resultado: aumento do PIB en torno a 1,8 por cento, unha décima superior ao previsto polo Goberno galego.

Pero Nostradamus nunca se conformaría cunha única predición e a pitonisa ceniza do nacionalismo galego tampouco, así que engadiu: «Din tamén que o emprego vai subir un 0,7 por cento e é falso; os expertos vaticinan que Galicia perderá emprego, concretamente un 0,3 por cento». Resultado: trinta mil seiscientos ocupados máis e Galicia acada unha taxa de desemprego por debaixo do dez por cento. Pero é que incluso vaticinou o aforro que suporían as rebaixas fiscais do Goberno para un galego con ingresos inferiores aos vinte e dous mil euros. Vinte euros, afirmaba con pontoniana seguridade. A realidade dese aforro, señorías, alcanzou os trescentos setenta e nove euros para cada un deses galegos con escasos recursos económicos. ¡Trescentos setenta e nove! (*Aplausos.*)

E home, visto o resultado dos seus vaticinios, señoría, a min gustaríame facerlle hoxe a mesma pregunta que vostede lle facía ao conselleiro hai un ano, cando cuestionaba as previsións do Goberno. Dicía vostede: «¿Como poden acertar nas políticas que hai que aplicar, cando as súas previsións están fóra da realidade.» E preguntollo hoxe, señora Pontón: ¿como poden?

Señoría, leva dezaioito anos errando todas e cada unha das súas predicións. Xa nin sequera se molesta en xustificar o seu impenitente idilio co fracaso. Semella que, en cada unha das súas intervencións nesta cámara, vostede tentase replicar aquela famosa aparición televisiva do xenial Fernando Arrabal, seguro que se acordan vostedes: «El pontonianismo va a llegaaaaar...» ¡Pero non dá chegado, señora Pontón! O episodio do señor Arrabal xustificouse por unha desafortunada mestura de alcohol e tratamento farmacolóxico, pero aínda intentamos averiguar que xustifica a súa teimuda obsesión mesiánica, afortunadamente nunca



respaldada pola realidade dos feitos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señorías, non creo que mereza menos silencio eu que a señora Pontón, ¿verdade? (*Murmurios.*) Parece ser que si. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Podo? Grazas, señorías.

Outra das escusas —que non razóns— para presentar as súas emendas de totalidade está relacionada coa débeda. Resulta un argumento sorprendente, especialmente se temos en conta que socialistas e nacionalistas acostuman defender as receitas keynesianas para abordar os ciclos económicos. Señorías, calquera Keynesiano defendería que, no contexto de dúas crises económicas practicamente consecutivas e ambas de gran calado —as dúas máis importantes dende o crack do 29—, resulte necesario un endebedamento razoable do Estado para aumentar a demanda agregada e combater os efectos perniciosos da caída da actividade económica. E a mesma teoría levaríanos a reducir esa débeda nun contexto de crise inflacionista. Son as teorías que vostedes afirman defender, pero que esquecen por completo ante as necesidades de facer electoralismo que, en realidade, esa si é a única doutrina na que realmente cren.

Escoito, pleno tras pleno, como distintos deputados socialistas tentan convencernos de que a comunidade autónoma que menos incrementou a súa débeda, que mellor estrutura da mesma presenta e que menos xuros ten que pagar en relación ao total do orzamento merece unha crítica desapiadada. E claro que si, señora Pontón, comparámonos cos peores, porque ninguén está mellor que nós. ¡Os mellores somos nós! A mellor é Galicia. (*Aplausos.*) Eu recoñezo que despois de escoitalos empezo a entendela todo, porque parece ser que o seu referente en materia de débeda é a comunidade autónoma máis endebedada de España, á que vostedes, por certo, acaban de premiar cun trato privilexiado a cambio de sete votos, coa complicidade, por suposto, do BNG. Ese, señorías, non é o noso modelo.

A terceira das escusas —que non razóns— esgrimidas por vostedes é a dun Goberno que pensa en beneficiar os ricos. Un clásico. Falaba antes do importante crecemento do PIB per cápita do que desfrutou Galicia durante estes quince anos de gobernos do Partido Popular, pero creo sinceramente que en relación a este tema case resulta máis importante o «como» que o propio «que». Porque é moi importante crear riqueza, sen dúbida, pero tamén, sen dúbida, resulta capital coñecer como se reparte esa riqueza entre a poboación.

Cando chegamos ao Goberno no 2009, a taxa de pobreza de Galicia era superior á media estatal e iso obrigounos a tomar medidas para combater a exclusión social no noso país. Creo que podemos dicir con certo orgullo que, dende entón ata o de agora, Galicia leva quince anos consecutivos con taxas de pobreza inferiores á media de España. Pero, a pesar desta realidade obxectiva, vostedes insisten en describir unha Galicia na que se privilexia os ricos. E eu quero desmentilo recordando o contido do informe FOESSA, a referencia indiscutible en materia de pobreza no noso país, que afirma que: «En relación ao conxunto de España, o balance da crise é singular en Galicia desde o punto de vista da evolución do ingreso dos diversos grupos, dado que o maior incremento se ten dado nos ingresos do sesenta por cento da poboación, que constitúen as clases medias.» Señorías, non só somos a comunidade que máis crecemos, senón que tamén o facemos de forma máis xusta, distribuíndo a riqueza entre a inmensa maioría da sociedade galega. Polo tanto, eu pediríalles que deixasen dunha vez de intentar enganar os galegos. ¡Creo que xa abonda, señorías!



Porque tamén tentan enganar os galegos cando inflan artificialmente os ingresos da Comunidade autónoma e nin sequera son quen de coordinarse entre vostedes para facer crible o engano. Douscentos nove millóns de euros, propón recadar a maiores o BNG, fronte aos trescentos noventa e oito do PSdeG. Postos a inventar, ¿que máis ten? Señora Pontón, ¿como é posible que a mesma modificación do imposto de sucesións coa que o ano pasado acadaban vinte millóns de euros, este ano pase a recadar cincuenta e tres? Señor Álvarez, vostede que nos ía contar a verdade alternativa ao orzamento: ¿como é posible que unha mesma modificación do imposto de patrimonio, exactamente a mesma, supoña no 2002 28 millóns, o ano seguinte 60 millóns e este ano 77 millóns de euros? Señoría, ¿con que cifra nos quedamos? Porque dentro duns instantes, como é tradicional, vostedes van apoiar os cálculos errados do seu compañeiro adversario. ¿Onde está o criterio? ¿Onde está o seu rigor?

Pois debo dicir que, dende logo, nas propostas de gasto que fan, tampouco; porque vostedes contan as subidas que fan de certas partidas, pero non contan as rebaixas. Señorías, ¿mellora a sanidade pública eliminando o gasto postal para o envío das comunicacións dos cribados de mama, de colon ou de cérvix? ¿Mellora de verdade? ¿Mellora a sanidade pública reducindo en 65 millóns de euros a compra de material sanitario? ¿Unha sanidade sen vendas, sen apósitos, sen xiringas, sen catéteres? ¿Mellora a loita contra a pobreza reducindo en 46 millóns de euros a partida adicada á Risga? ¿Mellora a loita contra a pobreza reducindo en 13,8 millóns de euros a partida de loita contra a pobreza? ¿Van mellorar vostedes a atención desamocidade que tanto lles interesa reducindo un 30,5 por cento o orzamento de mocidade? ¿Ou van conseguir ampliar a tarxeta nova ata os trinta anos, como solicitan vostedes, señorías, recortando en dez millóns de euros a partida de transporte metropolitano?

Son apenas uns poucos exemplos da súa demagogia. Porque a realidade é que vostedes non viñeron a este pleno presentar un orzamento alternativo, senón un programa electoral. Un programa para un goberno alternativo, tan seguro e tan certo como o grupo parlamentario do BNG no Congreso, outro vaticinio errado da interminable lista da señora Pontón.

Señorías, resulta evidente que as propostas do Goberno de Galicia e as propostas da oposición son diametralmente distintas. Basta unha ollada aos acontecementos dos últimos meses para entender por que non podemos compartir plantexamentos con vostedes. Vostedes, que para defender as vítimas da violencia machista aprobaron unha rebaixa das penas aos agresores sexuais. Vostedes, que para defender a Constitución e a democracia aprobaron unha rebaixa das penas aos sediciosos e aos malversadores. Vostedes, que para defender os máis necesitados acaban de aprobar unha rebaixa da débeda dos territorios máis ricos. Vostedes, que para defender Galicia rebaixan as mesmas esixencias que asinaron hai catro anos para ofrecer aos galegos un pacto de garrafón. Señorías, ese xamais será o noso modelo. Nin o noso nin o da maioría dos galegos. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Remato xa, presidenta.

Non será o noso modelo e non será o modelo de Galicia. Por iso, imos seguir traballando por unha Galicia próspera, puxante e dona do seu futuro. Unha terra que non acepta que lle neguen



o que a outros lle regalan. Unha terra que, a diferenza de vostedes, non acepta sentarse na mesa dos cativos a comer o que se decide na mesa dos maiores. Galicia non acepta menús análogos. Galicia esixe sentarse na mesma mesa que os demais e escoller da mesma carta que os demais. Por iso, exactamente por iso, imos votar en contra das súas emendas. Porque estes deputados de aquí (*O señor Pazos Couñago sinala a bancada do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.*) cren nunha Galicia premium e, por iso, non imos aceptar que nos conten emendas de garrafón.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Pazos.

Continuamos coa rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes.

Por tempo de dez minutos ten novamente a palabra, para a defensa das emendas, o voceiro do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Luis Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, presidenta.

En orde inversa ás intervencións, señor Pazos. Para ser o Goberno bipartito un recordo gris, jmoito recorren a el! (*Aplausos.*) Sabe vostede que unha das estratexias básicas de superación é alonxar os malos records e non recorrer a eles permanentemente. Proben.

Mire, dixo vostede cousas verdadeiramente notables, como «asaltar salvaxemente o peto dos galegos». Seguramente, «salvaxemente» sería aplicable a algunha das cousas que vos-
tedes andan facendo nas últimas semanas por España adiante.

Mire, vostede si que vive nunha ensoñación e volve dicir por que. Porque dixo que estes orzamentos se fan sen ningunha colaboración do Goberno do Estado. Vostede debería repasar as aportacións que se fan e despois pedir humildemente, se é que encaixa no seu carácter, desculpas.

Mire, agradezo de verdade as súas escasas referencias á miña intervención, polo que conclúo que non está vostede moi en desacordo con ela. E citou vostede aquí «*la bruja Lola*» Home, eu creo que entre «*la bruja Lola*» e o Oráculo de Delfos hai cousas no medio. Tampouco tiña vostede que vir degradar o debate desa maneira.

E, para rematar coa súa intervención, creo que estivo vostede un tanto histriónico, díggollo desde o respecto. Porque esa sobreactuación, esa imitación, creo que evidencia que o opacismo non vai chegar; xa chegou.

Señor conselleiro, agradezo o seu ton. Eu tamén podería falar aquí toda a mañá e toda a tarde con respecto a estes orzamentos. Di que nós facemos críticas repetidas. Claro, ¡é que vostedes repiten os mesmos erros nos orzamentos ano tras ano! Polo tanto, ¿como non imos facer críticas repetidas? (*Aplausos.*)

Hai unha planificación deficiente, porque estes orzamentos, xa llo expliquei, non se adecúan ás necesidades que ten a nosa comunidade autónoma. E chamoume a atención que vostede



citase o bono deportivo pero non fixese referencia ao tema dos cruceiros. Debe ser que tam-pouco lle gusta moito. *(Aplausos.)*

Explicou vostede o tema da débeda. Si, sabemos todos cal foi o problema da caída de ingresos fiscais das comunidades autónomas —de todas as comunidades autónomas—, pero o certo é que vostedes multiplicaron por 2,5 a débeda desta comunidade autónoma. *(Aplausos.)* Esa é a realidade, tendo a mesma realidade —insisto— todas as comunidades autónomas.

E faloume aquí de que hai máis de mil euros por alumno de diferenza con respecto ao Bi-partito, pero a pregunta que lle formulo como procedente do gremio é: ¿esa diferenza en que se traslada? Se hai menos profesores e os que hai teñen as peores condicións laborais de todo o Estado, ¿de que serven eses mil euros?

¿Galicia está infrafinanciada? Compartímolo. Compartimos con vostede, co seu enunciado, que é necesario reformular o sistema de financiamento autonómico. Levámolo dicindo anos; xa cando o señor expresidente do goberno, o señor Rajoy, estaba no goberno e non activou os procedementos para reformular o sistema de financiamento que tiña que ter activado. Contarán vostedes, no dubidoso caso de que sigan no goberno, co apoio do Partido Socialista de Galicia. A pregunta é: ¿ao revés tamén? ¿Contaremos nós, que imos gobernar, co seu apoio para reformular o sistema de financiamento autonómico? *(Aplausos.)*

Mire, do Mecanismo de transformación e resiliencia mellor non falamos, tendo en conta os sucesivos listados que foron vostedes enviando ao Goberno do Estado. Dunha folla ata mal confeccionada desde o punto de vista da maquetación elemental dun procesador de textos ou dunha folla de cálculo a un mamotreto con non sei cantos centos de proxectos que foron engadindo.

En materia de política fiscal citan vostedes permanentemente os mil trescentos millóns de euros de aforro para o peto dos galegos. ¿Por que non nos din dunha vez cal é a media que supón por contribuínte ese aforro fiscal en Galicia?

Mire, en materia de sanidade di vostede o que di, pero escusa e omite dicir que a Conse-llería de Sanidade ten un incremento menor que a media das consellerías. E, dentro dese menor incremento, a atención primaria ten un menor incremento que o resto dos pro-gramas.

E chámame poderosamente a atención que algunha das medidas do programa económico do Partido Popular —e non o neguen, porque son propostas do non-presidente do goberno do Estado, o señor Núñez Feijóo— son (ou eran) cousas tan notables como as seguintes. Unha auditoría das contas públicas. ¿Vana facer vostedes? Non, sería suficiente con que fi-xesen caso dos informes do Consello de Contas.

Devolver a independencia ás institucións e a seguridade xurídica aos investidores cun novo sistema de nomeamentos —ollo aquí— nas institucións que garanta a súa independencia e a capacidade de todos os altos cargos. E isto —señor conselleiro, dende o respecto— move á risa vendo as súas rotacións e algún que outro nomeamento.



Medidas antiocupación. ¿Que terá que ver a ocupación co impulso económico que necesita este país? Compromiso coa simplificación normativa. Atención ao que dicía o señor Núñez Feijóo: «por cada lei ou regulamento que se poña en marcha, eliminaranse tres existentes». Iso a verdade é que soa a oferta de supermercado, porque ademais saben que é inviable.

Fortalecer a cogobernanza dos fondos europeos a través da creación dun órgano, xunto coas comunidades autónomas e o sector privado, para que sexa realmente un proxecto de estado... bla, bla, bla. Mire, cada vez que estaban vostedes chegando a Bruxelas para que os seus pretendidos éxitos internacionais, consistentes en degradar os avances de España, fosen postos en cuestión pola Comunidade Autónoma, atopábanse vostedes co recoñecemento da Unión Europea ao Goberno de España. ¡Que triste vivir de facer de menos os teus!

Garantir o control da medición de resultados cun órgano no Parlamento, como fixeron todos os países europeos. Isto é para nota. Xusto —como dixen na miña primeira intervención— o que pedimos dende o PSdeG en repetidas ocasións, un plan de atracción de talento, cando en Galicia o ano pasado se foron oito mil douscentos galegos e galegas con estudos superiores.

Duplicar o investimento anual en infraestruturas de auga novas e existentes. Pregunto, ¿saben algo disto os de Augas de Galicia? Supoño que non. Máis que nada pregunto por se tivesen que modificar ou repensar o seu moi obxectivo sistema de convenios con concellos.

En fin, consellos vendo que para min non teño. Porque ¿que hai de todas estas medidas nos orzamentos que presentan vostedes neste proxecto de orzamentos? Son orzamentos ordinarios que non dan resposta aos problemas extraordinarios. Serán unha nova oportunidade perdida que desaproveita eses orzamentos, que se ven reforzados, señor Pazos, coas transferencias do Estado. O que nos leva a pedir unha vez máis que se aproveiten eses recursos para colaborar e cumprir cos eixos do Plan de recuperación e saír todos xuntos desa crise e que ninguén quede atrás.

Mentres tanto, reducen douscentos cincuenta euros para todos os galegos no IRPF, incluídos os máis ricos; rebaixan dous millóns de euros en medidas de apoio á conciliación; quitan un millón de euros en programas de solidariedade: reducen tres millóns de euros en partidas de servizos sociais comunitarios que integran o Plan concertado de servizos sociais cos concellos; e, por se iso non fose suficiente, rebaixan once millóns de euros a dependencia, que medra, pola contra, en cento vinte e oito millóns polas transferencias que se fan dende o Estado. Tamén reducen en doce millóns de euros o Programa de mellora para o fomento da empregabilidade, do que, por certo, deixaron sen executar sesenta e seis millóns dende o ano 2022.

Temos que cuestionar que os orzamentos da Xunta de Galicia empreguen os fondos adicionais para beneficiar uns poucos privilexiados, logo de ter multiplicado —como dixen antes— por 2,5 a débeda dende que o señor Feijóo e Rueda chegaron á Xunta no ano 2009; sen que iso servise para mellorar a vida das galegas e os galegos. E véndennos agora o milagre da débeda, que presenta como un éxito que este ano non teñan recorrido, cando sabe vostede perfectamente que é unha regra fiscal obrigada para todas as comunidades autónomas. É dicir: o que hai que aplicar en todas, aquí é un éxito.



A verdadeira singularidade —xa llo dixen antes— destes orzamentos é que son electoralistas, que pretenden gañar a popularidade que saben perdida a base de favorecer segmentos poboacionais con medidas de nulo impacto global.

Vostedes están nunha situación delicada. Iso lévaos a actuar como unha extensión do señor Feijóo, que anda máis pendente de ver por onde o adianta a señora Ayuso e de apadriñar manifestacións que de ser útil como oposición, que é onde os puxemos os galegos e as galegas e todos os españois. *(Aplausos.)*

Rompen consensos cada semana, o último na asemblea da Fegamp. Iso é así porque resulta que lles pareceu mal unha visita do señor Besteiro a unha institución que é de todos. Vostedes, que son os campións das fallas de respecto institucional. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Remato, señora presidenta. Mire, ¿cal é o problema? ¿Que se denunciase alí que a Xunta non é clara nin transparente nas transferencias aos concellos? ¡Pero se iso sábeno ata as alcaldesas e alcaldes do Partido Popular! Están vostedes tan nerviosos —e remato— que eu recomendaríalles un cruceiro para tranquilizarse. *(Risos.)*

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Álvarez.

Para a defensa das emendas ten novamente a palabra, polo Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Ana Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Moi bo día de novo.

Vexo que ultimamente o Partido Popular fálanos moito de garrafón. Vostedes saberán por que. En todo caso, a min a sensación que me dá é que o problema é que temos o señor Rueda descolocado co acordo de investidura do BNG. Aínda non lle pasou a resaca dese acordo, que fai o que el non é capaz de facer, que é defender os intereses dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)* Teñen, efectivamente, unha tremenda resaca, porque este acordo demostra a incapacidade política do Partido Popular para defender os intereses deste país.

Miren, eu xa sei que non podo estar ao nivel do portavoz do Partido Popular, que nos dá unhas leccións de parlamentarismo que creo que xa están estudando en todas as facultades de Ciencias Políticas do mundo. En todo caso, intentarei humildemente expresar cal é a opinión política do meu grupo e defender aquí cales son as nosas alternativas.

Señor conselleiro, vostede hoxe deunos unha primicia; díxonos que non pode mercar aceite de oliva. Pois imaxine o que lle está pasando á maioría da xente deste país. *(Aplausos.)* Si, si,



imagine como está o resto ou imagine como están os que cobran as pensións non contributivas, que vostedes manteñen conxeladas nestes orzamentos.

Falounos tamén de que hai un problema de fondo co modelo de financiamento. Benvido, señor conselleiro. ¿Onde estaba o Partido Popular cando Feijóo asinou do seu puño e letra este sistema de financiamento que discrimina este país? (*Aplausos.*) O BNG non o avalou co seu voto no Congreso; o Partido Popular asinouo, concretamente o señor Feijóo, el persoalmente. E aquí vén a segunda derivada: ¿que fixo vostede para cambialo? ¡Porque son o Goberno de Galiza, aínda que non exerzan como tal! (*Aplausos.*) Non moveron un dedo nin un papel; bloquearon a comisión deste Parlamento. Absolutamente nada, señor conselleiro. ¿Saben por que? Porque vostedes non están actuando como goberno galego. Son única e exclusivamente unha delegación do Partido Popular de Madrid. (*Aplausos.*) E, con esa submisión, Galiza perde. (*Aplausos.*)

Entendínlle —corríxame— algo así como que «se fose por nós non habería cheques». Dixo que se fose polo BNG non habería cheques. Eu o que podo dicirlle é que, se fose polo BNG, os libros de texto neste país serían gratis e, en vez de ter a volta ao cole máis cara da historia, teríamos a volta ao cole máis barata. (*Aplausos.*) Porque a xente o que necesita non son cheques; son dereitos que garantimos no sistema educativo. (*Aplausos.*) Porque, miren, por moito que se empeñen o que é evidente é que os galegos e as galegas non queren cheques electoralistas; queren ter salarios dignos que lles permitan chegar a fin de mes, facer as súas compras, pagar o seu ocio e as súas vacacións. Os galegos e as galegas non queren cheques para cruceiros; o que queren é unha sanidade pública de calidade. Queren que a xente moza non teña que marchar, queren poder pagar un alugueiro ou queren poder chegar a fin de mes. E nada disto se soluciona nin cos seus cheques electoralistas nin tampouco con estes orzamentos. (*Aplausos.*)

Precisamente por iso hoxe neste debate que vai darse ao longo do día o BNG quere dicirlles aos galegos e ás galegas que hai outra forma de xestionar os recursos públicos: a favor da maioría, desde a confianza en Galiza, pensando no interese xeral e non no interese particular dos grandes *lobbys* económicos, que é para os que vostedes gobernan, vendendo este país. Porque, efectivamente, hai outra Galiza posible e tamén hai outros orzamentos posibles. Desde o BNG dicímolo: é posible unha Galiza onde teñamos unha política fiscal xusta, na que pague máis quen máis ten e non facéndolle agasallos fiscais aos ricos, como fai o Partido Popular.

É tamén posible unha Galiza que reforce os servizos públicos, as políticas de igualdade. Miren, nós temos moi claro que unha sociedade se mide polo sistema de protección e cuidados que pode ofrecerlle á súa cidadanía. Por iso, nós cremos que hai que investir máis en benestar e investir en sistema público, empezando por reforzar a atención primaria. Porque é que poden torturar os orzamentos e as estatísticas todo o que queiran, porque a realidade é a realidade e o que necesitamos son máis recursos para a atención primaria. Nós propoñemos incrementar en douscentos cincuenta euros os recursos de primaria. ¿Para que? Para máis medios, para máis servizos, para máis especialidades; incluíndo algo que nos parece central, que é que haxa psicoloxía clínica en atención primaria, porque sabemos que a mocidade e as familias están mandando un berro de auxilio, e hai que atendelo xa.



Creemos que é fundamental que se reduzan as listas de espera, tanto para operacións como para diagnósticos, porque esa espera pode ser determinante para a vida dunha persoa. Reclamamos que se destinen 130 millóns de euros para ese fin.

En materia de igualdade, señor conselleiro, temos un problema gravísimo neste país, que se chama violencia de xénero, e os recursos que destina a Xunta de Galiza a este fin son mínimos. Nós propoñemos algo que eu case diría que é unha política de mínimos; propoñemos que o 1 por cento do orzamento se destine a loitar contra a violencia machista, que destine-mos 1 de cada 100 euros a loitar contra ese machismo que está asasinando as mulleres neste país polo simple feito de selo. *(Aplausos.)* ¿Que vai votar o Partido Popular? *(Aplausos.)*

Falamos tamén de educación, que leva sufrido durante estes anos os recortes do seu goberno, e preocúpanos. Ten que haber máis profesorado. Unha cuestión que é clave para o futuro é garantir a igualdade de oportunidades. Precisamente por iso queremos poñer o foco en que hai que reforzar os servizos e os recursos para atender os nenos e as nenas con necesidades educativas especiais; eses nenos e nenas que non poden quedar atrás, e nós propoñemos un plan de reforzo.

E, neste bloque que ten que ver cos servizos públicos, queremos falar tamén da atención ás persoas maiores. O compromiso coas persoas maiores ten que demostrarse nos orzamentos, e para iso o primeiro, o mínimo, despois de todo o que vivimos nesta pandemia, é impulsar un novo modelo de residencias. E queremos dicilo claro: nin beneficencia nin fondos voitres, senón xestión cen por cento pública. É o mínimo que lles debemos ás persoas maiores, e non seguir privatizando. *(Aplausos.)*

Tamén sabemos que é posible unha Galiza que avance en dereitos e en solidariedade nun momento de crise. Señorías, cos prezos disparados, eu, desde logo, non me esquezo de que neste país hai moitas familias, moitas persoas, que o están pasando mal e que non teñen para o básico. Se houbese esa convicción por parte do Goberno, estarían apoiando as propostas que defendemos desde o BNG, como un plan de vidas dignas, con 60 millóns de euros, que nos permita recuperar a Tarxeta Básica para a compra de alimentos e medicinas e poñer en marcha unha renda galega de inserción laboral, porque as desigualdades dos galegos e das galegas xa existen, e nunha parte moi importante creounas este goberno coas súas políticas.

Tamén temos claro que hai que incrementar o tramo autonómico das pensións non contributivas. Propoñemos que aquí haxa un salto de xigante nun momento de crise, porque iso de que non queren deixar a ninguén atrás tamén se demostra nos orzamentos. Fronte aos 14 euros do plan do Partido Popular, nós propoñemos un incremento de 1.000 euros ao ano. Non sei se son conscientes da diferenza que suporía para estas persoas que reciben este tipo de pensións. Pídlles que, antes de votar que non a esta proposta hoxe pola tarde, se poñan por un minuto no lugar, na pel desas persoas.

E tamén, señorías, nós estamos convencidos e convencidas de que é posible unha Galiza produtiva en todos os ámbitos que sexa a vangarda da ciencia e da innovación. Por iso para o BNG será prioritario un pacto galego pola ciencia e un plan de fomento da actividade tecnolóxica e industrial que nos permita mobilizar máis de 325 millóns de euros.



En definitiva, nós sabemos que hai outra Galiza posible e que estes non son os orzamentos que precisa o noso país, cando seguimos en plena crise de prezos e con grandes retos sobre a mesa. Tamén sabemos que, lamentablemente, o Partido Popular non vai escoitar nin unha soa das propostas que estamos poñendo sobre a mesa desde a oposición, en concreto do BNG. Non van escoitar nin unha soa, porque vostedes prefiren a súa soberbia política a poñer en marcha políticas eficaces para a maioría deste país.

En todo caso, os galegos e as galegas van ter a oportunidade de falar moi pronto nas urnas, e nós queremos dicirlles que hai outra Galiza posible, unha Galiza mellor, que avanza, unha Galiza que é capaz de confiar en si mesma, de facerse valer, para aproveitar toda a súa riqueza ao seu favor e, desde logo, para afrontar os retos de futuro. Ese é o compromiso...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que adquirimos desde o BNG fronte a un goberno que nos está demostrando que non ten nada, nada que ofrecerlle a este país. *(Aplausos prolongados.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Na rolda de peche ten novamente a palabra o señor conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, señoría.

Grazas de novo, señora presidenta.

Grazas, señorías, polas súas apreciacións e por este debate.

Xa me quedaran temas sen tocar na anterior intervención e agora acumúlanse, pero imos tentar responder algunhas das cousas indicadas hoxe.

O que si que queda de manifesto e ben claro son os dous modelos que temos de orzamento, de técnica orzamentaria, aquí, enriba da mesa. Os grupos da oposición apostan por gastar máis e por incrementar os impostos aos galegos para o vindeiro ano, un ano no que a presión dos prezos vai seguir permanecendo alta; con tendencia á moderación e á baixa, pero vai seguir permanecendo alta. O Grupo Socialista, 260 millóns, e o grupo nacionalista, 210 millóns máis de impostos que queren recargarlles aos galegos, con novos impostos, ou aumentando os existentes. A cambio diso, aumentan algunhas políticas de gasto, como indicaba anteriormente. Nós estamos radicalmente en contra. Non estamos a favor de aumentar os impostos, e menos nun contexto económico como o actual. Esa é a principal diferenza.

No que se refire ao financiamento e aos recursos que nutren este orzamento, evidentemente, si que é certo que aumentan algúns recursos finalistas, pero os que máis aumentan son os fondos procedentes da Lei de dependencia e que derivan dese mecanismo de financiamento, que



é un financiamento mínimo por dependente atendido. Polo tanto, como nós estamos cada vez atendendo máis maiores co sistema de dependencia, por iso se incrementan os fondos finalistas que o financian. Outra alternativa era eliminar este financiamento e incluílo no sistema de financiamento autonómico. Pero logo falamos un pouquiño do sistema de financiamento autonómico, porque son curiosas algunhas das apreciacións que se fixeron aquí. Polo tanto, ese é o motivo de por que medran os principais fondos finalistas, xunto coa repartición nas conferencias sectoriais dos departamentos que financia maiormente Emprego e Vivenda, as diferentes políticas de gasto, con fondos que non se inclúen no sistema de financiamento.

En segundo lugar, de novo recordan que a débeda da Comunidade Autónoma incrementou... Si, xa o dixemos, non estamos dicindo o contrario. Claro que nas épocas de dificultades, cando tiñamos 1.500 millóns de euros de recursos do sistema de financiamento menos nos orzamentos, tivemos que recorrer á débeda, pero logo fixemos unha administración eficaz dese incremento e, nos peores anos, tamén fixemos unha xestión eficaz. Por iso, efectivamente, a débeda da Comunidade Autónoma aumenta un 2,5 por cento —2.2 por cento segundo o dato que se tome como referencia—, pero é que a débeda das restantes comunidades autónomas aumentou un 3,4 por cento, moito máis que a nosa. Por iso, nós fixemos que non fose un problema para nós, e por iso nós podemos facer fronte ao pago do servizo da débeda sen ningún tipo de problemas hoxe en día.

Señor Álvarez, se na revisión do apoio do sistema de financiamento, cando se revise —a ver se chega algún día esa revisión—, a súa postura é substancialmente semellante á que ten o Goberno da Comunidade Autónoma, por suposto que a apoiaremos. Espero que vostedes apoien a nosa postura. Nós, se fose ao contrario, tamén apoiariamos as súas teses, pero sempre que se aposte por incrementar ese concepto de poboación axustada, ponderando axeitadamente o avellentamento e a dispersión propios da Comunidade Autónoma de Galicia e, polo tanto, achegando os fondos precisos para financiar os servizos públicos fundamentais na nosa Comunidade Autónoma.

No que se refire aos listados do Mecanismo de recuperación e resiliencia, nós fixemos diligentemente o que nos indicou o Goberno central en cada momento, e resulta que imos ter que contarlle agora á Unión Europea que os fondos do Mecanismo de recuperación os reparte o señor Sánchez, que non veñen da Unión Europea, e que eses listados que mandamos non valen para nada. Pois ben, eses listados de proxectos tractores eran listados que conformamos á vista do que se nos indicou inicialmente e elaboramos diligentemente; como diligentemente tamén tiñamos —e fomos dos primeiros de España en telo— un plan estratéxico para financiar eses proxectos. O que pasa é que os PERTE non se están a executar e os fondos non chegan a eses proxectos transformadores. Ese é o problema, en realidade, do Mecanismo de recuperación e resiliencia, o problema da súa infraexecución.

E, por último, e tamén en relación coas afirmacións que se dixeron sobre a sanidade, na páxina 151 do Informe económico e financeiro indícase cal é o peso das políticas de gasto consolidadas das diferentes consellerías, e aí vese que o incremento do orzamento consolidado das consellerías é un 4,4 por cento e que o incremento de sanidade é exactamente o mesmo, un 4.4 por cento. Polo tanto, a sanidade non medra menos que o incremento medio de gasto das diferentes consellerías no que atinxe ao gasto non financeiro.



En canto ao grupo nacionalista, refírense aos acordos de investidura, e eses acordos de investidura reafirman un pouco o que se sinalou. O acordo sobre a débeda pública é unha réplica do que unha semana antes acordara o grupo catalán. Evidentemente, debe estenderse a todas as comunidades autónomas porque, se non, sería ilegal, vulneraría o principio de igualdade da Constitución e o artigo 2 da Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas. Pero, alén diso, o que pasa é que o que non podemos deixar é que os que marquen as regras do xogo sexan os que teñen unhas prioridades que son diferentes ás da Comunidade Autónoma galega. Non debemos facer seguidismo do que fan outras comunidades que non teñen os mesmos intereses que a nosa, por iso non podemos estar de acordo con isto. Ademais, como ben saben, a débeda non desaparece, a débeda é como a enerxía, que só se transforma. Pois aquí, neste caso, o que acontece é que cambia de mans, pasa das comunidades autónomas á Administración xeral do Estado, pero a débeda da Administración xeral do Estado é de todos os españois, tamén dos galegos. E se facemos un sumatorio dese 20 por cento de débeda que se quere quitar ás diferentes comunidades autónomas, vemos que as teñen unha porcentaxe de débeda por debaixo da media, como a nosa, van ter que asumir na parte común unha parte moito maior, en particular, 600 euros por galego. É o que toca con ese acordo tan fabuloso que acaban vostedes de negociar para centrifugar a débeda catalá.

Polo tanto, non o podemos compartir. Non podemos compartir ese acordo de investidura, e pregaríalle, por favor, señora líder do Bloque Nacionalista Galego, que nos deixe a nós, ao Goberno de Galicia, negociar o que aconteza coa débeda de Galicia. *(Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É que esa non é a nosa prioridade, xa llo dixen. Podían ter colaborado moito máis cando se negociou o sistema de financiamento autonómico; podían, na comisión que se creou para este mesmo orzamento, facer propostas favorables positivas para a Comunidade Autónoma, pero non foi así. E aí si que non están de acordo co Grupo Socialista, nas propostas da comunidade autónoma. En vez de apoiar o Goberno e levar a Madrid unha posición de forza, respaldada por todos os grupos da Cámara, o que fixeron foi adicarse a facer oposición nesa comisión. Así non axudan vostedes ao financiamento, señora... *(Aplausos.)*

Din que vostedes renuncian ás axudas e que os cheques son electoralistas e, polo tanto, que recomentan que non se empreguen eses cheques. Nós estamos a favor e defendémolo. E unha cousa para os dous líderes da oposición: quizais deberían coller un deses cruceiros que se ofrecen. Eses cruceiros derivan dun acordo para os titulares da Tarxeta Xove e da de máis de 65 anos que non ten custo para as arcas autonómicas. Só ten descontos para eles. Polo tanto, non lle vai custar nada ao orzamento consolidado da Comunidade Autónoma. *(Murmurios.)* É para que o teñan en conta e para que poidan aproveitarse tamén vostedes dos cheques electoralistas do grupo do Goberno. *(Murmurios.)*

Polo tanto, o que se pon de manifesto aquí é outra forma de gobernar. Por unha banda, máis impostos, máis de 210 millóns de euros do Bloque e máis de 260 millóns de euros de impostos do PSOE para o vindeiro exercicio e máis gasto.

E, por outra banda, a contraposición do grupo que soporta o Goberno: menos impostos, máis gasto social e menos débeda.



Gustaríame rematar tamén referíndome á afirmación que se fixo no que atinxe á educación. Como acaban de ver, o gasto educativo debe referirse sempre ao número de alumnos. Amosamos que o gasto por alumno se incrementou desde o ano 2008 —é a única referencia que temos, por iso nos referimos a ela— máis de mil euros. E, ademais, desde entón, o único que evolucionou —deixando á parte xa as cifras— foi o número de profesores por alumno —que están a aumentar—, a ratio das clases e a atención á inclusión dos nenos, dos nosos alumnos, xa que temos a atención máis inclusiva de España.

Pechamos, pois, este amplo debate, como lles dicía ao principio, o máis importante de cada ano en materia económica; un debate que, aínda que se produce nun momento de incertezas, desde Galicia queremos afrontalo poñendo en valor a nosa estabilidade política e institucional; un orzamento que responda ás necesidades das familias e das empresas para o vindeiro ano.

Como dicía antes, quero agradecer o ton das propostas de todos os grupos parlamentarios. Malia non coincidir no fondo coa maioría delas, posto que, como é lóxico, non estou de acordo con estas, como acabo de sinalar, nun debate destas características sempre é positivo contraponer argumentos e recoller suxestións, algo que contribúe a melloralo.

Señorías, en cada orzamento tentamos acertar para dar resposta á conxuntura na que ten que ser executado. Modestamente, creo que así está a ser co vixente, co deste ano. E a nosa intención e o noso compromiso é que sexa o mesmo que o do vindeiro ano 2024.

Pese a todas as dificultades e incertezas das que temos debatido, prevemos que a economía galega e o mercado de traballo evolucionen mellor do que previamos hai un ano nas actuais contas, e coido que é algo positivo, do que todos nos teriamos que alegrar.

Igualmente, e pese aos síntomas de ralentización económica global, Galicia está en condicións de manter un crecemento económico estable e sostido, mellorando en 2024 a evolución deste ano, algo diferencial respecto do conxunto de España.

Sen dúbida, estes orzamentos son os que contan con máis recursos e historia e deben contribuir a alcanzar este último obxectivo.

Temos claras as prioridades: queremos investir en estabilidade, queremos investir nas persoas e queremos investir no futuro dos galegos, cunhas contas prudentes, pero ambiciosas, que buscan axudar e acompañan a cidadáns e a empresas, en especial aos máis necesitados. Para iso presentamos á Cámara uns orzamentos que consolidan as importantísimas rebaixas de impostos aprobadas dende o ano 2016, que se complementan con novos alivios para dinamizar os mercados inmobiliario e de automoción; uns orzamentos que reforzan de novo os servizos públicos fundamentais, con máis recursos que nunca para fortalecer a sanidade, a educación e as políticas sociais; uns orzamentos que apostan polo investimento produtivo para axudar a pemes, a autónomos e a empresas a facer fronte ás súas necesidades.

Quero acelerar todo o posible a execución dos fondos europeos Next Generation, e pedimos de novo ao Goberno de España —recentemente constituído— que non sexa un tapón, senón que axude as comunidades autónomas en xeral e a Galicia en particular para que estes recursos



terminen chegando con axilidade ao tecido empresarial e acheguen riqueza e postos de traballo á nosa terra. Porque Galicia é unha das comunidades autónomas que presentou máis proxectos transformadores, pero non rematan de chegar eses recursos aos nosos proxectos.

E reclamamos ao Goberno de España que convoque o Consello de Política Fiscal e Financeira para poder abordar con urxencia este asunto, ademais de analizar entre todos as medidas a tomar en materia de débeda, financiamento autonómico e financiamento das medidas extraordinarias pola suba de prezos.

Señorías, remato xa desexándolles un bo traballo parlamentario para poder aprobar uns orzamentos útiles que sirvan de estímulo para abordar o que Galicia precisa para o vindeiro ano.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Votación das emendas á totalidade do grupo I, que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou centro xestor de gastos

A señora PRESIDENTA (Candia López): Procedemos seguidamente á votación conxunta das emendas á totalidade do grupo I, formuladas polos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, tanto as que postulan a devolución global dos orzamentos como a devolución de calquera sección ou centro xestor de gasto.

Votamos, en primeiro lugar, as emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Votamos.

Votación conxunta das emendas á totalidade do grupo I, que postulan a devolución global dos orzamentos ou a devolución dos orzamentos das seccións ou axentes xestores do gasto, do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Votamos agora as emendas do Grupo do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación conxunta das emendas á totalidade do grupo I, que postulan a devolución global dos orzamentos ou a devolución dos orzamentos das seccións ou axentes xestores do gasto, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Suspéndese a sesión ata as 16.00 horas.

Suspéndese a sesión á unha e vinte e tres minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Boa tarde.

Damos comezo ao reinicio da sesión.

Debate e votación das emendas á totalidade do grupo II, que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións

A señora PRESIDENTA (Candía López): Seguimos co debate e coa votación das emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou que transfiren créditos entre seccións.

Presentaron emendas o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Para defendelas, e por un tempo de quince minutos, ten a palabra, en primeiro lugar, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señores e señoras deputados, boa tarde.

Señores e señora conselleira que hoxe nos acompaña.

Señor Corgos, o Partido Popular leva gobernando catorce anos ininterrompidamente e con maiorías absolutas a Xunta de Galicia, catorce anos nos que foron incapaces de resolver os problemas dos galegos e das galegas. Hoxe traen uns orzamentos que amosan o fin do ciclo do Partido Popular e que acadan cifras históricas —igual que os dos últimos anos—, mentres inciden nos mesmos erros e, novamente, desaproveitan a oportunidade histórica que brindan os fondos procedentes do Estado e da Unión Europea para establecer esa necesaria folla de ruta que nos permita aproveitar as nosas fortalezas e corrixir as nosas debilidades. Temos un Goberno galego máis preocupado do que pasa en Madrid que de resolver os problemas de Galicia.

Fronte a este proxecto de lei de orzamentos para 2024, fronte a esta falla de iniciativa deste Goberno galego e fronte á nefasta xestión dos últimos catorce anos, os socialistas, sabendo que estes non son os nosos orzamentos e coas limitacións do trámite parlamentario, presentamos unha emenda á totalidade. Trátase dunha emenda realista, na que mobilizamos uns 470 millóns de euros ata acadar os máis de 13.700 millóns de euros de gasto non-financeiro.

Os socialistas presentamos unha emenda á totalidade que contempla un proxecto de país para a Galicia do presente e a Galicia do futuro; na que apostamos por unha economía do



coñecemento que priorice a educación, a formación e a investigación, e na que apostamos por reforzar o Estado de benestar, garantindo apoio ás familias, ás persoas traballadoras, aos traballadores autónomos e ás empresas, canalizando os fondos europeos para avanzar cara a unha economía con maior valor engadido, máis dixital e baseada na transición ecolóxica. Trátase dunha emenda coa que reforzamos as familias vulnerables, as clases medias e traballadoras, a industria, o emprego, os servizos públicos, a vivenda, a cultura e a lingua, a mocidade, os maiores, o deporte e a memoria democrática. Hoxe, señor conselleiro, volven ter a oportunidade de rectificar, de premer o botón verde e así, realmente, axudar a resolver os problemas de Galicia.

Señor Corgos, a crise da covid evidenciou as debilidades das que xa adoecía a economía galega e que non foron superadas a pesar do crecemento económico continuado durante os anos previos, cunha Galicia que perde peso económico e demográfico no conxunto do Estado, debido, fundamentalmente, á inexistencia dunha política industrial, á inexistencia de estímulos ao sector empresarial, ao abandono do rural ou á falla de investimento en I+D+I, o que provoca unha fuxida do talento cara a outras economías. Por iso é urxente activar un plan para a reactivación económica e industrial de Galicia.

Hai que incrementar as dotacións que favorezan a dotación e a dinamización dos sectores produtivo e industrial, especialmente para aquelas empresas con dificultades, polo que os socialistas propoñemos: establecer un plan para a descarbonización e a transición enerxética xusta, no que participe a Xunta de Galicia en programas conxuntos coas comarcas afectadas; dotar de recursos para actuacións en materia de industrias electrointensivas cara a posibilitar alternativas viables para as zonas especialmente afectadas; e elaborar un novo plan de desenvolvemento da enerxía renovable que identifique e axilice a tramitación dos proxectos dirixidos a elevar a autosuficiencia enerxética a baixo custo, garantindo a participación pública nos proxectos, priorizando a promoción daqueles parques vinculados a proxectos empresariais estratéxicos dos que depende boa parte do emprego e sempre co estricto respecto medioambiental.

Os socialistas tamén consideramos urxente dinamizar o solo empresarial; traballar na captación de investimentos; implementar un plan de xestión para a cohesión territorial e o desenvolvemento empresarial no rural; e incrementar a dotación orzamentaria en I+D+I. Señor Corgos, sen investigación non hai progreso, polo que o I+D+I ten que pasar de ser só un anuncio propagandístico da Xunta de Galicia a vir acompañado por un incremento do 0,4 por cento do PIB para o gasto nos programas, de tal forma que Galicia poida acadar a media estatal, que supera o 1,4 por cento do PIB en aras de aproximarse a ese obxectivo do 3 por cento.

Señor Corgos, ¿que teñen feito vostedes durante estes catorce anos? ¿Van seguir de costas aos sectores produtivos galegos, á investigación e ó desenvolvemento? Miren, dende 2009 temos 40.000 persoas ocupadas menos en industria, temos 7.118 empresas menos e en só doce meses temos 2.300 persoas traballadoras autónomas menores de corenta e cinco anos menos. ¿Van seguir buscando culpables no canto de buscar solucións? Hoxe teñen unha nova oportunidade de amosar unha aposta firme e votar «si» á nosa emenda, para que Galicia non quede atrás e para traballar por situala na vangarda económica e industrial.



Señor Corgos, neste Proxecto de orzamentos seguimos a constatar a falla de compromiso coas prioridades de gasto desatendidas durante catorce anos. Resulta preocupante que, despois de sete anos —previos á pandemia— de crecemento económico e con orzamentos históricos durante estes últimos catro anos —4.100 millóns de euros máis neste exercicio dos que cando gobernaba Mariano Rajoy—, o Goberno galego fose incapaz de facer o esforzo necesario para soste os elementos do Estado de benestar, deixando ao descuberto os ocos de catorce anos de precarización e recortes, cuns orzamentos que van moi por detrás das necesidades en materia de política social e que non resolven as grandes eivas en sanidade, no sistema educativo ou no acceso á vivenda. En definitiva, segue sen abordarse na intensidade necesaria a cura das feridas sociais, da cohesión territorial e da sangría demográfica.

Trátase dun proxecto de orzamentos que non aposta firmemente polas medidas necesarias para reverter a saída de mozos e mozas, as xeracións máis e mellor formadas, que non atopan en Galicia as condicións laborais de acceso á vivenda, de conciliación e de calidade dos servizos públicos que lles permitan desenvolver aquí o seu proxecto vital. Por iso, señor Corgos, os socialistas na nosa emenda propoñémoslles a vostedes, que nestes momentos teñen a maioría absoluta deste Parlamento, que voten a favor da nosa emenda á totalidade, para que cando os socialistas lideremos o próximo Goberno da Xunta de Galicia, poidamos facer o que vostedes son incapaces.

Señor conselleiro, é preciso elaborar e implementar urxentemente un programa de emprego galego; coas súas políticas Galicia non foi quen de recuperar o nivel de poboación ocupada que había hai catorce anos, pois temos 11.800 ocupados menos que no terceiro trimestre de 2009. Recórdolle, señor conselleiro, que no mesmo período perdemos 105.000 habitantes. Polo que é imprescindible establecer unha estratexia de loita contra o desemprego, acordada coas demais administracións e cos axentes sociais e económicos, e na que se prioricen os programas para o emprego xuvenil. Recórdolle que a taxa de desemprego de paro xuvenil é do 18,4 por cento.

Tamén é imprescindible establecer programas para as persoas paradas de longa duración que xa esgotaron as súas prestacións e para a recuperación e potenciación do emprego feminino; un novo plan para promover o retorno das persoas galegas; e o reforzo das oficinas de emprego. É necesario traballar con máis colaboración e con maior contribución cara ás entidades locais canto a axentes dinamizadores e coñecedores, en primeira instancia, das necesidades concretas dentro dos seus ámbitos territoriais.

Señor conselleiro, para que as políticas dean resultados hai que executalas, e vostedes deixaron sen executar nesta lexislatura 585 millóns de euros en políticas de emprego, 215 millóns só no ano 2022. Teño que resaltar, señor conselleiro, que o Goberno de Pedro Sánchez volve transferir para este exercicio para políticas activas de emprego e para a formación en emprego case douscentos millóns de euros que, se vostedes volveran gobernar, voltarían ser incapaces de executar. Señor Corgos, proben a aplicar as políticas de emprego e a executar os recursos, e admitan as nosas emendas, que seguro que así a empregabilidade estable e de calidade mellorará no noso territorio.

E o mesmo acontece cos servizos públicos: as políticas sociais, a sanidade, a educación ou a vivenda, é dicir, os piares nos que se asenta o Estado do benestar. Mentres vostedes aumen-



tan os beneficios fiscais sen ningún criterio de xustiza social e sen reactivar medidas que se mostraron efectivas para axudar os fogares con máis dificultades, cando a Rede europea de loita contra a pobreza no seu informe —publicado hai uns días— nos di que en 2022 seguimos a ter 636.000 persoas en Galicia en risco de pobreza ou exclusión social, pois os socialistas propoñémolles na nosa emenda un plan de loita contra a pobreza, reactivar a Tarxeta Básica e incrementar a dotación do Bono social eléctrico co fin de poder chegar a todas as familias que o precisen.

Señor conselleiro, non poden seguir sendo os concellos os que carguen coa maior parte do financiamento do servizo de axuda no fogar, polo que lles propoñemos na nosa emenda que incrementen os recursos que transfire a Xunta de Galicia aos concellos para que progresivamente a Xunta se faga cargo da totalidade do custo de prestar este servizo. Non pode ser que, cuns orzamentos de máis de 13.200 millóns de euros, a Xunta de Galicia siga sen asumir as súas competencias e sen transferirlles aos concellos os fondos necesarios para prestar un servizo de calidade tan necesario na nosa comunidade.

Tamén hai que avanzar, señor conselleiro, para que a Xunta de Galicia asuma a totalidade dos custos de mantemento das escolas de educación infantil de 0 a 3 anos, moitas delas a cargo dos concellos, que sufragan a maior por parte do custo, así como a construción de novas escolas en liña coas medidas a favor da conciliación. Neste ano, van recibir vostedes do Goberno de Pedro Sánchez máis de sete millóns de euros para a creación de 1.139 prazas públicas e gratuítas de infantil de 0 a 3 anos. ¿Vailles transferir aos concellos a parte correspondente?

Señor conselleiro, a Administración autonómica non pode esquecer tampouco os nosos maiores, polo que é necesario establecer un novo modelo de residencias que incorpore protección sociosanitaria. Hai que potenciar outros tipos de atención non residencial, ampliar e mellorar a rede de centros de día e mellorar as condicións do traballo do persoal, reforzar os equipos de valoración da discapacidade, reforzar as políticas de xuventude e ampliar a rede galega de atención temperá.

A sanidade, a saúde, señor conselleiro, é o ben máis prezado por parte da cidadanía e ultimamente converteuse nun problema diario, no problema da maioría da poboación galega, con listas de agarda en atención primaria de máis de quince días, sen atención pediátrica en moitos centros de saúde, con listas de agarda para a atención especializada ou probas diagnósticas vergoñentas, sen atender a crecente e necesaria demanda en atención á saúde mental e sen atender a necesaria execución de infraestruturas no ámbito sanitario. É evidente que os gobernos do Partido Popular non tiveron o necesario compromiso coa sanidade pública; un compromiso que ten que evidenciarse coa aposta clara pola atención primaria, reducindo os tempos de espera para consulta a un prazo máximo de corenta e oito horas, aumentando a contratación con emprego de calidade dos profesionais sanitarios e blindando os servizos sanitarios aos que todas as persoas teñen dereito, con independencia de onde vivan.

O mesmo acontece en educación. Polo que os socialistas lle propoñemos que os orzamentos da Xunta teñan un claro compromiso para garantirlle á cidadanía o dereito da calidade edu-



cativa dos nenos e das nenas do noso país, independentemente da súa capacidade económica e do lugar onde vivan, e para cubrir, tamén, o reto da dixitalización. A educación é o pilar no que se basea a construción da cidadanía do futuro, polo que a merma na calidade deste servizo público pode repercutir negativamente na construción da Galicia do futuro.

Señor conselleiro, ¿de verdade, con máis de trece mil douscentos millóns de euros, vostedes non poden aprobar a nosa emenda e implementar a gratuidade dos libros de texto no ensino obrigatorio para todos os nenos e nenas que cursan os seus estudos en centros públicos e concertados? ¿Non poden aumentar as bolsas de estudo? ¿Non poden acabar cos problemas e a desigualdade existentes nos comedores escolares, arranxar a nefasta xestión do transporte escolar ou implantar a gratuidade das primeiras matrículas universitarias?, por non mear algunhas das cuestións que temos contempladas na nosa historia. A vostede parécelle mellor —como lle dicía pola mañá o noso voceiro— ofrecer bonos electoralistas para equipamentos deportivos ou, cos impostos dos galegos e das galegas, pagarlle 200 euros á xente do resto de España para facer ese Camiño de Santiago ou para ir nun cruceiro. Aos socialistas parécenos moito máis importante que vostedes asuman as súas competencias e a súas responsabilidades e axuden a nosa cidadanía.

Señor conselleiro, isto volta ser unha proba evidente de que vostedes lexislan para os que máis teñen.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Recórdolle —remato xa, señora presidenta— que o Instituto Galego de Estatística nos informa de que case o cincuenta e catro por cento da poboación galega en 2023 ten dificultades ou moitas dificultades para chegar a fin de mes.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Tamén por quince minutos ten a palabra dona Noa Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde a todas e a todos.

Señor conselleiro, un orzamento son decisións; decisións económicas e políticas. E hoxe, que como país estamos nunha encrucillada, xogámonos basicamente que as decisións que hoxe tomemos nos leven a seguir mirando cara atrás, cara ao pasado, ou que nos leven a mirar cara adiante, cara ao futuro, cara ao país que pode ser a Galiza que vén. Nesa encrucillada, a pregunta que temos que facernos é: ¿cara a onde nos levan estes orzamentos que propón o Partido Popular? Nós temos clara cal é a resposta. Lévanos ao pasado e ancorámonos na desigualdade, na desindustrialización, na desigualdade e na degradación do medio ambiente, na degradación do medio rural e do mar e na degradación dos servizos públicos... Nunha soa palabra, déixannos na resignación.



Desde o BNG presentamos esta emenda, esta emenda alternativa, porque queremos máis para o noso país e sabemos que é posible. Sabemos que é posible malia o limitado dos marcos, tanto deste debate como do marco autonómico, que non só leva corenta anos sen tocarse, senón que tamén sabemos que hai unha profunda recentralización ante a que o Goberno do Partido Popular non responde. Aínda así, é posible facer máis e mellor e facelo de forma diferente. Demostrámolo nesta emenda, que sinala o camiño dunha Galiza que confía en si mesma, que protexe a xente por riba dos grandes intereses económicos e que senta a base do futuro. Demostrámolo hoxe e demostráremolo proximamente, porque, aínda que vostedes aproben coa súa maioría absoluta estes orzamentos, con ese muro da maioría absoluta, nós sabemos que ese muro cada vez é máis débil, que cada vez está máis próximo a caer e que hai unha vontade de cambio que é imparabile e que non van conseguir parar con estes orzamentos. *(Aplausos.)* É imparabile e diríamos tamén urxente porque —como dicía— Galiza está nunha encrucillada, por iso estes orzamentos non deberan ser uns orzamentos calquera.

Hoxe, señor conselleiro, atopámonos nunha crise climática e enerxética na que todo ten que cambiar, e sabemos que iso vai traer consecuencias: que Galiza gañe ou que Galiza siga perdendo. Porque hoxe estamos nunha crise económica, a economía galega ralentizouse e, poñendo a ollada no curto ou no longo prazo, imos peor que o Estado. Non só non recuperamos o PIB prepandemia de antes —pese ao que dicía o voceiro do Partido Popular antes—, senón que, comparando tamén a evolución desde a crise do 2008, o que vemos é que temos datos peores, 6,5 puntos por debaixo. A crise e a inflación seguen connosco, en Galiza, outra vez, con máis intensidade que no Estado, e é posible unha repunta a medida que se retiren as medidas excepcionais.

Sabemos tamén que o endurecemento das condicións bancarias afecta máis a quen menos ten e tamén afecta máis as familias e as empresas, pese a que vostedes non tomen ningunha medida. Sabemos tamén que o escenario internacional é cada vez máis bélico, como amosa nestes momentos o xenocidio contra Palestina. E así, neste contexto para nada tranquilo, chegan os últimos orzamentos do Goberno do Partido Popular, os últimos orzamentos da lexislatura, e a única boa noticia que traen é esa, que son os últimos orzamentos. A mala noticia é que vostedes teñen detrás un historial de resultado nefasto: unha Galiza que non para de retroceder, que retrocede no demográfico e que segue destruíndo emprego industrial; somos unha das comunidades con peores taxas de actividade e ocupación. O resumo é que desaproveitaron catorce anos, pero desaproveitaron tamén —facendo balance— estes tres últimos anos, nos que, ademais, vostedes tiveron recursos extraordinarios que se converteron, pola súa ineficiencia, nunha absoluta oportunidade perdida.

Neste contexto, hai dous modelos que se confrontan —como se vía hoxe pola mañá— nestas emendas, nos textos de devolución e tamén na emenda que debatemos neste punto da orde do día. Está o modelo do Partido Popular, instalado no continuísmo e na submisión, na submisión aos grandes intereses económicos e tamén na submisión ao sucursalismo do Partido Popular, cada vez máis radicalizado, de Génova. E está o modelo do BNG, que está preparado para dar un paso adiante, para construír unha Galiza en grande, con ambición e con confianza neste país. *(Aplausos.)* É o que demostramos nesta emenda; iso é o que amosa a nosa emenda, *(Aplausos.)* xerando unha alternativa canto aos ingresos e tamén canto aos gastos.



Referireime, en primeiro lugar, aos ingresos porque, como viamos hoxe pola mañá, a política de ingresos do Partido Popular o que demostra é que con vostedes Galiza perde, Galiza perde recursos, primeiro, porque xestionan mal; segundo, porque xestionan o servizo doutros intereses que non son os da maioría social; e, terceiro, porque negocian mal co Estado. É o Goberno con menos peso político da historia da nosa autonomía.

Primeiro, xestionan mal, porque planifican e executan mal —xa o di o Consello de Contas, non o dicimos nós— e porque o que fan coa política económica fiscal destes orzamentos é, ademais, drenar recursos á privada e descapitalizar o sistema público. Acabamos de coñecer hai escasas semanas ese informe do Consello de Contas que amosa como perden 44 millóns de euros por medio desas autovías que están mal xestionadas e que foron, por certo, idea e planificación do grande estadista, o señor Feijóo, cando era conselleiro. É máis, é que temos máis datos enriba da mesa que demostran que vostedes o que fan é xestionar mal. Podemos ver, por exemplo, o gasto real executado: o total medrou entre o 2009 e o 2022 un 17,3 por cento, mentres o IPC aumentou máis. Polo tanto, non hai por onde collelo; os orzamentos non acompañaron nin onte nin hoxe a suba dos prezos.

Vemos iso tamén noutros ámbitos e vemos tamén como xestionan os servizos dos grandes intereses. Por iso presentamos unha proposta fiscal alternativa, porque a do Goberno do Partido Popular se define nesa idea, señor Corgos: aproban unha e outra vez medidas anti-sociais que privilexian os máis ricos. E xa o último xiro na súa política fiscal é esa rectificación: pasaron vostedes de opoñerse a ese imposto estatal ás grandes fortunas, escudados na defensa do autogoberno, cando en realidade o que estaban facendo vostedes era protexer a minoría máis rica; nove persoas pagaron ese imposto no noso país —nove, segundo os datos do Ministerio—. *(Aplausos.)* Estaban vostedes máis preocupados por esas nove persoas que por ter recursos para volver financiar a Tarxeta Básica ás 170.000 persoas que neste país teñen privación material severa. Ese é o resumo da política fiscal do Partido Popular. Fronte a iso, presentamos unha alternativa con outra política fiscal e tamén facendo valer Galiza ante o Estado. Incorporamos, polo tanto, unha proposta alternativa, dotando de progresividade o IRPF, os impostos de patrimonio, sucesións e doazóns e tamén desenvolvendo tributos propios, porque é o momento de desenvolver tributos propios para gravar a quen máis ten e tamén para deseñar o modelo de país que queremos con impostos, por exemplo, no ámbito medioambiental.

Por outra banda, apostamos tamén por outra negociación co Estado, tema no que vostedes tamén, señor Corgos, suspenden. Acabamos de velo nestes días. Están vostedes molestos —non é para menos— porque que cun só deputado e unha soa senadora o Bloque Nacionalista Galego abra debates que vostedes non foron quen de facer pois non é para menos. Pero vaian tomando vostedes menta e macela para a dixestión, que non lles queda nada, porque isto é o comezo, señor Corgos, de moitos máis pasos adiante. Vostedes teñen dúas opcións: poñerse do lado do país ou seguir enfurruñados. *(Aplausos.)*

En definitiva, todo isto permítenos incrementar a capacidade de gasto en 209 millóns de euros e reflectir a idea de fondo, que é que con vostedes Galiza perde capacidade de financiamento porque renuncian a empregar o autogoberno para facelo. Así, mobilizamos case dous mil millóns de euros para recompoñer o orzamento e demostrar que se poden facer



as cousas dunha forma diferente, ao servizo das maiorías sociais e da transformación económica. Así, presentamos unha alternativa, do punto de vista do gasto; presentamos 54 propostas estratéxicas —que avanzaba Ana Pontón hoxe pola mañá— e que son alternativas para dar un xiro de 180 graos á política do Partido Popular e para darlle a este país a oportunidade de avanzar; de avanzar cara a un país máis innovador, máis inclusivo, máis produtivo, máis feminista e con máis e mellores servizos públicos, arredor de seis grandes eixos.

O primeiro deles é: propostas fronte á crise. Porque vostedes non se poden evadir do contexto inmediato que afoga a vida de milleiros de galegos e galegas. Propoñemos catro grandes plans para axudar a quen peor o está pasando: impulsar o Plan vidas dignas, que permita recuperar medidas como a Tarxeta Básica e impulsar unha verdadeira renda galega de inserción laboral. Levan vostedes catro anos dicindo que van harmonizar o ingreso mínimo vital e a Risga, e seguimos esperando, pero non se preocupen, haberá outro goberno que o faga e que implemente un instrumento mellor.

En segundo lugar: aumentar as pensións non contributivas. Insistiamos hoxe pola mañá en que vostedes fixeron un incremento de 14 euros ao ano o ano pasado —escasos 14 euros—; e nós propoñemos un aumento que supoña para os galegos e as galegas que obteñen este tipo de pensións un incremento de, cando menos, 1.000 euros ao ano.

En terceiro lugar: bolsas anticrise para que non haxa nin un só alumno, nin na etapa obrigatoria nin nas etapas postobrigatorias, que quede atrás no ensino público por falta dunha bolsa anticrise.

En cuarto lugar, tamén estamos cos tempos, temos un país de vocación solidaria e propoñemos o Plan abeiro, para a acollida das cada vez máis —por desgraza— persoas migrantes e refuxiadas das crises económicas, bélicas e climáticas.

En quinto lugar, outro grande eixo que propoñemos é unha necesidade acuciante —viámolo nas rúas hoxe pola mañá con persoal da sanidade á porta do Parlamento e onte tamén pola tarde nesta mesma cidade cos traballadores e traballadoras do ensino público—; hai que fortalecer o ensino e a sanidade do noso país. Hoxe, en materia de sanidade, seguimos á cola en gasto por habitante do Estado, e vostedes poden disfrazalo como queiran; moléstanlles as cifras, pero esa é a realidade. Nós presentamos unha alternativa, unha batería de medidas para fortalecer a sanidade pública, que aposte por aumentar o persoal e garantir o seu relevo, eliminar as listas de espera, apoiar a saúde mental, habilitar prazas MIR e un novo modelo de atención primaria.

No ámbito do ensino, que sufriu o neoliberalismo do Partido Popular, sabemos que o gasto en educación creceu por debaixo da media e que somos a única comunidade —debera darlles vergonza— que segue sen recuperar os dereitos que foron recortados no ano 2010. Polo tanto, propoñemos un xiro neste ámbito, un plan de mellora do sistema educativo obrigatorio e postobrigatorio, e propoñemos, vinculado aos servizos públicos esenciais, fortalecer as políticas sociais pensadas para os máis e as máis pequenas e tamén para os máis e as máis maiores.



Vostedes son o Goberno que non fixo unha soa residencia pública de xestión pública en catorce anos e que no ano 2016 nos prometía que ía haber sete nas cidades, seguimos esperando. Fronte a iso, o que propoñemos é unha alternativa integral que teña medidas para fomentar a autonomía persoal o máximo posible e tamén un novo modelo de residencias para garantir unha vellez digna e non unha vellez convertida nun negocio.

En cuarto lugar, un cuarto eixo que nos parece fundamental é o de avanzar en dereitos. Ese é o modelo de futuro que queremos no BNG, non só non retroceder en dereitos senón que hai que avanzar. Hai cuestións como a vivenda ou como as políticas de igualdade que teñen que ser unha prioridade. Seguiremos insistindo en que un de cada cen euros teñen que ir contra a violencia machista de forma específica e impulsamos medidas neste orzamento para reforzar os CIM ou o Imelga, que son claves, e para dar pasos adiante en ámbitos desatendidos como a igualdade no deporte. Unha Galiza que avanza en dereitos —insistimos— non pode deixar de lado a principal causa de exclusión social que hai nestes momentos, que é o acceso a unha vivenda. Polo tanto, hai que dar un xiro neste ámbito, e por iso propoñemos emendas para cambiar o modelo.

En quinto lugar, quixera referirme a un eixo que nos parece fundamental, que é apostar por un país que poña a ciencia e a innovación no centro de gravidade e que sitúe o equilibrio e o reequilibrio territorial como unha das cuestións transversais para impulsar. Polo tanto, propoñemos ese pacto galego pola ciencia que vostedes vetan cun tres por cento do orzamento como obxectivo. Propoñemos emendas para transformar o sistema innovador e emendas para, por exemplo, abrir un campo novo no ámbito da madeira e na construción, para revitalizar a nosa industria cun plan de fomento específico que chegue ao vinte por cento do PIB de Galiza no ano 2026, en lugar de perder peso —como fan vostedes—, e acabar con esa mal chamada «Galiza de dúas velocidades» e a fenda entre o interior e a franxa atlántica.

Para iso, presentamos unha batería de medidas innovadoras e de forma concreta apostamos pola axenda territorial galega, entendida como un conxunto de instrumentos políticos, financeiros, de ordenación do territorio, tecnolóxicos e tamén de dotación de equipamentos e servizos que corrixan os desequilibrios territoriais para avanzar así cara á cohesión socioeconómica, porque iso é o que hai que facer: pensar propostas novas para ter resultados diferentes en lugar de seguir conformándose, ano a ano, con vendernos o titular de que hai partes deste país onde avanza o orzamento per cápita cando cada vez temos menos cápitais.

Iso é o que propoñemos nós: dar un xiro neste ámbito e no dos sectores produtivos, porque un ano máis temos que insistir en propostas para impulsar o medio rural como o plan «O monte vivo» ou unha plataforma de comercialización específica e resolver os problemas das rías a partir dun plan estratéxico de estudo e de recuperación das destas.

Por último, en sexto lugar, propoñemos un país que estea á vangarda da loita contra a crise climática e por un novo modelo enerxético que estea ao servizo do país e non ao servizo das grandes eléctricas con tres motores. Propoñemos un novo modelo enerxético, un fondo galego para a acción polo clima e un fondo para a auga, así como investimentos urxentes neste recurso estratéxico.



En conclusión, señorías do Partido Popular, ante o epílogo dun Goberno esgotado que representa o pasado, o que simplificamos nesta emenda —que ten moitas limitacións polo corsé orzamentario— é un cambio, un cambio que sentaría as bases a favor do futuro, un cambio a favor das maiorías sociais, da redistribución da riqueza e dos servizos públicos, e un cambio a favor da transformación económica e industrial que se basea na innovación e na preservación do medio que sirva ao pobo e non ao Ibex 35. En resumo, señor conselleiro, un proxecto a favor de Galiza, a favor...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...de construír unha Galiza en grande. Esa Galiza que lles guste ou non é a Galiza que vén.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Intervén agora por parte da Xunta de Galicia o conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, señora presidenta.

Moi boas tardes a todos e benvidas a esta sesión da tarde do debate da totalidade dos orzamentos.

Boas tardes, señorías, continuamos con este debate logo de que esta mañá tivemos ocasión de confrontar os modelos de política económica que presenta o Goberno da Comunidade Autónoma, no que quedaron ben patentes —penso— as diferenzas de modelo.

Antes de entrar a comentar polo miúdo as emendas concretas dos diferentes grupos parlamentarios quixera responder algunha das afirmacións que se fixeron aquí dentro porque resultan cando menos interesantes.

En primeiro lugar, a señora Presas indícanos que non sabe que intereses seguimos ou sinala que seguimos os intereses dalgúns dos ricos e poderosos. O que non sabemos nós é a que intereses serve o Bloque Nacionalista Galego cando firma un acordo que implica que Galicia sume seiscentos euros de débeda das restantes comunidades autónomas. Iso si que non sabemos nós a que intereses serven vostedes cando firman ese tipo de acordos.

Logo falan —coma sempre— da política de máis gasto social e de maiores recursos. Polo menos vostede foi valente e presentou unha serie de figuras tributarias coas que pensan recadar máis de douscentos dez millóns de euros dos galegos para o vindeiro exercicio. O Grupo Socialista nin os formulou porque non vende iso para o electorado. Pero, polo menos, vostede amosa unha oposición responsable e si que contrapón o maior gasto fronte a eses maiores ingresos tributarios. Pero, claro, son uns ingresos tributarios que logo veremos que algúns



deles non pasan o máis mínimo filtro da técnica tributaria nin de Facenda. Entón, estamos aquí cun debate un pouquiño trucado porque si podemos inventar un aumento de recadación tributaria das figuras tributarias existentes ou crear novas figuras que teñen un fundamento dubidoso e asignarlles unha recadación. Por suposto, podemos aumentar exponencialmente a posibilidade de gasto e ademais sen o custo de oportunidade que pode observar cada cidadán, pensando en canto lle vai supor do seu peto ese maior incremento de gasto público.

Por outra banda, tamén falan doutro tipo de transferencias transversais que son de difícil execución, como as que se financian con transferencias do financiamento de axencias e de organismos autónomos, sen indicar a que gastos concretos están a afectar.

Polo tanto, non se pode ver nin apreciar o custo de oportunidade desa proposta de cambio, só se ve a parte boa, a que di que dedicamos máis recursos, pero non se ve a parte mala, na que se ve de onde os sacamos. Se levantamos o veo un pouco desa técnica, vemos que a súa medida estrela de subir o complemento das PNC está financiada con 40 millóns de euros; de novo, sen impostos á cidadanía. Ou vemos que están protestando porque existe un esforzo que é demasiado cativo en financiamento do ensino público, e o que vostedes propoñen é minorar aínda máis os orzamentos de educación, en termos netos en 29 millóns de euros; auméntanos en 105 millóns por minoración doutros gastos e en 60 millóns por novos impostos, pero reducen 194 millóns de euros as partidas de educación. O resultado é: 29 millóns de euros menos. Pois non cadra co seu discurso no eido a prol da educación.

No que se refire ás propostas do Grupo Socialista, podemos falar un pouquiño do mesmo. Pero resulta especialmente salientable a súa apreciación de falta de modelo económico e de falta de aposta de ambición polo I+D+I, que comparte tamén o Bloque Nacionalista Galego, porque se ben é certo que non acadamos esas porcentaxes máxicas do tres por cento, semella que, se as acadamos, van rematarse todos os problemas de desenvolvemento da nosa comunidade autónoma.

Si que é certo que levamos unha traxectoria de mellora continuada na área de I+D+I ata duplicar o gasto de I+D+I. Como saben, nos últimos dez anos ata supoñer un 0,42 por cento do PIB co gasto público en I+D+I e 120 euros per cápita, como dixen onte a mañá. Isto ¿en que se concreta? En que Galicia é unha das comunidades autónomas que superou xa os niveis previos á crise financeira en gasto real, non en orzamento, en gasto real tanto de investimento como de emprego en actividades de I+D.

Segundo os últimos datos do INE, que corresponden ao ano 2021, temos as cifras máis altas de toda a serie histórica, cun investimento total de 697 millóns de euros e 11.435 persoas dedicadas a I+D, das que 7.462 son investigadores e investigadoras. No esforzo sobre o PIB alcanzamos a maior porcentaxe, o 1,1 por cento. Dende hai unha década, a porcentaxe de I+D en relación co PIB medrou nun 32 por cento, a suma de gasto público e privado pasando do posto doce entre as rexións españolas ao posto sétimo actual, o que nos converte na terceira con maior crecemento. Se tomamos a compoñente pública —que é a que especialmente me atinxe—, Galicia é a cuarta comunidade autónoma en investimento respecto do PIB, con datos do Sistema de información de ciencia e tecnoloxía do Ministerio de Ciencia e Innovación.



Polo tanto, o esforzo que está a realizar a Xunta en I+D+I é salientable e acompasado ás capacidades do sistema científico-tecnolóxico da comunidade autónoma. Pero seguiremos intentando facer esforzos nesta materia porque penso que paga a pena e porque a nosa folla de ruta no Plan estratéxico de Galicia así o indica.

Na miña intervención intentarei explicarlles as razóns que nos levan hoxe a rexeitar as emendas transversais dos grupos da oposición. Fareino logo de telas analizado con detalle, pero penso que non é posible aceptalas polas razóns que de seguido exporei. Un motivo central é que o Goberno galego está en contra de subirlles os impostos aos cidadáns —como acabo de dicir—, mentres que os grupos nacionalista e socialista coinciden un ano máis en aumentarlles os impostos a todos os galegos e as galegas. Iso si, de xeito diferente.

Reitérolles, señores da oposición, que a posición do Goberno galego é oposta á dos grupos da oposición. Nós queremos baixar os impostos sempre que se poida e sempre que sexa compatible, orzamento tras orzamento, co reforzo dos servizos públicos. Por iso, para o ano 2024, ademais de investir máis en sanidade, en educación e en políticas sociais, máis ca nunca na historia, voltamos rebaixar os impostos.

Outro motivo que nos leva a rexeitar as súas emendas é que retiran partidas finalistas que non se poden empregar no destino que se propoñen. Se esta simplemente é unha apreciación contable vai moito máis alá do que é unha simple regra contable, porque se nós financiamos as políticas de gasto con cartos que non poden financiar esas políticas de gasto, logo non poderán ser executables. Polo tanto, son —digamos— transferencias de contido imposible.

Ademais, chegan en ocasións a diminuír ou mesmo practicamente a eliminar programas ou partidas que son precisas para que funcione a Administración autonómica e para que se presten os servizos públicos. Vexámolo un pouco polo miúdo:

No referente ás propostas do PSdeG, o primeiro que lles quero deixar claro é o rexeitamento do Goberno —como dicía antes— a subirlles os impostos aos cidadáns en nada máis e nada menos que 259,4 millóns de euros. Nas súas emendas soben 228,9 millóns de euros os impostos que xa existen e 30,5 millóns de euros en novas figuras impositivas. Reitero que a nosa política fiscal é ben diferente, temos un modelo fiscal consolidado, propio e previsible, baseado en rebaixas de impostos coa intensidade que permite a conxuntura económica e, sobre todo, en tentar non subilos.

Nós non queremos subir os impostos, queremos baixalos sempre que poidamos —como dicía—, por iso, consolidamos todas as rebaixas de impostos que temos aprobadas dende o ano 2016. Incluímos para o vindeiro exercicio novas rebaixas tributarias. Neste caso, no imposto de transmisións patrimoniais, rebaixamos un punto o tipo xeral da modalidade de transmisións patrimoniais onerosas de bens inmoables, de tal forma que para a compra de vivendas usadas baixará do 9 ao 8 por cento, unha diminución que se suma a outro punto que xa baixamos no ano 2022.

A concreción desta medida será que unha persoa que merque unha vivenda usada a partir do 1 de xaneiro aforrará en torno a 1.000 euros por cada 100.000 euros que invista na súa



compra; unha rebaixa para o tipo xeral pero que xa hai que ter en conta que colectivos como os mozos de ata trinta e seis anos, as familias numerosas, as persoas con discapacidade e outros colectivos como as vítimas da violencia de xénero xa tributan por tipos reducidos, que mesmo chegan a non ter que pagar nin un euro cando fixan a súa residencia en zonas pouco poboadas.

Para o ano 2024 tamén rebaixamos máis da metade o imposto de transmisións patrimoniais para a compra de vehículos usados, do 8 ao 3 por cento, e eliminamos este imposto para as compras de vehículos cualificados como de baixas emisións e para os vehículos de mobilidade persoal; dúas decisións que axudarán a dinamizar as operacións nos sectores inmobiliario e automobilístico. Analizamos unha a unha as medidas fiscais que propón o PSdeG. Propoñen que os galegos paguen 20,4 millóns de euros máis en IRPF, cun aumento da escala autonómica para as bases superiores aos 50.000 euros, sen fixar esta. Exactamente é a mesma emenda que o ano pasado e que os anos anteriores. Reitérolles —igual que o ano pasado e que os anteriores— que non estamos de acordo. No IRPF levamos aprobadas catro rebaixas do tramo autonómico dende o ano 2014 que permitiron que Galicia sexa a terceira comunidade autónoma co mellor tratamento fiscal para as rendas medias e baixas, de ata 21.069 euros. Isto é, para o 64 por cento dos declarantes.

Esta última rebaixa, a do ano 2023, fixémosla con carácter retroactivo xa para o ano 2022, para que se puidese aproveitar na declaración da renda presentada este ano, coa finalidade de mitigar os efectos da inflación na renda dispoñible das familias e reforzar o impulso da reactivación económica. Por iso, deflactamos con carácter retroactivo, o 1 de xaneiro do ano 2022, os tres primeiros tramos do IRPF, rebaixando o tramo máis baixo e aumentando o mínimo persoal e familiar.

Grazas a todas estas medidas, de media, un contribuínte galego aforrou, no IRPF correspondente ao ano 2022, 476 euros menos do que pagaría no ano 2009. Ademais, unha das medidas máis recentes permitirá que na declaración do IRPF do ano 2023 —a que corresponde facer no vindeiro ano 2024— as familias con dous fillos xa poidan deducir 250 euros, unha vantaxe que ata agora só tiñan as familias numerosas de categoría xeral. De forma paralela, duplicamos esta cantidade para as familias numerosas, que pasarán a deducir 500 euros. Incrementamos esta dedución noutros 250 euros por cada fillo a maiores.

Propoñen que os galegos paguen 77 millóns de euros máis no imposto de patrimonio, diminuíndo o mínimo exento ata os 400.000 euros e exceptuando a vivenda habitual polo mesmo importe. Tamén é a mesma proposta que en anos anteriores, pero curiosamente cada ano soben o seu impacto. Hai dous anos era de 28,1 millóns de euros, o ano pasado era de 60 millóns de euros e este ano é de 77 millóns de euros. Deberán saber que a nosa comunidade autónoma non ten competencia normativa para alterar o mínimo exento no concepto de vivenda habitual, na actualidade fixado en 300.000 euros, cando recuperou a Lei do imposto de patrimonio no ano 2011 o Goberno socialista da Administración xeral do Estado. Ademais, lémbrolles que fomos unha das comunidades autónomas que exercemos as nosas competencias normativas e que incrementamos a tarifa estatal nun vinte por cento no ano 2013, nunha proposta pactada con vostedes mesmos e que foi unha medida excepcional nun momento de caída de ingresos; algo que revertemos no ano 2019 para volver á situación de



partida antes da crise económica. É dicir, retornamos a tarifa vixente no Estado ata o exercicio do ano 2020, que é, por exemplo, o que aplicou o Goberno bipartito entre os anos 2005 e 2007, cando estaba vixente o imposto sobre o patrimonio; logo, a partir do ano 2007, xa o eliminaron —eliminouno o Goberno de Zapatero, como ben saben—.

Propoñen incrementar en 65 millóns de euros a recadación do imposto de sucesións e aumentar en 45 millóns de euros a do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, sen base ningunha para obter estas subidas, en función das cifras das liquidacións coñecidas de períodos anteriores e tendo en conta a previsible evolución das herdanzas en vida. Non podemos aceptalo. Neste caso tamén é a mesma emenda que o ano pasado, co mesmo impacto en sucesións e subindo de 40 a 45 millóns de euros para as transmisións patrimoniais e os actos xurídicos documentados.

Respecto das cifras de liquidación, que xa son coñecidas, no que vai de ano teño que reiterarlles unha aclaración: son dereitos recoñecidos netos, e nesa cantidade xa se inclúen os importes procedentes de anos anteriores, ben porque se concedeu un aprazamento ou un fraccionamento do ingreso, ben porque ese ingreso se atopa suspendido ou ben porque está en período voluntario de pago. Tal e como fixa a normativa autonómica, anuláanse a finais do exercicio, polo que non se poden tomar como referencia os dereitos de crédito recoñecidos, senón a recadación neta. Esta normativa xa mudou na pasada Lei de medidas e entrou en vigor para o peche deste exercicio.

Respecto das herdanzas en vida, lémbrolles que esta figura existe dende a Lei do ano 1995 de dereito civil de Galicia; non é unha novidade e a súa tributación xa está prevista no impacto do imposto de sucesións e de doazóns. Por tanto, non entendemos por que incrementan a recadación prevista por este motivo. Propoñen subirlles os impostos aos galegos trinta millóns e medio máis, de novo, coa creación dos mesmos novos tributos propios que en anos anteriores. En concreto, propoñen tres novos impostos: un sobre grandes superficies comerciais, outro sobre as instalacións que inciden no medio, como as de telefonía, as de telemática e as das liñas de transporte de enerxía eléctrica, e outro máis sobre a emisión de gases nocivos á atmosfera. Un ano máis, debemos facer unha advertencia previa: antes de analizar cada novo imposto, temos que aclarar que a iniciativa de creación de novos impostos non debe tomarse á lixeira, porque calquera figura impositiva se incardina no sistema tributario e produce efectos que hai que estudar e valorar. Por tanto, toda proposta debe ir acompañada dunha xustificación e dunha análise das súas implicacións.

Pretenden —outra vez— recadar 6 millóns de euros cun imposto autonómico sobre as grandes superficies. A súa proposta —unha vez máis— non vén acompañada de ningunha memoria xustificativa, nin do obxecto e da finalidade do imposto que se vai crear, nin da configuración dos seus elementos esenciais, nin tampouco das consecuencias da súa implantación. Actualmente, en España, hai tres impostos deste tipo en Cataluña, Asturias e Aragón, e cada un deles ten unha estrutura totalmente diferente. Para poder analizar a súa viabilidade debería sinalarse cal é a súa pretensión. A Comunidade Valenciana tamén vai crear un imposto que segue a estrutura do catalán e que entrará en vigor previsiblemente no ano 2025.



Señorías do PSdeG, descoñecemos como calculan o impacto económico, polo que tampouco podemos entrar na súa valoración.

Pretenden —outra vez— recadar 18 millóns de euros cun imposto sobre as instalacións que inciden no medio, como as de telefonía, as telemáticas e as novas liñas de transporte de enerxía eléctrica. Neste caso, tamén descoñecemos como se calcula este importe. Por iso, se acudimos a outras comunidades autónomas que o teñen implantado, cos tipos impositivos aprobados, a recadación oscilaría entre un e dous millóns de euros, polo que, non semella aconsellable o establecemento dun imposto novo para esta contía. Hai que ter en conta que, vistas as últimas sentenzas do Tribunal Supremo, debe valorarse moi polo miúdo se é conveniente establecer figuras impositivas que logo poden terminar en repercusións para os consumidores finais.

Pretenden recadar —igual que en anos anteriores— 6,5 millóns de euros cun imposto sobre a emisión de gases nocivos á atmosfera. De novo, descoñecemos como se calcula o importe do imposto nin cal é o seu fundamento. Tampouco aclaran cales son os novos gases nocivos que se pretenden gravar. Con respecto a isto, quero lembrarlles que Galicia xa conta cun imposto propio que grava substancias contaminantes á atmosfera, aplicable dende o ano 1996: o imposto sobre a contaminación atmosférica.

Ademais, a ampliación do feito imponible deste tributo a calquera outra substancia das gravadas noutras comunidades autónomas non reportaría en absoluto unha cifra como a que propoñen. Lémbrolles que a recadación actual do imposto sobre a contaminación atmosférica é sobre un millón de euros. Tamén nesta ocasión o PSdeG quere aumentar o actual gravame polos aproveitamentos da auga encorada para recadar 6,5 millóns de euros máis, cun aumento das tarifas dun 50 por cento. Tamén o temos que rexeitar. A súa proposta non ten en conta a natureza do gravame, pois se trata dun imposto ambiental, dun tributo con carácter extrafiscal dirixido á corrección e á compensación do impacto ambiental. Por tanto, non cabe a súa modificación por motivos exclusivamente recadatorios.

Ademais, incrementan os ingresos para a mellora da xestión recadatoria e o reforzo contra a fraude. O curioso é que estiman máis ingresos conxuntos para ambas as propostas, pero non detallan nin o seu importe nin como o obtiveron, polo que, non podemos valorar se o cálculo é correcto ou non.

Tan só quero recordarlles que a Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias, prioriza a loita contra a fraude fiscal dende o ano 2009 e reforzámola coa creación da Axencia Tributaria de Galicia. A Atriga logrou aflorar só o ano pasado case cen millóns de euros; en concreto, 96,9 millóns de euros de débeda non declarada, grazas ás actuacións de control fiscal. Por último —como xa fixeran o ano pasado—, imputan 3 millóns de euros ao imposto de actividades do xogo e 12 millóns ás taxas fiscais do xogo, pero non argumentan o incremento dos ingresos e a que medida concreta se debe. O que si quero advertirlles é o que suporía aumentar a recadación un 37,5 no caso do imposto e nun 27 por cento no caso das taxas, que semella que é non factible dende un punto de vista económico e da competitividade da actividade. Ademais, no caso do imposto, as comunidades autónomas poden incrementar os tipos como máximo nun 20 por cento dos establecidos na norma estatal.



En canto ás minoracións, explicarei deseguido por que non se poden efectuar na medida en que propoñen. Como é habitual, algunhas das emendas son imposibles de aceptar, xa que non se poderían levar á práctica, como indiquei antes, como as que diminúen partidas financiadas con fondos finalistas, porque deben empregarse na concreta finalidade para a que están recollidas nos orzamentos da Unión Europea ou do Estado, ou reducir gastos necesarios para o funcionamento da Administración pública.

Vaiamos a casos concretos: reclaman reducir o gasto en persoal eventual. O curioso é que onde non gobernan, solicítano, pero, cando gobernan, fan xusto todo o contrario, soben os gastos en persoal eventual. Fagamos un pouco de memoria, porque hai que seguir lembrando que vostedes, no ano 2009, en Galicia, constituíron o goberno máis caro da historia, dende o punto de vista do persoal eventual e dos altos cargos. Tamén hai que lembrar que, o Goberno central, tan pronto como puideron presentar un orzamento novo, o PSOE volveu constituír o goberno máis caro da historia de España, que acaba de renovar hoxe, e seguen encarecéndoo orzamento tras orzamento. Bo camiño.

Isto que digo ten sustento en datos. Nós, dende o ano 2009, aumentamos un 32 por cento o gasto de persoal da Administración autonómica para prestar os servizos públicos. O gasto dos traballadores públicos increméntase un 32 por cento. Pero aínda gastamos un 13,1 por cento menos en altos cargos e persoal eventual que o Goberno do ano 2009. Repito, reforzamos os gastos de persoal nun 32 por cento e diminuímos un 13,1 por cento os gastos en altos cargos e persoal eventual. Cun só exemplo verán a falta de rigor coa que actúan neste eido. Chegan a propoñer reducir o persoal de gabinete da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade por 2,9 millóns de euros. O problema é que esta cifra é case nove veces o crédito que se destina a esta partida na devandita consellería —maxia—. Un pouco de seriedade, señorías.

Como dicía, o máis sorprendente da posición do PSdeG é que defendan isto cando o Goberno de Pedro Sánchez aumentou, dende o ano 2018, en 30 millóns de euros os gastos de persoal eventual. ¡Un 65 por cento!, si, escoitaron ben, un 65 por cento máis, para pasar de 943 a 1.283 o número de persoal eventual. Isto si que é predicar co exemplo. Sexan coherentes, por favor, os datos son reveladores. Ademais —como en anos anteriores—, minoran as transferencias das entidades, como, por poñer un exemplo, a da Fundación Cidade da Cultura ou as das diferentes axencias, pero logo non se corrixen os gastos concretos destes organismos.

Reducen tamén, por outra banda, partidas practicamente na súa totalidade. É o caso dos 19 millóns de euros previstos para a nova cidade de San Caetano, na que retiran 18 millóns de euros para que se apliquen ás instalacións de San Caetano, que quedarían tan só nun millón de euros. Se non queren que se realice este investimento, deberían clarexalo e propoñer unha alternativa.

Como xa dixeran, propoñen reducir nun 44 por cento os gastos correntes precisos para o funcionamento dos edificios administrativos da Xunta. ¿Que propoñen para os empregados públicos que traballan na Administración acotío?, ¿que fagan quendas para acender a luz ou os ordenadores, ou que outro sistema deben empregar para asumir esa redución do 44 por cento dos gastos correntes precisos para o funcionamento dos servizos administrativos?



Tamén reducen achegas de actuacións, como o financiamento finalista procedente da Unión Europea en materia de accesibilidade, como pode ser o fomento da mobilidade sostible ou a mellora da seguridade viaria. Non sería razoable. Podería poñer máis exemplos, pero coido que son abundos.

Vexamos agora como incrementan o gasto que propoñen, señorías. Igual que o ano pasado, o PSdeG propón bonificacións económicas e incentivos fiscais para as empresas en espazos de regresión demográfica por 2 millóns de euros; 500.000 euros máis que o ano anterior. O sorprendente é que mentres formulan este incentivo levan anos votando en contra dos orzamentos, que dende o ano 2016 están desenvolvendo o Programa de impostos cero no rural, que xa conta con beneficios fiscais e que fomos reforzando para as actividades e vivendas en zonas pouco poboadas.

Tamén reclaman máis achegas aos concellos, e fano no ano no que a Xunta, de novo, lles transfere máis recursos ca nunca: 602 millóns de euros, non só a través do Fondo de Cooperación Local, senón mediante multitude de liñas de axuda dos diferentes departamentos autonómicos.

Por outra banda, voltan propoñer incrementos idénticos nos importes das partidas correspondentes a infraestruturas, con independencia do seu estado de tramitación, da súa localización ou das súas características. Curiosamente, van variando o seu importe segundo o ano. Este ano, retoman os incrementos en residencias e centros de día, que os retiraran no orzamento en vigor, ademais de previsións para centros de saúde e escolas infantís. Así, para cada centro de saúde adican 500.000 euros; temos aquí unha tarifa plana para centros de saúde de 500.000 euros, para todos, sen distinción. Os dous anos anteriores era 300.000 euros a tarifa plana e hai tres era 400.000 euros a tarifa plana. Para cada residencia de maiores orzan 150.000 euros —aquí si que somos un pouquiño máis modestos—, a mesma contía de 150.000 euros para cada centro de día e tamén para cada escola infantil 150.000 euros, xa sexa para unha nova ou para reformar unha xa existente.

O Goberno galego si que ten unha planificación seria e sensata das infraestruturas dos centros de saúde, das residencias de maiores, dos centros de día e das escolas infantís. Priorizámolas en función das necesidades de cada territorio e coa cantidade axeitada segundo a fase na que se atopa cada proxecto.

Finalmente, propoñen unha achega de 10 millóns de euros para o persoal destinado ao control e á execución dos fondos europeos. Con respecto a isto, lémbrolles que na Xunta de Galicia xa traballan máis de catrocentas persoas en tarefas de xestión e control de actuacións de financiamento do Mecanismo de recuperación e resiliencia.

Mesmo o Consello de Contas —que tanto lles gusta citar—, no seu informe de fiscalización sobre as medidas adoptadas no eido autonómico para a implementación do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, considerou suficientes os 423 traballadores asignados. En calquera caso, señorías, se fose preciso, non lles caiba dúbida de que destinaremos máis persoal, por suposto, para estes efectos.



No que atinxe ás propostas do Bloque Nacionalista Galego, hai que indicar que, por suposto, tamén estamos en contra de subirlles os impostos aos galegos en 209,5 millóns de euros; 21 deles con novos impostos, como pretenden. Vaiamos analizando unha a unha as propostas en materia tributaria.

Propoñen que os galegos paguen 40,5 millóns de euros máis polo IRPF. Non estamos de acordo, son 10,5 millóns máis que os que propoñían o ano pasado. Neste caso, remítome ao xa contestado ao Grupo Socialista: non consideramos que sexa o momento de subir o IRPF, e este goberno aposta polas medidas xa citadas de alivio fiscal.

Propoñen que os galegos paguen nada máis e nada menos que 34 millóns de euros máis polo imposto de sucesións e doazóns. Por suposto, tampouco estamos de acordo. O ano pasado subían 20 millóns por este imposto e este ano case duplican a cifra, pero, como tampouco sabemos en que consiste a modificación tributaria, non podemos saber se este impacto é correcto. Coas rebaixas aprobadas, tanto no ano 2016 como no ano 2020, elimínase para o 99,9 por cento dos galegos o imposto de sucesións entre familiares directos e xa se beneficiaron desta medida máis de 794.000 galegos. O noso obxectivo, neste imposto, é manter íntegro o patrimonio familiar e a capacidade económica dunha familia cando falece un familiar directo. Ademais, hai que engadir máis de 13.200 beneficiarios do maior tratamento fiscal das herdanzas entre irmáns, nas que a metade xa non tributan.

Propoñen que os galegos paguen 60 millóns de euros máis polo imposto sobre o patrimonio, o mesmo que solicitaron o ano pasado e o dobre que hai dous anos, e teño que dicir que, igual que para o IRPF, xa me referirán á posición do Goberno galego sobre este imposto na contestación ao PSdeG.

Igualmente, tampouco podemos aceptar a modificación que propoñen do canon eólico para recadar —din— 30 millóns de euros máis, cun suposto cambio no feito impositivo que non vén explicitado. Incrementan a contía en 5 millóns de euros en relación coa súa proposta do ano pasado. Por tanto, a resposta do Goberno galego ten que ser a mesma. Primeiro, hai que clarear que o feito impositivo do canon eólico é a xeración de afeccións e impactos visuais e ambientais adversos sobre o medio natural e sobre o territorio; sen entrar na incorrección técnica de determinar como feito impositivo a potencia dos aeroxeradores, que nada ten que ver con esa finalidade do imposto. E a estrutura fiscal do imposto obedece á finalidade de internalizar os custos sociais e ambientais provocados pola instalación dos aeroxeradores. Vai dirixido a estimular e promover a incorporación das novas tecnoloxías nestes, para que a maior potencia unitaria destas repotenciacións reduza o seu número e o seu impacto ambiental; en definitiva, para protexer o medio ambiente. Ademais, a modificación da estrutura tributaria dun imposto ten que cumprir as mesmas restricións que para a súa creación e, por tanto, debemos facer unha análise da finalidade perseguida e da idoneidade da estrutura tributaria proposta para a súa consecución, ademais da súa correspondente análise da adecuación á legalidade vixente.

Propoñen tamén modificar o imposto sobre o dano ambiental por auga encorada para recadar 24 millóns de euros máis; unha emenda calcada á do ano pasado, pois de novo non especifican a modificación á que aluden. Hai que ter en conta que a recadación prevista para



este imposto para o ano 2024 é de case doce millóns de euros, polo que a intención do BNG suporía duplicar a cifra.

Tamén quero subliñar que se trata dun imposto ambiental, de carácter extrafiscal, dirixido á corrección e á compensación do impacto ambiental. En consecuencia, a configuración do tributo —tipos de gravame incluídos— parte dunha avaliación de cales son os danos ou externalidades provocadas, polo que a estrutura do tributo debe incentivar e desincentivar o suxeito na procura do menor dano ambiental; por iso, calquera modificación debe vir motivada polas circunstancias anteriores e non por motivos exclusivamente recadatorios, como é o caso.

Propoñen tamén —igual que o ano pasado e o anterior— que os galegos paguen 21 millóns de euros máis pola creación de tres novos impostos: sobre as vivendas baleiras, sobre as grandes superficies comerciais e sobre as redes de alta tensión. É difícil ter un debate novidoso cando de xeito reiterado recollen as mesmas reformulacións.

En relación co imposto autonómico sobre as vivendas baleiras, a proposta que fai o seu grupo, tal e como sucede para outros impostos, non vén acompañada de ningunha memoria xustificativa do obxecto e da finalidade do imposto que se quere crear, nin da configuración dos seus elementos esenciais, nin das consecuencias da súa implantación; unicamente cuantifica o impacto da nova medida en 10 millóns de euros —moi pouco rigorosa—. En Galicia temos a Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana de Galicia, que regula o canon dos inmobles que sexan declarados en estado de abandono polo Instituto Galego de Vivenda e Solo. Os ingresos obtidos destinaranse a actuacións de rehabilitación na área Rexurbe na que se localicen os inmobles declarados en estado de abandono. Como xa lles dixen o ano pasado, o Goberno galego aposta por este modelo e non por un novo imposto. *(Aplausos.)*

En canto á creación dun imposto novo sobre as grandes superficies, remítome ao que xa acabo de responderlle ao PSdeG.

E, finalmente, cun novo imposto sobre redes de alta tensión prevén recadar un millón de euros adicionalmente, que igualmente se descoñece a estrutura da imposición proposta e como se calcula o importe imputado a esta medida, polo que non se pode valorar se o seu cálculo é correcto ou non. Por iso, acudindo aos tipos impositivos doutras comunidades autónomas de novo —como xa dixen anteriormente—, este oscilaría entre un e dous millóns de euros; co cal non parece moita riqueza crear un novo imposto por esta contía. Ademais, como xa dixen, as últimas sentenzas do Tribunal Supremo fan que se deba valorar convenientemente iso de crear figuras impositivas, porque redunda finalmente nos consumidores finais, como é o caso deste imposto que acabo de sinalar.

Sobre as minoracións que formulan en relación coa rebaixa de gasto en persoal de gabinete e gastos inmateriais, remítome xa ao que lle indiquei ao Grupo Socialista. Vostedes tamén formaron parte do goberno máis caro e con máis altos cargos, con máis consellerías e máis gasto en asesores da historia da comunidade autónoma. Resulta ben curioso que, pese a incrementar en máis de douscentos millóns de euros os ingresos con medidas tributarias, logo



das súas emendas, catro departamentos autonómicos terían menos recursos: Presidencia da Xunta, Vicepresidencia primeira e as consellerías de Infraestruturas e do Mar. Non podemos estar de acordo, igual que co PSdeG, que en ocasións piden detraer recursos de partidas correspondentes aos fondos finalistas para dedicalas a outras finalidades que non se corresponden; polo que, como xa expuxen, sería de imposible aplicación. Son bastantes veces xa as que empregan esta técnica de imposible aceptación.

Noutras ocasións minoran recursos de transferencias a entidades por parte da Xunta, pero non adaptan —como ocorre co Grupo Socialista— os orzamentos desas mesmas entidades ás minoracións; é dicir, só minoramos a transferencia, pero os cidadáns en xeral e os membros da Cámara en particular non podemos saber cales serían as partidas concretas de gasto que están a minorar. Non se pode valorar cal é o custo de oportunidade das súas políticas.

En varias emendas non concretan o destino dos créditos que propoñen e tan só se limitan a xerar un capítulo de gasto en termos xerais, por non citar casos nos que os importes que diminúen son superiores aos do crédito establecido no Proxecto de orzamentos. Supoño que será un erro. Pero vaíamos a exemplos concretos que xustifican que non poidamos aceptar estas emendas. Minóranse partidas imprescindibles para o funcionamento dos servizos; en concreto, no caso do Sergas, impiden o funcionamento da sanidade galega e eliminan os créditos, tanto para adquirir material sanitario como para equipos informáticos. ¿Como pretenden garantir o funcionamento da sanidade sen material e sen equipamento informático? Non o sabemos. Mesmo chegan a quitar 7 millóns de euros dos 7,5 millóns de euros previstos para o Plan de saúde mental, aínda que noutra emenda piden aumentar os recursos para este fin. Polo tanto, semella que moitas veces tamén estamos ante cambios meramente cosméticos.

Outra das partidas que eliminan, por exemplo, son as dos créditos da Risga e as das axudas complementarias para as persoas en risco de vulnerabilidade económica, que logo transforman en cadanseu plan de inclusión social. Pois ben, dende o Goberno galego facemos o contrario, reforzamos os créditos para as persoas que máis o precisan.

Tamén retiran nada máis e nada menos que 5 millóns de euros para a intermodalidade, pero sen dicir a que estación lle pretenden restar os créditos. ¿Será para a da Coruña, para a de Ferrol, para a de Vigo ou para a de Lugo? (*Murmurios.*) Non sabemos. Vaian a esas cidades, señorías, e díganlles aos veciños que non queren que se invista nesas estacións intermodais. O máis práctico é non concretar onde imos facer o recorte e xa está. (*Aplausos.*)

Como dicía, propoñen reducir as partidas financiadas con fondos europeos, por exemplo, en materia de competitividade, de internacionalización, de apoio a proxectos emprendedores ou de actuacións de I+D+i. Entenderán que non as poidamos aceptar.

Podería poñer máis exemplos, pero coido que son abondo.

Vexamos agora como incrementan o gasto que propoñen. Tamén chama moito a atención o que fan coa atención primaria. O que fan ano tras ano é meter unha emenda para aumentar os créditos sen facer ningún tipo de análise real das necesidades. O obxectivo é incrementar unha



porcentaxe determinada. Queren —por dicilo así— quedar ben dicindo que incrementan as partidas, malia que deixen desatendidos outros servizos, como neste caso o Laboratorio Oficial de Meteoroloxía. Hai dous anos pedían 250 millóns de euros, o ano pasado 200 millóns de euros, e este ano voltamos á cifra máxica dos 250 millóns de euros. Todo isto —reitero—, sen a máis mínima análise de onde e de en que, en concreto, é preciso reforzar o gasto e de con que medios podemos contar para que este gasto sexa reforzado. A proba disto é que noutra emenda minoran en 20 millóns de euros, precisamente, os créditos adicados á atención primaria.

Outro exemplo é que propoñen un pacto galego contra a violencia machista, algo no que todos estamos de acordo, pero dótano —como xa dixen— eliminando o crédito para a Risga e as axudas para as persoas vulnerables e afectando partidas finalistas; polo tanto, non o podemos aceptar.

Formulan un plan de continxencia ante o endurecemento das condicións financeiras, que cifran en 100 millóns de euros, pero o máis sorprendente é que para financeiro propoñen retirar nada máis e nada menos que 70 millóns de euros en actuacións de apoio aos sectores produtivos e do medio rural. ¿Así é como apoian o sector primario, señorías do Bloque Nacionalista Galego? Non o sabemos.

Outro exemplo máis. Formulan un plan de mellora do sistema educativo obrigatorio, dotándoo con 55 millóns de euros, pero a custa de retirarlles toda esa cantidade ás medidas de apoio aos sectores económicos. Con estes exemplos semella axeitado non aceptar as súas emendas.

En definitiva, coído que na miña intervención expuxen argumentos suficientes que xustifican que non podemos apoiar as súas propostas.

Vou rematando xa.

Unha vez analizadas as súas emendas, tanto as do PSdeG como as do Bloque Nacionalista Galego, vemos que teñen algo en común á hora de incrementar os ingresos, co que non estamos de acordo. Soben os impostos que xa temos, aínda que non nas mesmas contías cada grupo da oposición, e crean novos impostos, tamén por contía diferentes, aínda que sexa a mesma figura tributaria. E se analizamos as minoracións de gastos, retiran fondos finalistas que fan inviables as actuacións alternativas que pretenden financiar.

Por último, en canto aos aumentos de gasto, en varias emendas podemos estar de acordo en moitos dos reforzos, pero non a custa de deixar de financiar outros plans ou actuacións precisas que conteñen os orzamentos, nin a custa dos ingresos tributarios pintados na súa proposta.

En definitiva, o Goberno galego ten claro o seu modelo orzamentario para o ano 2024. A prioridade é favorecer un estímulo que permita investir en estabilidade, investir en futuro e investir nas persoas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Corgos.

Rolda do grupo parlamentario non emendante, por un tempo de dez minutos.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, dona Paula Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, presidenta.

Señorías, o debate que se produce hoxe nesta Cámara con normalidade, con asiduidade, cada ano, como corresponde, parece normal, pero non o é; non o é porque Galicia é unha illa de estabilidade nestes momentos con respecto á actualidade política española. (*Murmurios.*) Mentres en Madrid vostedes, nacionalistas e socialistas galegos, aplauden que os fondos e as competencias vaian a outras comunidades autónomas, en Galicia aprobamos un orzamento co maior investimento social da historia. Mentres en Madrid vostedes falan de amnistías e os seus socios de goberno son fugados da xustiza, aquí nós falamos do que lle preocupa á xente, de como mellorar as súas vidas. Mentres en Madrid vostedes pactan co PNV a transferencia dos medios persoais e materiais para a xestión do litoral ao País Vasco, aquí permiten... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Tranquilos, están un pouco nerviosos... ¡Tranquilos! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Si, home si, están nerviosos!, pero non se preocupen, tranquilos. (*Murmurios.*)

Digo que mentres vostedes pactan co PNV a xestión dos medios materiais e persoais para a xestión do litoral do País Vasco, aquí permiten que o seu goberno nos interpoña un recurso de inconstitucionalidade; cando o que fai Galicia é garantir a subsistencia de postos de traballo cunha lei que se redacta baixo o ditado do Estatuto de autonomía. (*Aplausos.*) Por certo, igual que o País Vasco. (*Aplausos.*) Mentres, en Madrid continúan *los juegos del hambre*, nós aquí facemos o normal, o que agarda a xente, gobernar.

E para gobernar é fundamental contar cun orzamento en prazo para poder desenvolver todas as políticas, políticas para resolver problemas e mellorar a vida dos galegos e das galegas. E non foi sinxelo porque mentres, si, aquí queríamos traballar para poder implantar as nosas medidas, dende Madrid non nos comunicaban o teito de gasto. Señor Álvarez, que dicía vostede esta mañá que era unha ensoñación, que o Goberno que si que facía as aportacións. Igual vostede ten esa información, pois dígalle ao ministerio que lla traslade á Consellería de Facenda porque sería moi interesante que tiveramos cales son as aportacións á conta, cal é o teito de gasto. Iso nós non o sabemos. Igual vostede ten esa información e por iso di que nós vivimos unha ensoñación.

Pero hoxe falamos dos orzamentos máis altos da historia de Galicia, máis de trece mil millóns de euros, cos que blindamos o gasto para as políticas das persoas. A sanidade, a educación, as políticas sociais, o emprego, a igualdade, estas son as prioridades do Partido Popular de Galicia. E aínda que a vostedes non lles guste, con menos impostos no momento no que as familias fan contas para sufragar todos os gastos e chegar a fin de mes.

E a pesar das dificultades —como dicía— aquí estamos debatendo unhas emendas que non nos sorprenden, innovan pouco. De feito, imaxínense que hoxe ao saír do pleno pois se ato-



pan mal, sóbelles a febre e non lles funciona o paracetamol; deciden ir ao PAC, unha doutora aténdeos, unha doutora... Si, si, unha doutora posiblemente que estea nesa praza co voto en contra de vostedes, (*Aplausos.*) que cobra bastante máis dos 48.000 euros que lle quería pagar a señora Pontón o ano pasado. (*Aplausos.*) Aténdeos e recítalles outra medicación, posiblemente xenéricos —que vostedes tamén votaron en contra, por certo—, e vostedes queren marchar. ¡Ah!, pero non poden, ¿por que?, porque non lles poden dar a alta. E vostedes preguntanlle á doutora: pero, ¿por que non? E a doutora dilles: pois é que non temos papel, non temos tóner, non temos equipos informáticos, non podemos imprimir a alta. Porque no Parlamento acaban de aprobar as emendas do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego e deixáronnos sen nada. (*Aplausos.*) Isto que podería parecer un conto é unha realidade se hoxe votamos a favor das súas emendas. (*Aplausos.*) Porque ¿que propoñen nas súas emendas? Fóra luz, fóra seguridade, fóra limpeza, fóra comunicacións, fóra equipos informáticos, fóra materiais. Esas son as súas emendas. E isto o que vén demostrar un ano máis é que tan mal non lles deben parecer as nosas políticas materializadas nos orzamentos cando non son capaces de quitar nin unha soa partida das políticas do Goberno do Partido Popular e teñen que ir a partidas xenéricas de material, tóner, auga, luz, seguridade etcétera.

A señora Pontón pedía esta mañá que se incrementase o orzamento para Atención Primaria en 250 millóns de euros. Ben, ¿saben canto incrementa o Bloque Nacionalista Galego coas súas emendas a Atención Primaria?, ¿sábeo, señora Presas? Sesenta e un millóns de euros. Fagan as contas ben. Polo menos, xa que piden 250 millóns, materialicen nas súas emendas algo máis de sesenta e un millóns. ¡Home!, acaban de deixar un pouco mal ese consello de expertos que acaban de presentar, e aínda non se estrearon e xa o están deixando quedar un pouquiño mal. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Fáganlle un pouco máis de caso a ese consello de grandes expertos que teñen e deixen de facer o ridículo. (*Aplausos.*)

Señora Rodríguez, está vostede preocupada polas escolas infantís. Non se preocupe, que xa dixo a señora Yolanda Díaz —que debe ser a única cota galega xa que lles queda no Goberno de España—, (*Murmurios.*) xa dixo que a medida máis eficaz contra a pobreza infantil era a universalización da educación infantil. Iso xa o levamos facendo en Galicia moito tempo grazas ao esforzo investidor e ao investimento da Xunta de Galicia, 50 millóns de euros ao ano. ¿E saben en que se traduce? Pois nun 56 por cento de escolarización fronte ao 45,6 por cento en España. Non se preocupe, señora Rodríguez, que agora xa vai vir o Goberno de España facer gratuítas todas as escolas infantís de Galicia e do resto de España.

Unha das súas emendas común e reiterada nos anos é o recorte nas partidas que sustentan os soldos de persoal dos gabinetes —dicíao o conselleiro—, aínda que temos consignados 6,8 millóns de euros para o 2024, que está por debaixo dos 7,3 millóns do Bipartito. Mire, señor conselleiro, é que xa non fai falta remontarnos ao Bipartito, imos falar do que fan hoxe as políticas do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista. En Santiago de Compostela, por exemplo, ¿que está facendo o Goberno do Bloque Nacionalista Galego? Pois un sultanato. Acaba de incrementar de catro a once os altos cargos, de oito a catorce os asesores; iso si, con seis concelleiros de vinte e cinco. ¿E canto custa a broma? Dous millóns de euros ao ano, estes son oito millóns de euros na lexislatura. Vostedes veñen aquí co seu posturo pedir que se eliminen os gastos de gabinete e alí onde gobernan, altos cargos; alí onde gobernan, asesores. (*Aplausos.*) Iso é o que fan vostedes. (*Aplausos.*)



Agora si, piden tamén un imposto para as grandes superficies, cando o Goberno bipartito foi o que máis grandes superficies montou, dezaseis — se non recordo mal—. Pero agora gobernan no Concello de Santiago, — porque tamén teñen bonos, ¡teñen bonos! — o Bono Comercio, que o Partido Socialista tamén o tiña, tiña en 1.250.000 euros. Veu o Bloque Nacionalista Galego e dixo: non, o Bono Comercio é moito, non vimos axudar tanto o comercio pequeno, 430.000 euros. Ese é o Bloque Nacionalista Galego e ese é o Partido Socialista. *(Aplausos.)*

Pois ben, ¿que propón o Partido Socialista en infraestruturas? Recortar 70 millóns de transferencias de capital a Axi, impedindo executar obras imprescindibles de mellora da seguridade viaria, de conservación de estradas, de fomento da mobilidade sostible. ¿Que queren?, ¿que poñamos Galicia ao nivel do que teñen vostedes, por exemplo, a A-6, señora Rodríguez? ¿É o que queren vostedes? Non, con nós non conten para iso.

Outra. Os ultradefensores das rebaixas da AP-9, que antes eran da súa transferencia, eliminan a conxelación de peaxes nas autoestradas autonómicas. Igual o fan para disimular que as autoestradas estatais en Galicia seguen a ser as máis caras de España, a pesar de todas as rebaixas prometidas, e para intentar que as xestionadas pola Xunta non continúen sendo todo o contrario, as máis baratas de España, señora Rodríguez.

Tamén recortan 10 millóns de euros na partida de transporte metropolitano, a partida coa que se financia o transporte público para menores de 21 anos a través da Tarxeta Nova. Iso si, con 10 millóns de euros menos pretenden que se incremente a Tarxeta Nova ata os maiores de 30 anos. Miren: eu entendo que confían na capacidade de xestión do PPdeG, pero milagres a Amil, señora Rodríguez, milagres a Amil.

E o BNG en xuventude, recortar o orzamento en máis de 5,6 millóns de euros, o que supón un 30,53 por cento menos; pero, ao mesmo tempo, dínos que as partidas destinadas á xente moza son moi reducidas. Ben, a súa incoherencia queda por escrito. Sen ese orzamento, señora Presas, ten que vostede saber que sería imposible impulsar a campaña de verán, que saben vostedes que é un programa referente non só de ocio, senón tamén de conciliación de verán para as familias.

Pero eliminan tamén o destinado a actuacións para mellorar a formación e a empregabilidade dos máis mozos. ¿Que pretenden?, ¿que nos poñamos ao nivel de España, que é o país co desemprego xuvenil máis alto da Unión Europea? Pois non, nós non imos aceptar esas emendas.

E vaian cambiando de discurso de pedir que se destine o un por cento do orzamento para políticas de violencia de xénero. Xa está superado, señorías, ¿non son conscientes de que xa se inviste máis do un por cento? Estamos en máis do 1,5 por cento. Señora Presas, por favor, actualicen o argumentario.

E falan de que queren un Pacto galego contra a violencia de xénero. Pero a ese pacto galego xa chegamos no ano 2016, trasladámolo ao Pacto de Estado contra a violencia de xénero do 2017. ¿E que pasa con ese pacto? Que está nun caixón. Reclámenlle ao Goberno de España que cumpra co Pacto estatal contra a violencia de xénero. *(Aplausos.)*



A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ¡Xa está ben, señorías! ¡Xa está ben! (*Aplausos.*)

Veñen vostedes aquí lavar a súa cara, que en políticas de igualdade nin o Partido Socialista é capaz de facer unha lei decente, nin vostedes son capaces de facer unhas propostas un pouco innovadoras. Cambien un pouco o discurso, que o un por cento —insisto— xa está superado. Aceptar esa emenda sería tanto como recortar as partidas para a violencia de xénero. Con nós non contén para iso.

Eliminan as partidas para a plataforma loxística do Sergas, un sistema recoñecido en toda España e que o Bloque Nacionalista Galego despreza, como todo o que ten que ver coa visión positiva da nosa sanidade. E mentres o nacionalismo galego o despreza, pois os gobernos do País Vasco e Cataluña, por exemplo —pouco sospeitosos de apoiar o PP—, poñen en valor este sistema e interésanse polos bos resultados que ofrece Galicia.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: —Si—. Coma sempre, vostedes poñen o desprestixio da sanidade para o seu rédito electoral.

E o colmo xa é o PSOE, que sabemos que eliminan por sistema as partidas de funcionamento básico, pero é que ás veces hai que ter algo máis de rigorosidade. Vostedes cárganse todas as emendas en comunicación para os cribados de cancro de mama, de colon, de cervix, fundamentais para a detección precoz destes cancros e que vostedes queren limitar.

Sinceramente, señorías, se queren facer ese tipo de políticas, co Partido Popular non contén.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coa rolda de réplica.

Neste caso, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por un tempo de cinco minutos, dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señora presidenta.

Confío na súa comprensión no tempo, ¡por favor!

Señor conselleiro, recórdolle que ten despois o debate de Lei de medidas fiscais e administrativas. Dígoo por se se quería ir adiantando xa agora e fíxonos unha explicación así bastante exhaustiva que ao mellor pois seguramente tería máis cabida, ou non, no seguinte debate.



E, señor conselleiro, é verdade que repetimos moitas das emendas, pero é que as nosas emendas representan as nosas prioridades. E, loxicamente, se vostedes votan en contra, nós volveremos presentalas. Xa lle explicou pola mañá o noso portavoz que temos dous modelos diferentes e, polo tanto, temos orzamentos diferentes. E xa lle dixen eu na primeira intervención que sen ser estes os nosos orzamentos e adaptándonos ao corsé que ten o debate parlamentario pois facemos as emendas transversais.

E vostede tamén falaba desa tarifa plana para centros de saúde, escolas infantís e centros de día e de que vostedes planifican. E voulle dicir a vostede en función de que planifica o Goberno do Partido Popular: vostedes planifican en función da urxencia e da necesidade de que haxa nos concellos; pero é que sempre coincide que a urxencia e a necesidade é moito maior naqueles concellos que teñen un goberno do Partido Popular. Polo tanto, co resto dos concellos nunca hai urxencia nin necesidade, nin para centros de saúde, nin para centros de día, nin para escolas infantís.

Tamén nos di vostede que ten máis de catrocentas persoas na xestión e no control dos MRR. Pois, señor conselleiro, con esa execución tan baixa, unha de dúas: ou necesitan máis ou os traballadores son moi pouco eficientes. E non me volva dicir que este non é o informe que presentaron vostedes; xa llelo presenteí e xa lles dixen: o 35 por cento de execución. Polo tanto, son os seus datos, non os meus, señor conselleiro.

E señora Prado, a verdade é que vostede hoxe fixo aquí un discurso bastante demagóxico. A min gustaríame que lle preguntara a calquera persoa que pase pola rúa —a calquera, á que vostede queira— e que lle pregunte como é a atención primaria e se nestes catorce anos mellorou ou empeorou. Porque para iso non precisan nin de papel, nin de altos cargo, nin de material; o que precisan é ter un médico ou unha médica que os atenda, que lles faga unha receita electrónica se a necesitan, que os deriven a unha proba diagnóstica ou a un especialista e que os atendan en tempos normais. E non como está pasando, que son tempos absolutamente vergoñentos, ¡absolutamente vergoñentos, señora Paula Prado! Así que ¡déixense demagoxia e de tonterías! (*Aplausos.*)

E non lle vou volver repetir as emendas que vostedes presentaban cando gobernaba Emilio Pérez Touriño; non llo vou volver repetir porque ao mellor ten que volver calar como hai un ano.

E vostede tamén fala da AP-9, que temos as autoestradas máis caras de España. Pois, ¿sabe grazas a quen? Ao Goberno de José María Aznar, ao Goberno do Partido Popular. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) E miren, señora Paula Prado, ¡miren!, (*Aplausos.*) mentres estaba o señor Mariano Rajoy na presidencia do Goberno, vostedes pedían a transferencia da AP-9, pero nunca dixeron nada da gratuidade. Fálano agora. ¿E sabe que? Grazas a que temos un Goberno socialista hai bonificacións na AP-9. Xa as estamos desfrutando e imos desfrutar máis. Ría todo o que queira, porque os feitos matan os seus relatos, señora Paula Prado. Así que déixese de tanta demagoxia.

Vou seguir a ver se me dá tempo, en canto á política de vivenda, sobre a nosa emenda transversal, nun contexto no que grazas aos fondos que veñen do Estado se incrementaron con-



siderablemente as contías dedicadas á vivenda. E nós propoñemos na nosa emenda transversal para o orzamento da Xunta reforzar a construción de vivendas de promoción pública, as axudas para o alugueiro, especialmente dirixidas á mocidade e para as familias con máis dificultades, ademais de actuacións no marco da rehabilitación. Con esa emenda tratamos de modificar o clamoroso déficit que ao respecto presenta a Xunta de Galicia, con partidas orzamentarias claramente insuficientes, cunha promoción de vivenda pública insultante. Vexo unha competencia exclusiva autonómica e cunha execución orzamentaria, señora conselleira, con responsabilidades na materia que en 2022 deixaron sen executar 120 millóns de euros, é dicir, sete de cada dez euros orzados sen investir en políticas de vivenda. Iso si que lles tiña que dar absolutamente vergonza.

E, señor conselleiro, cando a Xunta de Galicia vai recibir do Plan 2018-2025 do Goberno do Estado máis de catrocentos millóns de euros, 167 millóns de euros xa neste exercicio, para rehabilitar vinte e cinco mil vivendas e para construír mil duasetas vivendas sociais, cando vostedes teñen máis de dezaoto mil solicitantes de vivenda de promoción pública inscritos no Rexistro da Xunta de Galicia. ¿Van seguir incidindo nesta negligente e vergonzante xestión nun tema tan sensible e tan fundamental como é a vivenda?, ¿van seguir así? Pois poden mudar e votar a favor das nosas emendas.

Señor conselleiro, o maior incremento de fondos que hai nestes orzamentos proveñen do Estado e da Unión Europea, mentres que a Xunta de Galicia mantén o seu márketing fiscal...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...con medidas de maquillaxe tributaria, consolidando rebaixas fiscais para os máis ricos, mentres renuncia a aplicar medidas que impactan realmente no benestar das familias.

Señores e señoras do Partido Popular, concluímos que o Proxecto de orzamentos remitidos cuns ingresos non-financeiros de máis de 13.300 millóns de euros, 826,8 millóns de euros máis que este ano, carece do enfoque e das medidas para o despregamento económico e social que Galicia necesita, que non dá as respostas necesarias para afrontar os retos de inmediato nin os retos de futuro para acadar unha Galicia máis verde, máis dixital, máis cohesionada territorial e socialmente, sen que ninguén quede atrás, aproveitando as nosas capacidades e as nosas potencialidades para colocarnos na vangarda económica, industrial e social. Polo que se exige adoptar outro tipo de medidas que as contempladas neste proxecto de lei.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Son necesarias políticas máis ambiciosas que avancen en xustiza social e en prosperidade económica. E será en breve cando o presidente Rueda convoque eleccións cando se iniciará o cambio que Galicia precisa con José Ramón Gómez Besteiro como presidente da Xunta de Galicia (*Murmurios.*), que liderará...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Rematou o seu tempo, señora Rodríguez Rumbo.



A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...un goberno socialista... *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra dona Noa Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Boa tarde de novo.

Menos mal que isto era unha illa de estabilidade, porque para querer vostedes converter Galicia nunha illa só fan falar de Madrid. Deberon coller o avión o outro día para ir ver o señor Feijóo e non volveron aterrar neste país. *(Aplausos.)* En todo caso, non pasa nada, falemos de Madrid.

Eu, de verdade, aínda non entendo canto tempo necesitan vostedes para superalo. Eu sei que é fastidiado que un só deputado e unha senadora fagan máis por este país e por colocar os debates enriba da mesa ca vostedes. *(Aplausos.)*

Pero deixen de poñer paus nas rodas. Porque miren: vostedes en catorce anos conseguiron respecto do financiamento deste país —fondos europeos, o sistema de financiamento ou a propia xestión da débeda— exactamente cero, cero propostas. Polo menos, póñanse do lado do Bloque Nacionalista Galego para presionar o Estado e arrimen o ombro, poñan o país por diante en vez do seu sectarismo político, *(Aplausos.)* como o fixo, por certo, sempre o Bloque Nacionalista Galego.

Gústalles a vostedes moito recordar a sentenza do IVE. É que o BNG non só estivo aí ao lado da Xunta, senón que primeiro trouxemos nós a este parlamento propostas para convencelos de que fosen aos tribunais por eses cartos que nos pertencían. Polo tanto, deixen de poñer paus nas rodas e sumen do lado de quen defende este país. Porque con vostedes os propios orzamentos demostran que a achega do sistema de financiamento aumentou, si, aumentou na partida do fondo de converxencia ¿Por que? Porque outras comunidades van mellor e saen dese fondo, e Galiza queda con menos comunidades e recibe máis, por estar peor, non porque o Goberno galego vaia negociar e negocie a favor deste país. Ese é o retrato do seu goberno.

En fin, señora Prado, véxoa inqueda por ese consello asesor. A min gustaríame poder invitala pero, realmente, vendo como fai as contas, creo que non o vou facer, porque *(Aplausos.)* mire: programa 313B, «Violencia machista», orzamento, 23 millóns de euros; 130 millóns de euros menos 23 millóns son 107 millóns de euros. Está aínda un pouco lonxe dese 1,5 por cento de violencia machista que di vostede. En todo caso, eu recoméndolle que pida cita na sanidade pública galega e que intente ir revisar a vista. Porque menten e manipulan tanto que veu aquí dicir que non pediamos 250 millóns de euros para o Plan de atención primaria. Eu dixen



pois sería un erro e vou revisar. Mire (*A señora Presas Bergantiños amósalle á bancada popular un documento.*): páxina 3 da emenda —déixolla aquí—. (*Aplausos.*) É que xa chegan a un punto de manipular que xa non sei se é que ten que intentar conseguir cita no especialista para a vista ou que. (*Aplausos.*)

En todo caso, deixémolo aquí, non vou entrar a falar dos gobernos de Santiago de Compostela dos que vostede participou, porque non me daría para facer o balance. De momento...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Respecten a rolda de palabra, ¡por favor!

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: De momento, aínda non detiveron a alcaldesa de Santiago por corrupción, ¿non? (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Ah!

Imos continuar cando me deixe o Partido Popular. Espero que me teña en conta isto para o tempo, señora Candia.

En todo caso, presentamos por suposto, señor Corgos, unha alternativa no ámbito fiscal para pedir máis orzamentos e abrimos un debate que agora ademais vostedes non queren dar, que é que vai haber un problema o ano que vén cando outro goberno teña que facer un orzamento, e grazas a vostedes teñamos a débeda triplicada e ter que pagala, e grazas a vostedes non teñamos un sistema de financiamento renegociado, e grazas a vostedes carrexemos anos sen unha política fiscal decente. E grazas a vostedes que non contestan a volta á senda do déficit que impón o Estado de Europa será unha dificultade pero, efectivamente, aproveitaremos o noso autogoberno e impulsaremos un modelo alternativo.

E tanto vostede como a señora Prado van a *peccata minuta*. Eu, outro ano máis, asumo aquí que desde a oposición, particularmente desde o Bloque Nacionalista Galego, facemos todas as emendas de totalidade fatal; entendo que vostedes as rexeiten. Pero se tanto lle gusta algunha das nosas propostas, como esa que mencionaba do Pacto de violencia machista, pois agora iniciamos a partir de mañá o trámite das emendas parciais. Se é cuestión de que a nosa técnica orzamentaria nun debate tan limitado deste tipo, que non serei eu devota do Tribunal Constitucional, pero ata o propio Tribunal Constitucional ten doutrina respecto de que son debates de ámbito político e, polo tanto, as cuestións de forma son menores, pois imos ao trámite das emendas parciais e se hai algunha cuestión que lles parece idónea poden vostedes facer algo histórico e por primeira vez en catorce anos transaccionar e negociar unha emenda con algún partido da oposición.

Pero a cuestión non é esa, señor Corgos, a cuestión é que vostedes se escudan na forma para tapar un debate político. E ten ademais inri que nos digan vostedes que non cumpren as recomendacións do Consello de Contas de facer informes e fundamentacións das súas medidas fiscais e que nos pidan que nós para unha humilde de emenda de devolución fagamos o mesmo. En todo caso, esmerarémonos no trámite de emendas parciais en convencelos de que é posible.

Quería finalmente apuntar outras dúas cuestións brevemente respecto dos orzamentos. Falaba vostede, por exemplo, da cuestión do I+D+I, que volvíamos insistir. A min non me dá



tempo de entrar en todas as cuestións que vostede entrou pero polo menos poño este exemplo. Hoxe pola mañá vostede presumía de ter boa memoria e de que estivo aquí estes anos de goberno e que tiña boa memoria. Pois nós temos boa memoria e temos hemeroteca: vostedes no propio Plan de innovación do ano anterior propuñan para o ano 2020 que ían chegar xa ao 1,7 por cento de produto interior bruto de gasto de I+D+I. Por certo, iso despois de recortalo cando chegaron ao goberno porque estiveron durante anos...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...con menos investimento do que había cando vostedes chegaron ao goberno. No seguinte plan xa directamente quitaron a cifra, porque xa lles debía dar un pouco de vergonza, e nin sequera iso cumpren no día de hoxe. Polo tanto, o seu fracaso é en aposta económica porque non apostan pola innovación, aproban o propio Plan galego de innovación, no último exercicio económico minoraron as contías con modificacións orzamentarias e despois non se executaron. É que en total non executaron nin a metade do plan conforme o orzamento inicial. Polo tanto, é o retrato dun goberno que non se compromete coa innovación.

E como este teríamos moitos outros exemplos que seguiremos degraendo nos seguintes debates. Porque, ao final, o de hoxe é efectivamente un debate entre dous modelos, dous modelos que —como dicía ao comezo da miña anterior intervención— os orzamentos son decisións políticas e económicas. E neste debate hoxe pola mañá e agora vimos dous modelos contrapostos: o seu, que busca favorecer...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...unha minoría económica e os grandes e os grandes intereses do Ibex 35, e o do Bloque Nacionalista Galego, do lado das maiorías sociais e facer que este país teña futuro.

En todo caso, seguiremos insistindo nas próximas semanas demostrando que é posible, que é posible unha Galiza en grande, a Galiza que vén e que será tarde ou cedo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Rolda de peche pola Xunta de Galicia. Novamente ten a palabra o señor conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, presidenta.

Señorías, rematamos esta tarde completa de debate non sen antes facer algunhas apreciacións do xa comentado, sen acritude. É un debate de ideas e de modelos, como dicía a señora Presas, pero, sen dúbida, non podemos deixar de dicir o que é claro, evidente e palmario: o



acordo que vostedes traen como un gran logro implica endebedar os galegos en 593 euros per cápita máis. E se queren indícolles —porque fixemos o traballo— a quen lle quita e a quen lle dá cartos este acordo: a Cataluña quítalle a cada catalán 1.053 euros; a Castela-A Mancha, 294 euros; a Cantabria, 252 euros; e a cada galego, 593 euros máis de débeda lle tocan polo seu acordo, señorías. Entón, hai que saber un pouco do que se está a falar, de cales son as consecuencias do que se pacta. *(Aplausos.)*

As dúas voceiras referíronse ao encorsetamento do debate; non sei de que encorsetamento falamos. E se deixamos que se fagan propostas á custa de inzar os ingresos tributarios en máis de douscentos millóns de euros, ¿que limitación teñen? Non teñen ningunha limitación para formular incrementos tributarios que financien as súas propostas. É máis: pola banda do gasto tamén, resulta que se empregan partidas que fan un fraco favor á transparencia do debate orzamentario, porque eliminan partidas e non recollen cal é a natureza do gasto co que están a financiar as súas propostas.

Como xa dicía antes, só aparece na parte bonita, onde incrementa a súa proposta de gasto, pero non informan sobre o custo de oportunidade das súas actuacións. Aparece unha relación de partidas que cede números, pero non se indica ao concreto o gasto. De forma que un cidadán que non sexa experto en orzamentos non sabe cal é a súa proposta financeira.

Sinalaba tamén, agora que está falando, señora Rodríguez Rumbo, do mecanismo de recuperación e resiliencia. Eu falei —e creo que o expliquei bastante ben— que nun programa plurianual que remata ata o ano 2026, o máis acaído é falar das adxudicacións e das licitacións de obras que están en marcha e que os destinatarios das mesmas saben a que aterse. E nese intre era cando indicaba que no referente ao orzamento actual estamos nun 88 por cento de execución.

Se quere falar de execución, falamos. Se comparamos adxudicacións fase D, o 88 por cento no mes de outubro, e non está nese informe, nese informe estará o 80 por cento, o 70 por cento que había en setembro. Se comparamos ese nivel de execución co nivel de execución dos ministerios do Estado, que non aparece en ningún informe. Vostede, grazas á nosa transparencia, pode vir aquí e avaliar a nosa xestión. Nós non podemos facer o mesmo coa Administración do señor Sánchez, señora Rodríguez Rumbo, porque non está publicado en ningures a execución orzamentaria consolidada da Administración xeral do Estado. Só aparecen os ministerios, e dentro dos ministerios están as transferencias ás comunidades autónomas. E se un ministerio remite tres mil millóns de euros a unha comunidade autónoma ou a varias, ¿xa me dirá se iso é significativo de que chegaron eses cartos á cidadanía ou non? Non, evidentemente.

Pois se falamos dunha análise da execución consolidada deducindo esas transferencias, a execución do Estado en termos de adxudicacións, falamos de adxudicacións —xa lle expliquei unha vez no debate orzamentario que non se poden sumar pupitres con cristais, hai que sumar pupitres con pupitres ou cristais con cristais—. Se falamos de adxudicacións, en setembro do ano 2023, o nivel do Estado era o 28,5 por cento, fronte ao 69 por cento en setembro do 2023 da Xunta de Galicia, agora o 88 por cento, o do Estado era o 28,5 por cento.



Se quere que falemos do *cash*, de gasto executado e pagado, o nivel do Estado é un 13 por cento fronte ao 35,4 por cento que aparece nesa estatística que ten vostede mesma. Polo tanto, mire por onde o mire, estamos no dobre de execución que a Administración xeral do Estado e que a eficaz execución do señor Sánchez. (*Aplausos.*)

Polo tanto, non se axusta á realidade, e penso que nestes termos —igual que no sistema de financiamento— en determinados aspectos básicos, deberíamos chegar a un consenso do que é a execución para poder reclamar á Administración do Estado o que é o mellor para a Comunidade Autónoma.

Outra cousa que non se axusta á realidade e que di continuamente é que só se financian obras para as corporacións locais do mesmo goberno que o da Xunta de Galicia. E eu falando agora coa conselleira de Infraestruturas, enumerábame diferentes obras de Augas de Galicia, de millóns de euros cada unha, que están financiando en Foz, Burela, Viveiro, Pontedeume, Cee, Carballo, (*Murmurios.*) ou sexa, todo en gobernos do PP, como é claro e evidente tamén.

Por tanto, menten directamente cando din esas cousas, e non é bo mentir en aras de ser un pouco serios neste parlamento da Comunidade Autónoma; non se merecen os cidadáns que formulen ese tipo de afirmacións falsas, incompletas ou inexactas. Polo menos con ese grao de inexactitude tan grande, por chamalo así de forma suave.

Rematamos este debate, señorías, amplo, no que tivemos ocasión de poder contrastar propostas, opinións e suxestións, algo que —tal e como dixen pola mañá— coido que sempre é moi positivo, aínda que non poidamos aceptar as súas emendas polas razóns que xa expliquei. Por iso non quero que pensen que no Goberno galego non valoramos o que propoñen os grupos da oposición. Claro que analizamos con detalle todas as súas formulacións, pero unha vez analizadas seguimos defendendo o noso modelo orzamentario, pois consideramos que cando executamos estamos a contribuír a mellorar o benestar dos galegos e das galegas. Obviamente, ningún goberno é infalible, pero o que trato de explicar é que non nos resulta posible aceptar certas propostas porque suporía ter que renunciar ao noso modelo orzamentario. Aínda así, sempre hai marxe para poder chegar a acordos e enriquecer o texto orzamentario, pero sen introducir unha proposta que supoña ter que eliminar outra que nós consideramos prioritaria ou máis necesaria.

Señorías, cando debatemos estas emendas constatamos que unha das grandes dificultades para acordar con vostedes é o modelo de política fiscal. Non hai orzamento, dá igual cal sexa a conxuntura, sexa máis positiva ou é máis negativa, que non propoñan subirlles os impostos aos galegos. Como acabamos de ver, este ano máis de douscentos millóns de euros nun só ano. ¿De verdade consideran que os cidadáns e as empresas de Galicia merecen que cada ano lles fósemos incrementando a súa carga fiscal?

O Bloque Nacionalista Galego e o PSdeG só coinciden nunha cousa: en querer subir os impostos, porque logo os modelos de incremento tamén son ben diferentes. Dende o Goberno galego cremos o contrario, que se pode e debe tomar medidas de alivio fiscal, sobre todo cando no Goberno central, con Pedro Sánchez á cabeza, cada ano fan o contrario: subir os impostos a todos os galegos e as galegas. Cada ano buscamos á hora de elaborar un orza-



mento —orçamento do vindeiro exercicio— deixar nas mans das familias e das empresas recursos para que sexan eles os que decidan o destino dos mesmos segundo as súas necesidades, en especial neste contexto de altos prezos.

Señorías, para o vindeiro ano contaremos con máis recursos ca nunca, que xestionaremos con rigor para aproveitar cada euro no máximo beneficio da cidadanía.

Remato xa agradecendo de novo as intervencións de todos os voceiros e voceiras —das voceiras, neste caso— tanto no debate da mañá como no desta tarde, desexando un bo traballo parlamentario na tramitación destas contas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Corgo.

Votación das emendas á totalidade do grupo II, que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematado o debate, procedemos seguidamente á votación das emendas debatidas do grupo II de xeito acumulado por grupo parlamentario, tanto as que modifican a contía global dos orzamentos como as que transfiren créditos entre seccións.

Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Votación conxunta das emendas do grupo II, que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións, do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Procedemos a votar as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación conxunta das emendas do grupo II, que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.



A señora PRESIDENTA (Candia López): Rexeitadas as emendas á totalidade e fixada a contía global dos estados de gasto e de ingresos, dáse traslado deste proxecto de lei á Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Orzamentos, para proseguir a súa tramitación, de conformidade co disposto no artigo 114.4 do Regulamento da Cámara.

E continuamos coa orde do día, para o debate e a votación do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

A señora PRESIDENTA (Candia López): A este proxecto de lei presentáronse as seguintes emendas á totalidade de devolución: unha do Grupo Parlamentario dos Socialistas, documento número 61998, e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, documento número 62028.

Para presentar o proxecto de lei ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos, por un tempo de quince minutos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Xa queda pouco, ánimo! (*Risos.*)

Moitas grazas, presidenta.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Espere un momento mentres me conectan para regular o tempo. (*Pausa.*) Pode comezar.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Decía que moitas grazas, presidenta.

Boa tarde de novo, señorías.

Intervño de novo neste pleno para presentar o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o vindeiro ano 2024, unha norma que complementa o Proxecto de lei de orzamentos para o vindeiro exercicio, tamén actualmente en tramitación parlamentaria e sobre o que acabamos de debater.

Permítanme unha breve exposición sobre os motivos deste proxecto, que se xustifica porque os orzamentos requiren para a súa completa aplicación da adopción de diferentes medidas administrativas e doutra índole. Unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo, que pola súa natureza deben adoptar rango de lei e que como precisou o Tribunal Constitucional non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos xerais, senón en leis específicas. Desta forma, o debate doutrinal acerca da natureza das chamadas «leis de acompañamento» foi resolto polo Tribunal Constitucional, que as configurou como leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa da que goza o lexislador e que permiten unha mellor e máis eficaz consecución do programa do goberno nos distintos eidos da súa acción.



Dende esta perspectiva, o obxectivo é o habitual: acadar unha maior eficacia e eficiencia cun conxunto de medidas en diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúen á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola Comunidade Autónoma a través da execución orzamentaria.

Entre as medidas que se inclúen neste proxecto de lei, quixera salientar as que buscan establecer dúas novas rebaixas fiscais para a compra de vivenda e automóbiles, xa ben descritas polo miúdo; ampliar a aplicación dos permisos dos empregados públicos polo falecemento de familiares de primeiro e segundo grao; ampliar a definición de aproveitamento forestal engadindo as resinas, o carbono e as fibras naturais e outros servizos ecosistémicos dos montes; considerar o taxi como un servizo público de interese xeral e aclarar a definición de servizos urbanos para incluír tamén os vehículos de alugueiro con motor; mellorar a atención ás persoas en situación de dependencia; autorizar acordos para proxectos de investigación xenómica para dar cobertura ao Proxecto Xenoma de Galicia; constituír a Oficina Económica como unha porta de entrada única para que as empresas reciban asesoramento e acompañamento para a posta en marcha das súas iniciativas; e declarar de interese público superior os proxectos eólicos conforme a regulamentación europea e a directiva comunitaria.

En canto á estrutura da lei, esta divídese en dous títulos: o primeiro dedicado a medidas fiscais e o segundo dedicado a medidas de carácter administrativo.

O título primeiro, relativo ás medidas fiscais, está dividido á súa vez en dous capítulos. O capítulo primeiro introduce as medidas en materia de tributos cedidos. No referido ao IRPF, tomamos varias decisións para seguir a reducir e redistribuír a carga tributaria. Introdúcese unha corrección técnica con efectos do 1 de xaneiro do 2023, na dedución aprobada de douscentos cincuenta euros para os contribuíntes con dous fillos, que se equipara así á de familias numerosas. Deste xeito, increméntase a actual dedución aplicable ás familias numerosas, de xeito que a partir da terceira filla ou fillo a dedución aumenta en douscentos cincuenta euros por cada filla ou fillo. Ademais, modifícase a dedución para acollemento, para beneficiar as familias acolledoras, en tanto familias de especial consideración, para que sexa de aplicación a cantidade de trescentos euros, con independencia da duración do acollemento, e contribuír así a aumentar o número de familias acolledoras.

No imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, redúcese nun punto porcentual o tipo de gravame xeral na súa modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, de xeito que as operacións gravadas ao 9 por cento pasen a tributar ao 8 por cento a partir do 1 de xaneiro do ano 2024.

Ademais, mantéñense todos os tipos bonificados, que chegan a non ter que pagar nada para colectivos prioritarios que mercan a súa vivenda en zonas pouco poboadas, como xa expliquei abondo ao longo do día. Búscase favorecer a reactivación económica e axudar a revertir a atonía que se está a producir no mercado inmobiliario polo endurecemento das condicións financeiras no acceso ao crédito.

Ademais, neste imposto, e co obxectivo de axudar as familias na adquisición de vehículos usados nun momento inflacionista, nos que os tipos de xuro para o acceso ao crédito son



altos e están a subir os prezos, báixase o tipo para a súa adquisición do 8 por cento ao 3 por cento, agás os que tributan por cota fixa, que son os máis antigos.

E como medida de apoio á promoción da conservación do medio ambiente, en liña coa liña política marcada pola Xunta e de apoio á mobilidade sostible, apróbase o tipo do cero por cento para vehículos clasificados no rexistro de vehículos con categoría ambiental «cero emisións». As relativas a bicicletas, bicicletas de pedais con pedaleo asistido e vehículos de mobilidade persoal tamén.

Por outra banda, para os efectos do imposto de sucesións e doazóns, equipáranse ao patrimonio as unións estables que cumpren cos requisitos previstos na Lei de dereito civil de Galicia e están inscritas no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia. Nesta lei modifícase este precepto para aplicalo tamén ao imposto de transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados, e amplíase ás que estean inscritas en calquera outro rexistro público análogo doutras administracións públicas de estados membros da Unión Europea, de estados integrantes do espazo económico europeo ou de terceiros países.

No capítulo II, relativo aos tributos propios, este capítulo só está integrado por un precepto sobre as taxas. Por unha banda, establécese que os tipos das taxas de contía fixa non experimentarán ningunha actualización respecto das contías exixibles no momento da entrada en vigor desta lei. E, por outra banda, introdúcese diversas modificacións na Lei de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, consistentes tanto na creación de novas taxas como na modificación ou a eliminación doutras xa vixentes.

Permítanme agora referirme ao título II, relativo ás medidas administrativas. En materia de emprego público trasponse a modificación do Estatuto básico do empregado público, ampliando a aplicación dos permisos por falecemento de familiares de primeiro e segundo grao.

Por outra banda, ampliáanse a 2024 as medidas tomadas durante a covid en listas de contratación temporal pola escaseza de determinados perfís de persoal sanitario. Así, poderase recorrer ao Servizo Público de Emprego, ás persoas penalizadas e ás inscritas nas listas do ano en curso ou sen necesidade de que estean publicadas, evidentemente, cando as listas normais estean esgotadas. Ademais, ábrese a posibilidade de incluír nas convocatorias de procesos selectivos as prazas que se prevé que van quedar vacantes por xubilación nos dous anos seguintes, co fin de que o persoal que se xubila poida ser relevado por novo persoal que supera as oposicións ao mesmo tempo.

En materia de medio rural introdúcese varios cambios normativos. Na Lei de montes amplíase a definición de «aproveitamento forestal», engadindo as resinas, o carbono e as fibras naturais e mais outros servizos ecosistémicos. Regúlase a xestión dos montes privados, non só polas persoas propietarias, senón tamén polos titulares dos seus dereitos de aproveitamento, para adecuar a redacción da lei á realidade da súa xestión, e permítese que os propietarios dun monte cunha superficie inferior a vinte e cinco hectáreas o poidan dotar dun proxecto de ordenación e non só dun documento simple de xestión. Acádase así unha maior garantía da aplicación da norma, dotando esta materia da necesaria seguridade xurídica, evitando interpretacións incorrectas da norma por parte da cidadanía.



Por outra banda, o crecente volume de probas e de eventos deportivos de todo tipo que se desenvolven nos montes fai conveniente incorporar unha diferenciación entre aqueles eventos que seguen sometidos a autorización polo seu posible impacto no monte e nas súas infraestruturas ou na prevención de incendios daqueles outros nos que se considera suficiente unha comunicación consistente na presentación dunha declaración responsable por parte do promotor, antes da celebración da correspondente proba.

Refórmase así mesmo a Lei do Consello Agrario Galego, modificando a súa composición para dar cabida ás asociacións con maior representatividade no conxunto do sector primario galego.

En materia de infraestruturas, augas e transporte modifícase a Lei de estradas, para eximir das acometidas dos servizos dos particulares do prazo máximo para as autorizacións en dominio público viario. Así, xa non será necesario pedir a renovación periódica destas autorizacións, que se outorgaban cun prazo máximo de dez anos.

Modifícase a Lei sobre os servizos de transporte de viaxeiros en vehículos de turismo, para considerar o taxi como un servizo público de interese xeral e aclarar a definición de servizos urbanos para incluír tamén os VTC, vehículos de alugueiro con condutor; neste senso, permitindo á Dirección Xeral de Mobilidade establecer índices aos límites para a concesión de novas autorizacións VTC. Igualmente, clarifícase a competencia dos concellos para utilizar servizos urbanos VTC con licenza nacional, seguindo as súas ordenanzas e no marco da normativa autonómica.

Na Lei do Plan de transportes flexibilízase e aclárase a regulación dos convenios relativos ao transporte, e para unha xestión máis eficiente das débedas relacionadas coas tarifas e compensacións, permitindo a formalización de convenios con prazos iniciais de ata dez anos, similares aos das concesións, e aclarando a tramitación e as obrigas por parte dos concellos en relación coas bonificacións, as tarifas de transporte e os servizos de interese municipal, facilitando a súa fiscalización.

En materia de mar elimínanse as diferenzas no cálculo do valor do solo nas instalacións básicas da actividade portuaria, eximindo o usuario do incremento de custos de execución da obra, derivados de cuestións alleas á funcionalidade do edificio.

En materia de política social adáptase a normativa autonómica aos cambios nas prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, que incrementan a intensidade e as horas de servizo de axuda no fogar. Isto supón unha mellora na atención ás persoas en situación de dependencia.

En materia de sanidade modifícase a Lei de saúde para autorizar a celebración de acordos con outras entidades, para proxectos de investigación en materia xenómica, liderados pola Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica. Isto dará cobertura ao Proxecto Xenoma Galicia.

En materia de economía e industria constitúese a Oficina Económica como unha porta de entrada única para as empresas, que recibirán asesoramento e acompañamento para a posta



en marcha das iniciativas empresariais, cunha renovación dixital para favorecer a comunicación e o apoio ás empresas.

Créase a Mesa Empresa e Innovación, para achegar o ecosistema da innovación ao tecido produtivo e mellorar a competitividade empresarial, como órgano de participación, consulta e proposta dos representantes do sector público, privado e dos axentes sociais no eido empresarial. Tamén servirá de órgano de asesoramento e consulta á Administración galega.

Mellórase a planificación da política industrial con plans directores aos sectores industriais e axilízanse os proxectos dende dúas vertentes: a redución da burocracia para reducir os prazos de implantación e a potenciación da figura dos proxectos industriais estratéxicos. A isto hai que sumar a potenciación da Estratexia de seguridade industrial, para prever e limitar os riscos asociados á seguridade das instalacións que afecten as persoas, bens e con-tornas.

E declararanse bens de interese público superior os proxectos eólicos consonte a regulamentación europea e a directiva comunitaria deste ano. Esta declaración non supón ningún tipo de menoscabo das garantías de protección ambiental, xa que non implica a modificación na tramitación dos proxectos eólicos na comunidade autónoma, que terán que seguir someténdose á avaliación ambiental e á consulta de información pública. Hai que ter en conta que nun momento de carestía enerxética, as enerxías renovables contribúen á saúde e á seguridade públicas, e teñen un importante impacto na factura da enerxía eléctrica, reducindo o seu prezo tanto para as familias como para o tecido industrial.

Señorías, remato xa reiterando que as principais medidas incluídas neste proxecto de lei pretenden establecer dúas novas rebaixas fiscais para a compra de vivendas e de automóbiles de segunda man; ampliar a aplicación dos permisos dos empregados públicos polo falecemento de familiares de primeiro e segundo grao; ampliar a definición de aproveitamento forestal, engadindo as resinas, o carbono e as fibras naturais e mais outros servizos ecosistémicos dos montes; considerar o taxi como servizo público de interese xeral e definir os servizos urbanos para incluír tamén os vehículos de alugueiro con condutor; mellorar a atención ás persoas en situación de dependencia; autorizar acordos para proxectos de investigación xenómica, para dar cobertura ao Proxecto Xenoma Galicia; constituír a Oficina Económica como unha porta de entrada única, para que as empresas reciban asesoramento e acompañamento para a posta en marcha das súas iniciativas; e, finalmente, declarar de interese público superior os proxectos eólicos consonte a regulamentación europea e a directiva comunitaria.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Corgos.

Rolda de defensa das emendas á totalidade e de posicionamento respecto do proxecto de lei.

En primeiro lugar, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra don Gonzalo Caballero.



O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Os orzamentos que presenta o Goberno da Xunta de Galicia para a Comunidade Autónoma galega do ano 2024 son unha oportunidade perdida, son un prólogo dunha etapa na que teñen que cambiar as cousas e son o epílogo dun tempo no que non mudaron os impulsos que dende o Goberno autonómico se puideron e se poden facer para apoiar as galegas e os galegos. Retiren o Proxecto de lei de orzamentos e retiren tamén o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Os socialistas temos un modelo distinto, non respaldamos este Proxecto de orzamentos e consecuentemente, como vou degraer, non respaldamos o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Non podemos apoiar esta Lei de acompañamento nin pola forma nin polo fondo. Pola forma, porque perde calidade lexislativa e porque perde democracia a sociedade galega. Vostedes fan un uso abusivo da Lei de acompañamento. Eu quería preguntarlle ao conselleiro que está aquí presente —que repase aquí nas actas deste salón de plenos— cantas veces e en que medidas o tan deostado pola dereita Goberno progresista liderado por Emilio Pérez Touriño usou o Proxecto de lei de acompañamento. Non sei se os máis veteranos da Cámara —non está hoxe o presidente, ao que lle desexamos unha pronta recuperación— o poderían testemuñar, pero os que saiban poden dicir cantas veces foi usada esa Lei de acompañamento polo Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño. Porque se vostedes fan unha defensa do Estatuto de autonomía e da importancia que ten o Parlamento á hora de poder someter as leis a debate, a participación, a proxecto público, a sometemento a informes, defenderán a calidade da nosa lexislación e non o retroceso.

E non podemos tampouco apoiar esta lei polas cuestións de fondo, porque a Lei de medidas fiscais e administrativas que trae hoxe aquí o Partido Popular implica regresividade fiscal, implica unha falla e un fracaso no modelo económico, industrial e enerxético, implica falla de compromiso coas políticas sociais, implica malas medidas para a administración e implica medidas para favorecer entidades próximas ao Partido Popular.

E mentres tanto as galegas e os galegos esperan por un Goberno da Xunta e por un presidente que está ausente á hora de tomar as medidas que eles necesitan. Porque vostedes saben que a inflación marca o tempo económico no que vivimos, que cando lles preguntamos aos galegos e ás galegas cales son os seus principais problemas, respóndenos que, en primeiro lugar, a inflación; en segundo, a calidade do emprego; en terceiro, o paro; en cuarto, a sanidade; en quinto, a falla de tecido industrial. E nin estes orzamentos nin esta Lei de medidas de acompañamento dan respostas aos problemas que teñen os galegos e as galegas.

Non as dan tampouco para as empresas en crise. Vostedes non falan de competitividade, non falan de produtividade, non atallan os problemas que ten en todos os indicadores a economía galega cando falamos a nivel europeo en comparanza con outras rexións europeas.



Non hai modelo industrial, non hai impulso do I+D+I para o futuro de Galicia, e perdemos peso e perdemos forza.

Xa sei que melloramos os niveis relativos nos últimos tempos, pero sigo sabendo que temos un nivel de aposta polo I+D+I que está por debaixo do que se lle pode exixir a calquera comunidade autónoma. E a dereita en Galicia leva gobernando xa trinta e seis anos dende a autonomía de Galicia; son vostedes xa responsables daquilo que non está ben feito.

E, por certo, Galicia non é unha illa, Galicia é parte dun proxecto, dun conxunto que permite que cando vai ben a política económica en España, aquí vaian ben moitas cousas, pero non hai medidas do Partido Popular para impulsar ese tempo. Non as hai tampouco no ámbito social nin nas políticas sociais. Aínda non quixeron vostedes devolver a gratuidade dos libros de texto. Hoxe poderían traelo aquí nesa Lei de acompañamento que vostedes tanto gustan de usar. Traian ao Parlamento de Galicia unha reforma lexislativa para blindar o dereito dos nenos e das nenas de Galicia a teren os libros de texto gratuítos, como había en Galicia ata que chegou o señor Feijóo. E como, por certo, se fai no Concello de Vigo a través dun cheque para cada alumno ou alumna de douscentos cincuenta euros ao longo do curso pasado, e tamén neste curso.

Esa é a diferenza, si, señores do Partido Popular, entre o que é facer política para a xente e utilizar a lexislación para blindar dereitos, e o que é non tela. Porque seguen sen ter garantías en sustentabilidade, na Galicia verde ou avances en igualdade ou en desenvolvemento rural.

Non acertan nos orzamentos e non acertan na Lei de acompañamento. Nós non respaldamos este proxecto de lei. Rexeitamos o seu modelo fiscal, rexeitamos o uso abusivo desta lexislación.

Vostedes incorporan neste proxecto a modificación de moitas leis, máis de trinta leis, unha ducia de decretos e decretos lexislativos, unha lexislación ómnibus; un caixón de xastre que intentan colar pola porta de atrás, cambiando a lei sen ter proxecto nin rumbo para as galegas e para os galegos. Si, señores do Partido Popular, unha vez máis veñen a esta cámara zarandear o marco normativo e modificar cerca de medio centenar de normas, leis e decretos, a facelo con présas, porque os prazos son distintos, sen exposición pública, sen debate detallado no Parlamento de Galicia, sen os informes pertinentes e, por certo, sen o ditame do Consello Económico e Social, cando na propia Lei de acompañamento vostedes lexislan e titulan temas que afectan medidas industriais e económicas, e iso é competencia do CES, se respectan tamén a autonomía galega. Isto é unha barbaridade lexislativa, unha vez máis, un abuso da maioría parlamentaria do Partido Popular, de *tapadillo*, pola porta de atrás.

Foxen do debate detallado, da participación pública, e foxen tamén dos ditames. Utilizan a lexislación do Tribunal Constitucional, que tamén especifica que non pode haber abuso desa lexislación nunha lei que é para acompañar os orzamentos e non para lexislar todo aquilo que vostedes non queren facer ao longo dos períodos de sesións.

Hoxe veñen aquí lexislar e cambiar en materia de sanidade, de política social, de emprego público, de comercio e consumo, de economía e de industria, de medio ambiente, de medio



rural, de infraestruturas, de patrimonio cultural, de augas e transporte, de mar e pesca. Fan vostedes nunha sesión máis cambios lexislativos que en todo o período de sesións e en todo o ano, e fano *de tapadillo* para non dar respostas e non facerse corresponsables do que están facendo.

E claro que temos un modelo distinto. Por iso non podemos respaldar un modelo fiscal que hoxe o conselleiro veu aquí criticar, dicir que o Goberno de España se dedica a plantexar subida de impostos de forma continua. Iso é unha falsidade, señor conselleiro; iso é un cinismo e unha hipocrisía do Partido Popular, que non ten límites. Porque vostede cando inicia a súa intervención sinalando que os orzamentos da Xunta de Galicia son os máis altos da historia de Galicia debería dicir a carón, inmediatamente, que o son porque teñen os fondos que recada o do Goberno de España, mentres vostedes baixan os impostos de patrimonio. Esa é a maior responsabilidade.

E vostedes dinme: ¿e que? ¿Como «¿e que?»? Isto é o que me di o conselleiro, quedamos perplexos. É que o mesmo conselleiro que di que hai que baixar os impostos en España, que hai que recadar menos, di que recibe a Xunta de Galicia máis impostos que nunca a través do Estado, porque non os recada, e non pasa nada. Pero vostede... (*O señor Cobos López-Prado pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Son nosos?, ¿que quere dicir que son nosos? Son recadación do Estado e en función do que recada o Estado repárteos. ¿Como os recada o Estado? A través dos impostos... (*O señor Cobos López-Prado pronuncia palabras que non se perciben.*) Efectivamente, a LOFCA e a PIE. Pero para entender a cuestión, e se non hai impostos, se a tarta é máis pequena porque non se recadan impostos, déixese vostede de facer referencias á LOFCA ou á PIE, porque se a tarta é máis pequena non hai trozos para repartir entre as comunidades autónomas. E para que a tarta no Estado teña fondos para poder repartir, tamén a Comunidade galega, para que o Partido Popular se dedique a repartir cheques en hostalería ou cheques en chándales e en deporte federado, ou cheques en aloxamentos, (*Murmurios.*) ten que recadalo alguén para que vostedes o malgasten sen saber cales son as prioridades para o país.

Esa é a responsabilidade do Partido Popular, que, iso si, non se olvidan de rebaixar o imposto de patrimonio en Galicia. O señor Feijóo no ano 2022 bonificouno no 25 por cento. O señor Rueda, a medida máis importante que tomou ao longo de toda a súa xestión, foi bonificar o imposto de patrimonio ata un 50 por cento; foi moito máis alá de onde se atreveu o señor Feijóo. É dicir, que o señor Rueda colleu o legado do señor Feijóo e tomou clases da señora Ayuso, e por iso rebaixa o imposto de patrimonio máis do que o facía o señor Feijóo, quere gañar pola dereita o señor Rueda ao señor Feijóo.

E, ademais, despois anunciáronnos aquí vostedes —si, o Goberno da Xunta— que había un imposto temporal de solidariedade ás grandes fortunas que era inconstitucional. ¿Acórdase, señor conselleiro? ¿Acórdase o ausente señor Rueda que a Xunta recorrerá ante o Constitucional o imposto de grandes fortunas porque era inconstitucional? Díxoo o presidente da Xunta de Galicia; «era unha clarísima vulneración» —dígoo textualmente—, «un ataque directo á autonomía fiscal». Falou o Tribunal Constitucional e con claridade referendou a posibilidade de legislar e de regular impositivamente esa cuestión alí onde non se facía.



E agora vostedes, en vez de rectificar e baixarse do caixón e de recoñecer que erraron ao afectar o imposto de patrimonio cunha bonificación do 50 por cento, seguen para adiante. É dicir, o señor Feijóo rebaixou o imposto de patrimonio ata un 25 por cento, o señor Rueda rebaixouno ata o 50 por cento.

Cando o Goberno de España decidiu manter unha tributación temporal para as grandes fortunas, o PP dicía que iso era inconstitucional, e o Tribunal Constitucional díxolles que non, que estaban errados, que é constitucional, que se pode legislar. Entón, a prioridade do señor Rueda, en vez de recoñecer o seu interese regresivo na fiscalidade, prefire seguir adiante e levar unha chapuza de medidas seguindo a estela do que quere facer Madrid e do que quere facer Andalucía; exactamente o mesmo nesas prioridades.

Eu quérolle dicir ao Partido Popular que sen xustiza fiscal non hai xustiza social. Vostedes en beneficios fiscais rebáixanlles aos galegos e ás galegas, a través do imposto da renda ás persoas físicas, 33,9 millóns de euros; esa é a estimación que está nos orzamentos. E vostedes en beneficios fiscais reducen a recadación do Goberno da Xunta de Galicia en 34,1 millóns de euros polo imposto de patrimonio. É dicir, reducen 34 millóns de euros de IRPF a 2.700.000 galegos, pero reducen a mesma contía, 34 millóns de euros, aos 7.700 galegos máis ricos que pagan patrimonios. Iso é o que é regalar fiscalmente a autonomía galega: non recadar impostos, dedicarse a criticar a quen manda os fondos, e despois facer unha política de amiguismo fiscal inxusta, indecente, inadmisibile. E o señor Rueda debería estar rectificando hoxe mesmo porque non pode pasar a estar na historia de Galicia como o gran defensor das grandes fortunas, cando a metade das familias galegas non chegan a fin de mes. Cando con eses 34 millóns de euros vostedes son quen de tomar medidas positivas para tantas familias e para tantos colectivos.

E, por certo, —volvo preguntar— despois de escoitalle durante tres meses o ano pasado ao Partido Popular en sesión parlamentaria e en actividade pública de forma continua a relevancia e a importancia que era deflactar os tramos do IRPF para non subir os impostos, ¿toda esa doutrina do Partido Popular do ano pasado xa non existe este ano? O mesmo que dicían o ano pasado como prioridade fundamental e a campaña que montaron contra o Goberno de España e o Ministerio de Economía vostedes tamén dende o Goberno da Xunta, agora nesta Lei de medidas, ¿xa non está?, ¿xa non se actualizan?, ¿non cambian os tramos? ¡Non me xoguen con pequenos cambios de matiz que entendemos do que estamos falando! Xa pasaron dixo; iso si, mantemos o tratamento fiscal que se fai ao chou.

Señor conselleiro, a fiscalidade en España está no 38,3 por cento do PIB, mentres na Unión Europea está no 41,9 por cento. Ese é o Estado que, segundo vostede, se dedica a que soamente quere subir impostos o Goberno de España. Con eses impostos páganse os servizos públicos, con eses impostos lóitase pola igualdade e polo estado do benestar. E, polo tanto, claro que hai que ter un modelo fiscal redistributivo.

Vostedes traen hoxe aquí unha lei que modifica moitas cuestións, algunhas veñen establecidas polo acordo superior. Por exemplo, a Lei de acompañamento inclúe a modificación da Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, para dar cumprimento ao acordado na Comisión Bilateral de Cooperación coa Administración Xeral do Estado e as Co-



munidades Autónomas; algo que se ten que facer por cambios a través das decisións do Goberno do Estado, que atopou debilidades legais nese modelo.

Pero, a partir de aí, vostedes de modelo económico industrial fálannos dunha Oficina Económica única de Galicia, fálannos de novas prioridades industriais, fálannos de quitar competencias dos concellos á hora de dar licenzas. Señores, ¿isto ten que ver na Lei de acompañamento? ¿Non merece Galicia unha proposta industrial seria para tentar revertir os fracasos do Partido Popular despois de catorce anos de gobernos en Galicia entre Feijóo e Rueda?

Ou cando falan do modelo enerxético, ¿é admisible que vostedes, que teñen xa un plantexamento errado do modelo enerxético, na medida en que os tribunais están freando tantas das súas medidas, busquen agora un cambio legislativo para intentar entender que hai problemáticas específicas, porque hai que buscar no avance da transición ecolóxica de acordo á seguridade xurídica e de acordo á cidadanía e ás comunidades locais? A eólica si, a transición ecolóxica é fundamental; pero non vale de calquera maneira, non vale de calquera xeito e non vale metendo pola porta de atrás cambios na lexislación hoxe de cuestións que non teñen que ver cos orzamentos.

Modifican o Consello Agrario de Galicia sen acordos cos sectores para tentar premiar as entidades próximas ao Partido Popular.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Modifican aspectos de inspección en servizos sociais, cando a conselleira tiña que estar abrindo unha comisión de investigación para tratar sobre o que ocorreu na inspección dos servizos públicos.

Polo tanto, porque esta é unha reforma legislativa sen criterio homoxéneo contra a transparencia e a participación, unha técnica legislativa exaxeradamente polo seu carácter impropio e desaxustado máis alá dos orzamentos, con contidos heteroxéneos que non afectan a cuestión destes orzamentos, temos que dicirlle que polo ben de Galicia e para non dilapidar os fondos públicos retiren a lei que implica o Proxecto de lei de orzamentos e retiren tamén este Proxecto de lei de medidas de acompañamento.

Máis nada.

Moitas grazas, señora presidenta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Caballero.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra don Xosé Luís Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Moi boa tarde.



Señor Corgos, señorías do Partido Popular, quero facerlles un anuncio nesta cámara, un anuncio que é un compromiso. Esta vai ser a última vez, —ou mellor dito— a derradeira vez que se vai aprobar de maneira indiscriminada a modificación e a aprobación de leis por un procedemento absolutamente perverso. O BNG desde a presidencia da Xunta non vai utilizar este procedemento torticeiro. (*Aplausos.*)

E xa sei que van dicir —ben, xa o dixo o señor Corgos— que é un procedemento perfectamente legal. ¡Faltaría máis que non fose legal! (*Risos.*) ¡Faltaría máis! O que é, si, é un exercicio de prepotencia, de soberbia e de autoritarismo, señor Corgos.

E vostedes son reincidentes, vostedes ano tras ano utilizan outra vez o mesmo procedemento, dálles igual. Pero, claro, este ano superaron xa todas as marcas, este ano modifican ata trinta e seis leis e once decretos que queren coar pola porta de atrás con cambios absolutamente transcendentais. Por exemplo, en materia de política económica, de política industrial ou de política do sector eólico, señor conselleiro.

E fano sen as máis elementais garantías democráticas. Fano, por exemplo, sen consultar a sociedade. Vostedes só consultan unha parte, a sociedade non a consultan, só consultan a patronal; é a única parte que consultan. Porque a patronal é a que lles dita as leis, e vostedes escriben, son os amanuenses, pero a patronal dálles as leis. E fano ademais sen garantías porque non consultan en temas de altísimo interese desde o punto de vista económico o organismo estatutario para a consulta do Goberno, que é o CES. E a nós non nos estraña que non consulten o CES despois do que lles pasou coa lei esa que lle chaman «de beneficios», que realmente é a lei para beneficiárense uns poucos dos recursos de Galicia.

¿E sabe, señor conselleiro, de que recursos é esta empresa? É dos recursos xudiciais que lle van caer a moreas por todas as trapalladas que están facendo. É que isto xa vén sendo un habitual, os recursos xudiciais; pero por esta lei, polo que fixeron con esta lei, polo feito de presentar publicamente unha sociedade prevista como instrumento nunha lei que non está aprobada, que ten un ditame demoledor, contundente do CES. E vostedes tiran para adiante, intentando aprobar igual e poñer en marcha esa sociedade. E, ademais, o que fan é coller literalmente unha parte importante desa Lei de beneficios e coller os artigos e poñelos na Lei de acompañamento sen ningún rubor.

Porque, ¿para que imos facer unha nova lei se temos a Lei de acompañamento, se non temos que facer a información pública, se non temos que facer a consulta pública, ese trámite tan incordiante de que a xente presente alegacións e diga a súa opinión sobre as leis? ¿Para que facelo? ¿Ou para que pedirle un informe ao CES se se pode facer pola vía rápida aplicando a apisoadora da maioría absoluta do Partido Popular? Isto pode dicir que é legal, pero, desde logo, é unha mostra clarísima de autoritarismo do Partido Popular. (*Aplausos.*)

E dos cambios da proposta fiscal xa se falou abondosamente hoxe, non me vou parar, xa está practicamente todo o dito.

Dos cambios na lexislación eólica si que me gustaría facer unha peza separada máis adiante. Quero centrarme no que semella a visita ao santuario das aparicións da señora Lorenzana,



porque non se pode chamar doutra maneira e pódese resumir ademais dunha maneira moi clara. A señora Lorenzana faille unha emenda á totalidade ao señor Conde con esta proposta que nos traen aquí a debate. Isto non é acompañamento, isto é un divorcio en toda regra e un afastamento absoluto. E realmente o que fan é unha emenda á totalidade de toda a política económica e industrial que viñeron facendo ao longo de todos estes catorce anos, á que, ademais, xa lle fixo unha emenda á totalidade o propio CES, por iso vostedes non queren oír falar do CES ultimamente, cando na memoria do ano 2022 o puxo negro sobre branco. ¿Cantos postos de traballo ou miles de postos de traballo se perderon nos últimos catorce anos gobernando o Partido Popular? Corenta mil postos de traballo. É o que di o CES, non o inventamos nós. É a realidade, señor conselleiro; absolutamente demoledor.

E claro, vostedes agora, visto o visto, parece que recoñece que todo o que anunciaron foi un fiasco e que queren empezar de novo; pero vostedes non están empezando de novo, vostedes levan gobernando catorce anos e son os principais responsábeis desta desfeita industrial que nos deixan como herencia, deste ermo. Xa lle pode botar a culpa ao cha-cha-chá ou ao BNG, pero vostedes son os que levan gobernando catorce anos.

E, claro, agora véñennos con que hai que modificar unha serie de leis que ían facer de Galiza o país das marabillas industriais, que ían crear miles de postos de traballo. Mire, dígolle as que queren modificar: a Lei 2013, do emprendemento; o Decreto lexislativo 2015, de política industrial; a Lei 2017, de fomento da implantación de iniciativas empresariais, tamén coñecida como «lei de depredación», que é o que é, ou a Lei 2021, de simplificación administrativa. Esta é de traca, realmente. Voulle ler a exposición de motivos da Lei de acompañamento de 2024, que di así —deben revisar para outra o que escriben—: «Polo que se refire á Lei 9/2021, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, realízanse diversas modificacións co obxecto de procurar a súa simplificación». É dicir, que dous anos despois vostedes o que fan é unha lei para simplificar a Lei de simplificación administrativa. (*Aplausos.*) Isto é, desde logo... ¡Son uns fenómenos, uns fenómenos...! A Lei de simplificación para simplificar a Lei de simplificación. O Goberno de Pepe Gotera e Otilio, chapuzas a domicilio, porque non ten outro nome. E veñen e póneno, ademais, así, literalmente, na lei.

Miren, voulles poñer algúns exemplos de medidas estrela de todas estas leis, que eran unha marabilla cando as presentaron. Ían crear non sei cantos centos de miles de postos de traballo; iamos chegar ao 20 por cento do emprego industrial no ano de participación da industria, no PIB, no ano 2020 e estamos por debaixo do 16. Tamén o dixo o CES. Miren, pola Lei de emprendemento de 2013 crearon a unidade Galicia Emprende —vostede debía andar por aí, nesa consellería—. Máis tarde, en 2016, a Oficina Doing Bussines, que despois a puxeron nas sucesivas leis que aprobaron. Agora resulta que estes instrumentos maravillosos non serven para nada, elimínanse dun plumazo cunha nova lei de acompañamento e crean outro organismo que se chama a Oficina Económica. É dicir, un cambio de nomes, á fin de conta, pero o que veñen recoñecer é que crearon instrumentos que non serviron literalmente para nada e que hai que crear outros para substituílos; (*Aplausos.*) a «doutrina lorenzana», que foi ao santuario das aparicións e descubriu a nova política económica.

E, claro, resulta que agora, no decreto lexislativo este de 2015 de política industrial puxeron no papel que a Xunta tiña que facer o Plan industrial de Galicia. E ¿que pasou? Que non o fi-



xeron. En oito anos non foron capaces de facer un plan industrial. Entón, ¿que fan agora? Eliminan o Plan industrial. Xa non é necesario facer un plan industrial de Galicia, ímolo substituír nada máis e nada menos por un mapa industrial. O Plan industrial convértese no mapa industrial; é dicir, nun powerpoint ou nunha páxina web onde se poidan ver os proxectos empresariais que están en marcha. Esta é a realidade, ou o que pasa, por exemplo, cos plans sectoriais industriais, que si meten agora no texto pero, curiosamente, non se teñen que acoller ao que aparece previsto na Lei de ordenación do territorio, porque non son plans sectoriais que teñan que ter a tramitación propia da Lei de ordenación do territorio. É dicir, os atallos, para o que interesa, para os nosos amigos. E xa non digo toda a reformulación que fan, por exemplo, dos proxectos industriais estratéxicos, os PIE, das iniciativas empresariais prioritarias, as IEP ou agora xa crean o Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais. Porque, claro, os prioritarios estratéxicos xa non funcionaban; entón, hai que facer un plan de aceleración dos proxectos industriais. E isto é só un exemplo, porque despois vostedes meten outras tropelías na proposta, por iso é absolutamente inaceptable, como, por exemplo, pagarlles medio millóns de euros ás empresas, que son grandísimas empresas e que se forran cos nosos recursos. Se é un proxecto, tarda máis dun ano en tramitarse e, ademais, o expediente para pagar ese millón de euros faino a Xunta de oficio. ¡É que manda truco! Vostedes vanlles pagar medio millón de euros ás empresas se os proxectos se atrasan máis dun ano. ¡E que non teñen vergoña! Literalmente, ¡non teñen vergoña! (Aplausos.)

E dise que vostedes lles poñen a alfombra vermella ás grandes empresas que espolian os nosos recursos. Pois eu o que digo é que vostedes, o Goberno galego, son o felpudo dos grandes *lobbys* económicos; iso é o que son vostedes, o felpudo dos grandes *lobbys* económicos. (Aplausos.) Por non falar xa da invasión de competencias municipais. Porque vostedes — iso xa llelo advertiu..., e tamén, ademais, van ter unha guerra con iso — despois falan de seguridade xurídica e están abrindo fronteiras xurídicas e sentenzas contra as políticas da Xunta por todos os lados. Advertíullelo, neste caso, o organismo municipalista galego, a Fegamp, nun escrito que lles mandaron. Díciánlles que estaban vulnerando a autonomía municipal á hora de dar utilizacións urbanísticas. Porque vostedes o que pretenden é que, se un concello tarda un pouco en tramitar un proxecto destes considerados prioritarios, van permitir que unha empresa de certificación privada substitúa o concello á hora de facer os informes. ¡É que é absolutamente impresentable o que nos traen aquí para aprobación!

Claro, xa despois vén a traca da revisión da normativa eólica. É a décimo terceira vez que queren modificar a Lei do sector eólico claramente ao ditado dos intereses da patronal eólica, que é a que lles ordena o que teñen que facer, como vimos ao longo de todos estes anos. E, ¿para que queren facer isto?, ¿para o interese superior dos proxectos eólicos, que agora xa, na emenda do Partido Popular, os poñen como un presunto interese superior? ¿Para que? Para dúas cousas: para facilitar a tramitación, a aprobación dos proxectos, porque son conscientes de que teñen unha gran resistencia social polo abusivos que son, pero tamén na súa propia base social; sábano vostedes perfectamente. E tamén porque o Tribunal Superior de Xustiza lles parou os pés, e o que están facendo agora é unha infame campaña de acoso aos tribunais de xustiza para intentar intimidalos, (Aplausos.) para intentar cambiar a súa posición, e non o van conseguir.

E, ¿que fan? Modifican a lei expresamente para condicionar a interpretación dos tribunais de xustiza, por exemplo, no que ten que ver cos efectos sinérxicos e acumulativos ou tamén



coa fragmentación dos parques eólicos. Intentan blindar os proxectos para que o Tribunal Superior non poida actuar, e van dados por aí. E xa non digamos toda a simplificación da tramitación dos proxectos, o feito de que non teñan que presentar proxectos de interese autonómico nin proxectos sectoriais e que valla practicamente con presentar un plano do proxecto para tramitar a partir de agora os novos proxectos eólicos. Polo tanto, vese claramente que o seu nivel de servilismo coas portas xiratorias é absolutamente insaciable.

E miren, señor conselleiro, señorías do Partido Popular, en realidade esta Lei de acompañamento é todo un síntoma dun goberno en tempo de desconto, dun goberno esgotado, dun goberno que está co depósito na reserva, dun goberno que avanza ou retrocede, pero dando bandazos, con anuncios desesperados, para aferrarse ao poder, convertido nunha axencia de viaxes. E nesta carreira de ocorrencias da axencia de viaxes da Xunta do Partido Popular calquera día vannos anunciar —non lles quero dar ideas— un convenio co señor Elon Musk para facer viaxes ao espazo, de maneira que a nosa mocidade inicie tamén unha nova carreira, que é a carreira espacial. *(Risos.)* Calquera día, con este nivel de ocorrencias que teñen, vannos presentar algo así.

A realidade é que están nunha deriva moi perigosa, nunha deriva de terra queimada, nunha deriva absolutamente perversa, e son incapaces de defender os intereses de Galiza. Non teñen proxecto de futuro para o país, van coleccionando fracasos e fiascos, como poñen de manifesto nos cambios introducidos nesta lei. É unha lei na que se emendan a plana unha e outra vez, pero iso é algo que veñen facendo habitualmente na Lei de acompañamento, que é a lei da concesión de todos os fracasos en materia económica, enerxética e industrial do Partido Popular.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Bará.

Rolda a favor ou en contra das emendas ou de portavoces, do grupo non emendante, para fixar posicións.

Neste caso, polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra dona Raquel Arias Rodríguez

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Señorías, boa tarde.

Estando aquí esta tarde unha ten a sensación de que está a vivir no Día da Marmota. Fronte a unha exposición por parte do conselleiro clara, propositiva, en positivo, vemos a oposición, unha vez máis, gris, triste, cinza, dun país lúgubre e sen ningún futuro. En fin, é algo que realmente non quixeríamos para ninguén. Están enrocados na crítica, repetindo os mesmos argumentos que dixeron o ano pasado, e o anterior, e o anterior e o anterior, desconectados absolutamente da Galicia real e das necesidades que temos os galegos no día de hoxe. Esa é a oposición que temos, *(Aplausos.)* esa que vén falar aquí como hai quince ou vinte anos, cando a señora Pontón chegou aquí a este hemiciclo.



Miren, é que eles, eles (*A señora Arias Rodríguez sinala coa man os escanos da oposición.*) son o partido do non. De todo o que teña que ver con beneficiar os galegos e as galegas, non. E, desgraciadamente, soubémolo ben estes días cando renunciaron absolutamente a Galicia, tanto o PSOE como o BNG, para favorecer a independentistas prófugos da xustiza, e mesmo corruptos. Calquera cousa con tal de que non gobernase o Partido Popular. Miren, un Partido Popular de Alfonso Rueda que foi quen de presentar os orzamentos máis altos da historia, tamén os máis sociais, con catro de cada cinco euros adicados a políticas sociais, a sanidade, a educación, a traballo... Uns orzamentos que avanza na universalización dos coidados, co investimento en sanidade máis alto da historia e coa continuidade da gratuidade das escolas infantís de 0-3 anos, de todas as escolas. ¡Por favor!, que alguén colla o teléfono, chame a Yolanda Díaz e lle diga que veña algo máis a Galicia, que é unha pena, porque desde que ela marchou pasaron moitas cousas, e unha das cousas que pasou é que aquí as escolas infantís son gratis, ¡todas!, para todos os nenos de 0-3 anos. (*Aplausos.*)

Miren, señorías, por máis que vostedes lle queiran buscar cinco patas ao gato, o gato ten catro, e non hai volta que darlle. A Lei de medidas é unha ferramenta de técnica lexislativa avalada non só pola Asesoría Xurídica da Xunta, senón polo Tribunal Constitucional e que en ningún momento subtrae o debate. De feito, vostedes presentaron o pasado venres emendas que debateremos e que volverán aquí se son de interese. Se son de interese, incluíranse na lei, e non se subtrae ningún debate.

En calquera caso, resulta curioso que vostedes, nestes momentos, teñan a ousadía de falar de transparencia, de seguridade xurídica, de calidade democrática... Están vostedes, señor Caballero, como para falar de «zarandear la lexislación», ¡vamos!, (*Murmurios.*) nun momento en que persoas de todas as idades e de todas as ideoloxías acaban de ateigar as rúas en contra da Lei de amnistía e en contra das desigualdades e agravios que supoñen os pactos que Sánchez asinou para que, perdendo as eleccións, puidese ser igualmente presidente, despois de que todos os sectores profesionais —en especial, a xustiza e os altos funcionarios da Administración— estean a denunciar un ataque sen precedentes á democracia e ao Estado de dereito, e cando o BNG, co único obxectivo de que non gobernase o Partido Popular, acaba de vender os galegos cun pacto como o de hai catro anos —máis pequeniño, pero que dá igual—. Do de hai catro anos, señora Pontón, vostede sabe moi ben que non se cumpriu nada, e neste, pois o mesmo se vai cumprir; puidéronlles poñer vostedes as follas que quixesen. En fin, cando o Partido Socialista presenta, para presidir os galegos, un candidato que negociou que do peto de todos os galegos saísen 600 euros para pagar a débeda doutras comunidades; 15.000 millóns de euros para Cataluña, o mesmo que custaría a sanidade dos galegos durante tres ou quince anos de axuda no fogar. (*Murmurios.*) Ese é o candidato que vostedes presentan. ¡Menudo negociador! ¡Se polo menos conseguise un ministro!, pero nin iso.

En fin, veñen aquí criticar que a Lei de acompañamento non pasase polo CES, sabendo perfectamente —porque vostedes o saben— que ese informe non é preceptivo. Pero o que é máis curioso é que digan vostedes que fixeron caso omiso do informe do Consello Xeral do Poder Xudicial á Lei do «só si é si», a lei máis lesiva para as mulleres de toda a historia, coa que 1.200 agresores sexuais viron reducidas as súas penas; vostedes, que estiveron de acordo en aplicar o novo criterio para o uso das linguas cooficiais no Congreso, cando aínda non



estaba aprobado o regulamento; vostedes, que fraccionaron a contratación dos intérpretes para así poder esquivar a lei; e vostedes, que cambiaron o letrado maior, porque foron buscando ata que toparon un que lles admitise a trámite a Lei da amnistía. (*Murmurios.*)

Miren, señorías, no seu currículo quedará que a vostedes lles parece estupendo que os galegos lles paguemos 15.000 millóns de euros a Cataluña, pero que están en contra de que Galicia lles rebaixe os impostos aos galegos, nun momento de dificultades económicas e que necesitan eses cartos nos seus petos; uns orzamentos nos que o 90 por cento son beneficios fiscais de carácter social, mellorando a dedución para as familias numerosas, esas familias que vostedes querían borrar da lei, pero que, afortunadamente, non lles deu tempo a aprobar; da mesma lei que querían borrar tamén as familias monoparentais.

Somos a primeira comunidade que equipara fiscalmente as familias de dous fillos coas familias numerosas. Amplíanse as deducións fiscais tamén para que todas as familias acolledoras poidan ter esas axudas e así poidamos facilitar o acollemento. Favorecemos tamén con menos impostos a compra de vivenda usada, de xeito que unha familia ou uns mozos novos que queren usar unha vivenda para logo rehabilitar van aforrar, cada 100 euros, 1.000 euros. A vostedes non lle parecerá nada, pero xa lles digo eu, que teño fillos en idade de comprar unha vivenda, que para eles é fundamental. Pero é que, ademais, podería incluso chegar a ser menos ou nada se é en zonas despoboadas. Tamén unha adquisición de vehículos usados que beneficiaría máis de 110.000 persoas, ou a equiparación fiscal tamén das parellas de feito cos matrimonios.

A vostedes todo isto parécelles que é favorecer os ricos. Pois mire, Galicia sitúase como a terceira comunidade con mellores impostos e menos carga impositiva para as rendas de ata 21.000 euros, e vostedes din que iso é favorecer os ricos. Para vostedes ter 21.000 euros é ser ricos. Moi ben, é unha opción. A min paréceme —e a todos os que están nesa situación— que realmente ricos, ricos non son, senón todo o contrario.

E falaba, señor Caballero, dos impostos ás grandes fortunas. Eu non quero furtar ningún debate, teremos tempo de falar diso cando falemos das emendas parciais, pero xa lle digo unha cousa: a nós non nos queda máis remedio que aceptar que nos rouben as competencias; agora, o que non imos aceptar é que tamén nos rouben as carteiras, porque con eses impostos das grandes fortunas hai galegos e galegas que necesitan que os axudemos, e iso é o que imos facer. Non imos deixar que eses cartos vaian para Madrid e acaben sabe Dios onde. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

E, miren, vostedes, si, son moito de espectáculo; de espectáculo fronte ás medidas do Goberno de Alfonso Rueda coas familias galegas. Vostedes xogan á política do espectáculo e de postureo, que é o que mellor se lles dá. Hai anos trouxeron aquí un xurelo, despois trouxeron un litro de leite, no Pleno pasado trouxeron un posto de limoada, hoxe trouxeron unha botella de aceite... Bueno, é unha aportación culinaria interesante aos orzamentos. Pero o que de verdade lles importa ás familias galegas é poder comprar ese xurelo ao que o Goberno non lle quixo rebaixar o IVE; é poder comprar todos eses bens de necesidade, que cada día é máis difícil, e que, dende logo, coa súa política industrial e enerxética, está claro que non van poder comprar. O PSOE e o BNG amosan unha e outra vez unha incomprendible oposi-



ción total ás medidas contempladas na Lei de acompañamento para favorecer a axilización e a implantación empresarial.

A vostedes todo lles parece mal. O señor Bará estivo aquí os quince minutos falando practicamente de que non estaba de acordo con cada unha das medidas que ían na Lei de medidas para mellorar a implantación de empresas e a creación de postos de traballo en Galicia. Iso si, non nos deu nin unha soa liña, nin nos dixo unha soa palabra de cal era o seu modelo empresarial. ¿Cal é o seu modelo empresarial? Porque no acordo de Ana e Adriana poñía que favorecer as electrointensivas; agora xa nin iso aparece. ¡Menos mal!, porque cando o puxeron, Alcoa estaba funcionando e agora ten as cubas apagadas. Ese é o seu modelo empresarial. (Aplausos.) Si, si, si...

Bueno, para o modelo empresarial, o PSOE nin está nin se lle espera, e case mellor. Do modelo enerxético do BNG, si que sabemos algo: sabemos que «eólico si, pero non así». Isto, señorías, é simplemente a resposta dun neno que non fixo os deberes e que non sabe como saír diso. Non teñen ningunha alternativa ao modelo enerxético proposto pola Xunta; un modelo ordenado e respectuoso co medio ambiente. Non lle valen as eólicas, nin as térmicas, nin as centrais hidroeléctricas, a todo se opoñen; a todo o que implique xerar enerxía en Galicia. Pero, señorías, a aposta polas renovables xa non é unha opción, é unha obriga dende o punto de vista medioambiental, económico, de implantación e de pervivencia das empresas, e tamén de apoio ás familias. Deixen de tirar de argumentario, vaian á Galicia real, á Galicia que precisa unha enerxía máis barata para os fogares e para as empresas, competitiva e que respecte o medio ambiente.

E, mire, a Lei de medidas, señor Bará, non menoscaba ningún tipo de control ou garantía sobre os parques eólicos, (*Murmurios.*) nin sobre as garantías ambientais; o único que fai é dar maior seguridade xurídica, adaptar a lexislación galega ao ordenamento comunitario e axilizar trámites.

Pero vostedes, como están en contra de todo, tamén, falando de que hai que protexer o medio ambiente, están en contra do sector forestal e de todo aquilo que supoña crear postos de traballo. Mire, o BNG está en contra do sector forestal; un sector forestal que dá traballo a máis de 25.000 persoas e que representa o 8 por cento do PIB. O ataque máis soado foi cando vostedes querían que marchase Ence, e todos os postos que iso conleva. Pero é que, ademais, criminalizan abertamente —e así o fan na súa proposta de emenda á totalidade— o uso económico de solo rústico. E, mire, se vostedes estivesen un pouquiño máis polo medio rural, se coñecesen un pouco máis o rural, daríanse conta de que aquí a única maneira de preservar os valores culturais e medioambientais é compatibilizar estes valores cunha rendibilidade económica do territorio. É posible, e estase facendo, porque, señorías, o rural non é o parque temático que soña cada noite o BNG, (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) O rural é un territorio cheo de xente formada, innovadora, que aposta polo medio ambiente e que merece o noso apoio e mellores servizos; algo que o Partido Popular si lle está dando, e algo do que o Bloque e o PSOE se olvidaron totalmente. Xa non van polo rural nin de paseo, ¡nin de paseo!

O mesmo modelo de parque temático que teñen para o rural é o modelo que queren tamén para o noso litoral, por iso un dos únicos logros que temos dese señor que se vai presentar



a candidato do PSOE á Xunta de Galicia é conseguir que, en contra do que dicían primeiro os socialistas galegos, pois se presente un recurso sobre a Lei do litoral; un recurso político, que non ten ningunha base xurídica, que se empezou a redactar nada máis chegar a Madrid e sen tempo de lelo, e que recorre, precisamente, todos aqueles artigos que teñen que ver coa creación de emprego. Iso é o rural, ese é o litoral que vostedes queren, absolutamente desertizado, deshumanizado; un rural e un medio ambiente no mar no que non exista a xente.

En fin, voulles dicir —xa para rematar, porque quedo sen tempo—, señorías do BNG e do PSOE, como esa letanía que vostedes din todos os días, unha cousa que penso como galega e que é como creo que pensa a maioría dos galegos: non pode aspirar a presidir un goberno quen, por sectarismo, traballa día tras día para que desas terras marchen empresas, comunicacións, servizos...; non pode presidir Galicia quen vendeu os galegos simplemente para que Sánchez teña unha silla na Moncloa. Porque para calquera político galego defender Galicia é o máis importante, por encima de calquera cousa; se é necesario, por enriba das súas propias siglas. E diso, diso, é do que van...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...os orzamentos que presentou o Goberno de Alfonso Rueda e a Lei de medidas que os acompañan: de favorecer e de mellorar a calidade da vida dos galegos e das galegas, de mellorar a de todos, voten a quen voten, ¡Alá vostedes co seu non a Galicia! Para nós Galicia sempre foi e será o primeiro. E por iso non podemos apoiar as súas emendas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes.

Por tempo de cinco minutos, ten novamente a palabra, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Gonzalo Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señora presidenta.

Eu sinto que a voceira do Partido Popular nos atopase hoxe tan grises, tan tristes, tan cinzos, tan lúgubres. Eu non me atopo identificado cos seus adxectivos. Eu pódolle asegurar que son optimista, que son loitador, ás veces resistente... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), que intento traballar sempre por Galicia. Pero o que lle quero dicir é que as que distorsionan a visión da realidade de Galicia son as verbas dese Partido Popular que lle di non á hora de tomar medidas a unha maioría das familias galegas que non chegan a fin de mes, (*Aplausos.*) a tres de cada catro familias galegas que tiveron que tirar das tarxetas de crédito ou do endebedamento ao inicio do curso escolar, como pode atestiguar o conselleiro de Educación, que está aquí presente; ás familias que teñen dificultades para pagar as hipotecas, á metade das pensionistas galegas e dos pensionistas galegos que están no umbral da pobreza —já metade dos pensionistas galegos!—. Para todos eses vostedes non teñen unha medida. Vos-



tedes si son o Partido do non cando hai que falar de xustiza social, e sen xustiza fiscal non hai xustiza social.

É por iso que nós non podemos ser cómplices das políticas regresivas do Partido Popular, que intentan buscar, a través dun discurso de argumentario —como o que vostede acaba de facer aquí—, non falar de como estes orzamentos son unha oportunidade perdida para os galegos e para as galegas. Se están esperando por vostedes, non hai respostas, mentres un goberno en España si toma medidas.

E eu claro que defendo a xestión da política económica do Goberno de España. Por certo, un goberno lexítimo e legal —¡lexítimo e legal!— decidido no Congreso dos Deputados, nun sistema parlamentario contra o cal vostedes teñen o dereito e o deber de facer oposición, nas sedes parlamentarias e tamén na rúa, se queren, pero é un goberno que conseguiu atallar crises económicas de intensidade, como foi a cuestión que veu marcada pola pandemia, ou pola suba dos prezos, combinando política económica de crecemento con benestar social, cun cinturón de protección social que permitiu que este país tirase adiante. España vai ser o ano que vén o país que máis creza nos contornos da Unión Europea e que teña, ademais, un nivel de inflación das grandes economías máis contido, e aí vai tamén Galicia. E porque Galicia non é unha illa e está dentro desa política económica de España conseguimos remontar tantas situacións complexas. O que estamos vendo xa é que todo o discurso que facía o Partido Popular do éxito de xestión do señor Feijóo en tempos de crise viña derivado simplemente da cuestión de que o virus chegou a Galicia con máis atraso; houbo unha afectación económica pola nosa estrutura de menor intensidade. (*Murmurios.*) Si, señores do Partido Popular, cáelles a careta cando lles din as verdades. Así que eu defendo un goberno lexítimo e un goberno legal, eu defendo a fiscalidade para todos, e non podoo ser cómplice da fiscalidade que quere o Partido Popular.

Presidente da Xunta, señor Rueda, retire a bonificación aos grandes patrimonios de Galicia, deixe de ser o aliado dos galegos e galegas que teñen máis de dous millóns de euros, regalándolles o 50 por cento do que deben pagar polo imposto de patrimonio, e governe para a maioría, porque esa defensa de Galicia que nos dixo a defensora do Partido Popular non é unha defensa que haxa que facer en clave de quen son os que teñen máis fondos, hai que facelo para a xente con máis dificultades, para máis da metade das familias galegas que non chegan a fin de mes, para tantos lugares onde hai no noso país envellecemento en situacións de dificultade, alí onde hai listas de espera en sanidade, onde hai listas de espera nas residencias públicas de maiores e onde o Partido Popular non dá respostas. E, por iso, déixense de poñer un discurso falaz e falen para os galegos e para as galegas.

Eu entendo o que fai o Partido Popular, pero, cando falan de grandes contías, como as que nos di aquí, eu digo que fan ben en defender Galicia e digo que imos defender Galicia en todo o que faga falla. Eu, dende logo, vouno facer, e quero ver como van as cuestións. Pero non se intenten facer os grandes asustados das grandes contías falando de miles de millóns, porque, se queren falar de miles de millóns de euros, aínda o Partido Popular lle debe explicar á cidadanía española que xestión fixo do rescate bancario na crise financeira, que custou 74.000 millóns de euros, cando o señor Rajoy dicía que non ía custar nada para os contribuíntes, e non se recuperou un chavo. Voules explicar a alternativa, o que se fixo en Francia.



O rescate financeiro acabou dando 2.000 millóns de euros máis para o sector público, fronte aos 74.000 millóns de perda que implicou aquí co Goberno do Partido Popular.

Nesta Lei de medidas, da que non nos falou a voceira do Partido Popular, hai unha vez máis unha amálgama heteroxénea de propostas e unhas cuestións sen ningún tipo de necesidade de ser levadas a cabo nunha lei de acompañamento. Se queren falar da política industrial, fagan un plantexamento e fagamos un modelo industrial serio, con políticas de impulso. Se queren falar da transición ecolóxica seria, fágana de forma explícita e non modificando na Lei de acompañamento pola porta de atrás. Son cousas que non teñen que ver cos orzamentos. A propia Lei de acompañamento implica no seu termo, na súa nominación, o que é acompañar as medidas necesarias para levar adiante os orzamentos da Xunta de Galicia. Esta é unha lexislación que implica menos debate, menos prazos...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...menos participación, menos informes e menos calidade xurídica.

Sen dúbida, nós imos seguir defendendo Galicia cuns orzamentos para a xente, en vez de perder unha boa oportunidade.

Moitas grazas, señoras e señores deputados. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten novamente a palabra don Xosé Luís Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señora Arias, pasen páxina, ¡pasen páxina! ¡É que están vostedes aí, ancorados no pasado! Xa pasou a investidura, pasen páxina... *(Aplausos.)* Miren para adiante, deixen de mirar para atrás, que xa saben o que lles pasou; que se converten nunha estatua de sal.

Miren, a vostedes o que lles pasa é que están instalados no extremismo. Vostedes están acompañando do ganchete eses que incendian as rúas. Ese é o momento no que está o Partido Popular. Pasen esa páxina. E, claro, a vostedes o que os irrita profundamente, o que non poden soportar, é ver un BNG construtivo, en positivo, *(Murmurios.)* que é capaz de chegar a acordos, que é o único que fala en Madrid de Galiza. E vímolo no debate de investidura, porque ao señor Feixóo *se le acabó el amor de tanto usarlo*, *(Aplausos.)* nin sequera se preocupou... Si, seica falou co PNV. Algún día contarannos o que lles ofreceron, porque vostedes, moito falar, pero tamén ofrecen. *(Risos.)* E tamén nos contarán os de Junts o que lles ofreceron, *(Murmurios.)* porque xa sabemos o que lle ofreceron e o que lle deron no seu día *al honorable Pujol*. Déronlle... *(Murmurios.)* déronlle... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E tamén sabemos o que lle ofreceu o señor Rajoy ao señor Puigdemont, por certo, 4.200 millóns. É que vostedes, cando queren, se esquecen do pasado.



E si, falaremos da Lei do litoral. Resulta que vostedes se alporizan porque o PNV negocia co PSOE a transferencia do litoral, pero, se a negocia o BNG, tamén apoien o que propón o BNG, o acordo do BNG. (*Aplausos.*) Deixen de poñer paus na *rueda*, señor Rueda, que xa está ben. Apoien as medidas positivas para este país que negocia o BNG, porque defende a Galiza. Nós non defendemos os intereses das grandes empresas, nin o que nos mandan desde Madrid.

Esta Lei de acompañamento é a proba palpable de que vostedes son uns escribentes ao servizo deses grandes poderes económicos, e a proba diso é... Señor Rueda, xa que está aquí, explíqueme unha cousa. Vostede e o señor Conde, en xaneiro, reuníronse coa patronal eólica. Foi unha reunión clandestina, porque non informaron desa reunión. ¿Que acordaron alí? Cóntenos que acordaron. Porque ¿saben o que acordaron? Acordaron o que está escrito na Lei de acompañamento: medidas para favorecer o espolio eólico, (*Aplausos.*) para intentar evitar toda a resistencia social, que non lles queda outra que acudir aos tribunais, porque vostedes, moito falar de seguridade xurídica, pero vostedes crearon a inseguridade xurídica absoluta; moito falar de estabilidade, e o que crearon é inestabilidade e parálise no sector eólico. É a súa responsabilidade.

Vostedes chegaron ao Goberno no 2010 e paralizaron o sector eólico; estivo sete anos paralizado. No 2017 crearon unha lei que creou o caos absoluto, a invasión absoluta, a tramitación de centos de proxectos, e pasou o que pasou. ¿Cal é a situación agora? Non é a culpa do BNG. Quen lle para os proxectos eólicos non é o BNG, quen lle para os proxectos eólicos é o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, (*Aplausos.*) porque son unha auténtica chapuza lexislativa, porque fan as cousas así, como nesta Lei de acompañamento. Ese é o resultado que dá andar cambiando as leis sen ton nin son. Nin sequera vostedes saben o que cambiaron, porque ata cambian, con leis de acompañamento, leis de acompañamento varias veces. Fixeron unha lei exprés para a ordenación do transporte no 2017 e agora cámbiana outra vez. ¡É que son un desastre absoluto en materia normativa!

E miren, claro, que xa teñan o morro —porque non se pode dicir doutra maneira— de vir aquí dicir que o BNG ataca o sector forestal quere dicir que non se enteran de nada. O BNG quere un sector forestal vivo, un sector forestal que estea ao servizo do país e non dunha empresa pasteira concreta á que vostedes serven. ¿E saben por que? Polas portas xiratorias, porque vostedes teñen sentados no Consello de Administración desa empresa unha exministra do Goberno de España, do Partido Popular, e un exconselleiro de Medio Ambiente da Xunta de Galiza, sentado no Consello de Administración, (*Aplausos.*) ¡Como non van servir os intereses desa empresa! É que é branco e en botella.

¿Como se atreven aquí vir falar de Ence? ¿Saben o que nós defendemos? Que Ence saia da ría de Pontevedra. Por certo, como defendeu o señor Rueda e o señor Feijóo durante moitos anos. Despois cambiaron de chaqueta porque lle deron a orde de que había que cambiar. (*Aplausos.*) E o que nós defendemos é que se cumpra o Plan de ordenación do litoral, que o que di literalmente é que ten que saír de aí Ence. ¡É que está aprobado, está en vigor! ¿Ese é o litoral que queren defender vostedes?, que foi vostede, señora Vázquez, a Ence, nada máis e nada menos que asinar a alianza polo clima. É unha empresa que está ocupando o dominio público marítimo-terrestre, e foi alí defender que teñen que ter as competencias do litoral.



Para iso mellor que non as teñan, (*Murmurios.*) para defender auténticos atentados coma ese. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Miren, remato. Estamos nun epílogo, nun goberno que está en tempo de desconto, que aproba parches e improvisación, como estamos vendo neste debate. Afortunadamente, por sorte, Galiza é moito mellor, inmensamente mellor que o Goberno do Partido Popular.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Fronte a esta decadencia e a este desánimo, hai un país novo, en marcha, hai alternativa e hai esperanza.

No BNG imos traballar man con man —como non fan vostedes— coa maioría social, cos sectores máis dinámicos da sociedade, para construír cooperativamente e colectivamente a mellor Galiza; unha Galiza viva, forte, orgullosa de si, unha Galiza científica, feminista, verde e con futuro, a Galiza que vén. (*Murmurios.*)

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Bará.

Rematado o debate, imos proceder á votación conxunta. Infórmolles de que, ao rematar a votación, procederéi a dar lectura a un texto dunha declaración institucional que me achegaron todos os grupos.

Votación das emendas á totalidade, de devolución, presentadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

A señora PRESIDENTA (Candia López): Imos, entón, á votación. Votación conxunta das emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Votamos.

Votación conxunta das emendas á totalidade, de devolución, do G. P. dos Socialistas de Galicia, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



Votamos.

Votación conxunta das emendas á totalidade, de devolución, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rexeitadas as emendas á totalidade, este proxecto de lei continúa o seu trámite parlamentario.

Declaración institucional

A señora PRESIDENTA (Candia López): E, como dicía, con motivo do Día Mundial da Infancia, procedo a dar lectura a un texto consensuado por todos os grupos con representación na Cámara.

«Cando se cumpren trinta e catro anos da aprobación na Asemblea Xeral da ONU da Convención sobre os dereitos do neno, UNICEF Comité Galicia e a Plataforma de Organizacións da Infancia de Galicia animan a conmemorar a celebración do Día Mundial da Infancia destacando os logros acadados, mais tamén lembrando que quedan grandes retos locais e globais que debemos abordar, que nos interpelan a nivel autonómico e local, para que os dereitos da infancia sexan unha realidade. Atopámonos no ecuador da aplicación da Axenda 2030, e é un momento clave para facérmonos unha pregunta crítica: ¿canto nos falta para facermos realidade a visión dun mundo sustentable para todos? Desde unha visión global e máis próxima, non se pode mirar cara a outro lado en cuestións como as cifras de pobreza infantil, os problemas de saúde mental e o fenómeno do acoso e do ciberacoso na sociedade actual.

De igual maneira, non nos poden ser alleos datos como que un de cada tres nenos do mundo carece de acceso a servizos básicos e que un de cada seis vive nunha zona de conflito. Ademais, case a metade da poboación infantil e adolescente vive en países moi expostos aos efectos adversos do cambio climático.

Nunha ollada máis próxima, o indicador AROPE sinala que un de cada catro nenos, nenas e adolescentes que viven en Galicia está en risco de pobreza ou exclusión social. Dentro deles, un dos colectivos infantís en situación de maior vulnerabilidade en Galicia son os preto de dous mil trescentos nenos, nenas e adolescentes que están no Sistema de protección da Xunta, sistema que xorde da obriga que teñen os poderes públicos de protexeren a infancia e de apoiaren, acompañaren e complementaren, se for necesario, a pais e nais nas súas responsabilidades de crianza.

Con motivo do Día Mundial da Infancia, debemos tomar decisións firmes para garantir que, con independencia do lugar onde viva e cal sexa a súa situación socioeconómica, ningún



nenos e ningunha nena quede atrás e que cada un deles poida desenvolver o seu máximo potencial. É por iso polo que nos comprometemos a promover as seguintes accións que favorezan o cumprimento dos seus dereitos: promover un maior e máis eficiente investimento na infancia, avanzando na coordinación e avaliación das políticas e programas e garantindo a dotación adecuada de recursos; seguir impulsando políticas e accións protectoras, priorizando a preservación familiar, para que as nenas, nenos e adolescentes vexan recoñecido o seu dereito a viviren nunha familia, sendo a primeira opción a da súa orixe; apostar polo acollemento familiar como medida fundamental de protección cando non for posible a preservación familiar por non se daren as condicións necesarias, especialmente nos nenos e nenas menores de 6 anos, evitando a súa institucionalización; intensificar os medios e recursos de que dispoñen os organismos públicos e as entidades sociais que velan polo benestar dos nenos, nenas e adolescentes que teñen que medrar sen o abeiro dunha familia; escoitar as preocupacións e necesidades de nenos, nenas e adolescentes, e abordalas dunha maneira transversal na acción política; ter en conta, en todas as decisións tomadas no seo deste Parlamento, os principios reitores da Convención sobre os dereitos do neno, de 1989, cun enfoque especial nos colectivos máis vulnerables. E dentro delas: impulsar recursos de calidade especializados, así como medidas para garantir a promoción, a prevención e a atención á súa saúde mental da infancia e adolescencia; impulsar medidas económicas de apoio á crianza; impulsar políticas de reforzo educativo que garantan o acceso equitativo e efectivo a unha educación de calidade; promover a protección da infancia ante todo tipo de violencia, priorizando medidas preventivas e impulsando mecanismos para lograr contornas protectoras, con recursos suficientes e dun enfoque multidisciplinar; potenciar medidas que melloren o benestar dos nenos, nenas e adolescentes do Sistema de protección; impulsar medidas para asegurar o dereito a un medio ambiente san para a infancia; e, finalmente, reafirmar o compromiso para desprezar accións e conseguir resultados en favor da infancia nun mundo con retos interrelacionados, fortalecendo a cooperación internacional para o desenvolvemento e prestando especial atención ás situacións de emerxencia.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2023». *(Apróbase por asentimento.) (Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Con esta declaración —coido que tan importante— damos por rematada a sesión plenaria de hoxe.

Boa tarde.



Remata a sesión ás sete e vinte minutos do serán.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

| | | | |
|---------------------------------------|-------|--|-------|
| 1. Aira Díaz, María del Carmen | (BNG) | 39. Otero Rodríguez, Patricia | (S) |
| 2. Álvarez Martínez, Luis Manuel | (S) | 40. Pardo López, Adrián | (P) |
| 3. Amigo Díaz, María Encarnación | (P) | 41. Pazos Couñago, José Alberto | (P) |
| 4. Arangüena Fernández, Pablo | (S) | 42. Pérez Domínguez, Fernando | (P) |
| 5. Arias Rodríguez, Raquel | (P) | 43. Pérez Fernández, Rosana | (BNG) |
| 6. Armada Pérez, José Antonio | (P) | 44. Pérez López, Daniel | (BNG) |
| 7. Balseiro Orol, José Manuel | (P) | 45. Pérez López, Noelia | (P) |
| 8. Bará Torres, Xosé Luís | (BNG) | 46. Pomar Tojo, Carmen María | (P) |
| 9. Blanco Paradelo, Moisés | (P) | 47. Pontón Mondelo, Ana | (BNG) |
| 10. Caballero Miguez, Gonzalo | (S) | 48. Porro Martínez, María Corina | (P) |
| 11. Cachafeiro Anta, Belén | (P) | 49. Prado Cores, María Montserrat | (BNG) |
| 12. Calvo Pouso, Diego | (P) | 50. Prado del Río, Paula | (P) |
| 13. Candia López, María Elena | (P) | 51. Prado Patiño, Jesús Miguel | (P) |
| 14. Carballo Páez, Ramón | (P) | 52. Presas Bergantiños, Noa | (BNG) |
| 15. Carreira Pazos, Iria | (BNG) | 53. Queixas Zas, Mercedes | (BNG) |
| 16. Castro García, Daniel | (BNG) | 54. Regueiro Fernández, José Luis | (P) |
| 17. Castro Rey, Paloma | (S) | 55. Ríos Santomé, Paulo | (BNG) |
| 18. Díaz Mouteira, María Sol | (P) | 56. Rivas Cruz, Xosé Luís | (BNG) |
| 19. Díaz Varela, Noa Susana | (S) | 57. Rodil Fernández, Olalla | (BNG) |
| 20. Egerique Mosquera, Teresa | (P) | 58. Rodríguez Carrera, María Felisa | (P) |
| 21. Fernández Alfonzo, Ramón | (BNG) | 59. Rodríguez Conde, Ángel | (P) |
| 22. Fernández Davila, María Cristina | (BNG) | 60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen | (S) |
| 23. Fernández Gómez, Alexandra | (BNG) | 61. Rodríguez Pérez, Moisés | (P) |
| 24. Ferro Iglesias, José Luis | (P) | 62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María | (P) |
| 25. Freire Vázquez, María Begoña | (P) | 63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña | (S) |
| 26. Gallego Sanromán, María Leticia | (S) | 64. Rueda Valenzuela, Alfonso | (P) |
| 27. García Vidal, Ana Belén | (P) | 65. Salido Maroño, María Belén | (P) |
| 28. Gómez Salgado, Carlos | (P) | 66. Santalices Vieira, Miguel Ángel | (P) |
| 29. González Iglesias, María do Carme | (BNG) | 67. Santos Costa, Manuel | (P) |
| 30. López Abella, María Susana | (P) | 68. Sanz Arias, Cristina | (P) |
| 31. López Sánchez, Rosalía | (P) | 69. Seco García, Martín | (S) |
| 32. Lorenzo Gómez, Rubén | (P) | 70. Suárez Sarmiento, María Elena | (P) |
| 33. Lourenzo Moura, Diego | (BNG) | 71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago | (BNG) |
| 34. Mouzo Mas, Paula | (P) | 72. Torrado Quintela, Julio | (S) |
| 35. Murillo Solís, María Guadalupe | (P) | 73. Varela Fernández, Katherinie | (P) |
| 36. Ojea Arias, Eduardo | (S) | 74. Vereá Fraiz, Borja | (P) |
| 37. Ortega Otero, Marina | (S) | 75. Vilela Riveiro, Sandra | (P) |
| 38. Otero Lago, Noelia | (S) | | |





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

